

ACTA NÚM. 1 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 19 DE XANEIRO DE 2017.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:35 horas** do día **19 de xaneiro de 2017**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste a concelleira, Dona Branca Petra Novo Rey.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación se procede das actas correspondentes ás sesións extraordinarias do 30 de novembro de 2016 (núms. 19 e 20).**
- 2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 3. Aprobación inicial da modificación puntual da ordenanza especial OE-5 Galeras do PXOM, no ámbito do antigo hospital.**
- 4. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre medidas para actualizar o inventario de fontes públicas, planificar a súa recuperación e elaborar unha ordenanza sobre a xestión e o uso eficiente da auga.**
- 5. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, para a elaboración dun plan de sendas peonís no territorio municipal.**
- 6. Proposición do grupo municipal do BNG, relativa a mellorar os futuros procedementos de contratación de iluminación de festas.**
- 7. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, para avaliar a idoneidade da creación dunha zona franca-polígono loxístico vencellada ao aeroporto de Lavacolla.**
- 8. Proposición do grupo municipal do BNG, relativa a cobrarlles ás empresas eléctricas as taxas correspondentes a utilización de solo de dominio público nos tendidos de baixa, media ou alta tensión.**
- 9. Dar conta de comparecencias, sentenzas e outras incidencias en recursos contencioso-administrativos.**

10. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.

11. Solicitude do grupo municipal Socialista de comparecencia do Sr. Alcalde.

12. Comparecencia do concelleiro Don Xan Duro Fernández, acordada na sesión plenaria ordinaria do día 15 de decembro de 2016.

13. Rogos e preguntas.

14. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

O Sr. Alcalde, di que se vai dar comezo á sesión plenaria ordinaria convocada para o día de hoxe, e antes de entrar nos asuntos incluídos da orde día, compe gardar un minuto de silencio polas vítimas da violencia machista.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS DO 30 DE NOVIEMBRE DE 2016 (NÚMS. 19 E 20).

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes aproba as actas correspondentes ás sesións plenarias extraordinarias do día 30 de novembro de 2016, núms. 19 e 20.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non comparece a tomar posesión do cargo de concelleiro, Don Antón Barba Pereira.

3. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA ORDENANZA ESPECIAL OE-5 GALERAS DO PXOM, NO ÁMBITO DO ANTIGO HOSPITAL.

Con data 3 de xaneiro de 2017, a xefa de sección de xestión urbanística emitiu en relación ao presente asunto o seguinte informe que trae o conforme do Secretario Xeral do Pleno:

“O proxecto fórmulase pola Sección Municipal de Planeamento a resultados da encomenda efectuada por providencia do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade de data 27 de outubro de 2015.

O ámbito da Modificación correspóndese coa parcela catastral 7081201NH3478A0001EE, propiedade da Universidade de Santiago (USC), ocupada polo edificio do vello Hospital Provincial, na rúa de Galeras.

A Modificación tamén altera as condicións de ordenación da zona verde publica lindante (ZV.G - V-38), prevendo a reserva de aparcadoiro no seu subsolo.

1. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) inclúe a parcela no sistema local de equipamento asistencial (AS-36), e na disposición final 3ª da súa normativa remite a ordenación detallada deste ámbito á *Modificación puntual do PXOU e do PE-1 para a creación da ordenanza especial OE-5 (Galeras-Universidade)*, que foi definitivamente aprobada polo Pleno do Concello de Santiago o 16 de xullo de 2001.

No ámbito da OE-5 aprobáronse definitivamente dous Estudos de detalle, con datas 29 de setembro de 2005 e 28 de xuño de 2012. O primeiro deles afectou á ordenación pormenorizada da parcela 2 (quinteiro edificado na confluencia das rúas Galeras e García Sabell), e o segundo supuxo un reaxuste das aliñacións na parcela IA-21 (Escola de Estomatoloxía).

Na citada ordenanza especial (OE-5) a parcela do antigo Hospital cualifícase como ***equipamento de carácter privado, AS-G***, coas condicións particulares que deseguido se transcriben:

Condicións particulares

Parcela AS.G

A edificación que se consolida é a parte correspondente ao vello Hospital Provincial, tal e como se recolle nos planos de ordenación. Resulta necesario, polo tanto, derrubar as zonas correspondentes aos anexos e engadidos posteriores, e resolver adecuadamente as novas fachadas que resultan da supresión dos volumes que desaparecen.

Manteranse as características construtivas e estruturais do edificio e a súa distribución, admitíndose unicamente aquelas actuacións de rehabilitación, acondicionamento e adaptación que resulten estritamente necesarias para adaptar o edificio aos novos usos propostos.

Admítese a separación funcional da edificación en dúas pezas ou edificios independentes, de acordo co indicado nos estudos tipolóxicos incluídos no anexo II, e

sempre que se garantan para cada unha das pezas separadas as condicións de accesibilidade, etc., que resulten esixibles.

A zona cualificada como espazo libre privado que dá fronte á rúa das Galeras será de uso público, sen que poidan instalarse elementos de peche deste recinto, que quedará integrado co espazo público circundante, con independencia do seu carácter de ben privativo.

As zonas libres privadas que dan fronte á nova zona verde serán de uso privativo para o servizo do edificio, e nelas poderán instalarse elementos de peche, que deberán estudarse no propio proxecto do edificio, garantindo a súa correcta integración no conxunto da urbanización.

Usos

En edificio exclusivo autorízanse os usos residencial-comunitario; asistencial e sanitario.

No suposto de que o edificio se organice en dúas pezas funcionalmente independentes, as condicións de uso aplicaranse a cada unha destas pezas, entendendo cada unha delas como edificio exclusivo.

Neste caso, admítase de xeito complementario o uso hoteleiro, ocupando como máximo unicamente unha das dúas pezas.

As condicións volumétricas de edificación son as que se definen graficamente nos planos e alzados de ordenación da Modificación puntual anteriormente citada, e representan a volumetría actual consolidada, cunha pequena ampliación no corpo da á norte, segundo reflicte o plano de alzados.

2. XUSTIFICACIÓN DA OPORTUNIDADE DA MODIFICACIÓN

A Modificación pretende a consecución dos obxectivos sinalados no Protocolo entre a USC e o Concello de Santiago que foi aprobado polo Pleno Municipal o día 30 de xaneiro de 2015, e cuxas cláusulas 1 e 2 recollen os seguintes compromisos para a administración municipal:

1.O Concello de Santiago de Compostela redactará e tramitará unha modificación da OE-5, co obxecto de flexibilizar a conservación integral do vello Hospital mantendo a esencialidade do edificio construído, tanto no que se refire ás fachadas pétreas como a súa tipoloxía hospitalaria tan característica, e a envolvente volumétrica que marca a altura das cornixas.

2.Ademais dos usos considerados na OE-5: residencial comunitario, asistencial, sanitario e todos aqueles que se describen no artigo 136 do PXOM, Sistema de equipamentos e dotacións, a modificación introducirá como usos permitidos os terciarios.

A finalidade última da Modificación é facilitar a posta en uso do inmovble, evitando o seu crecente deterioro, e incentivando as súas posibilidades de utilización, para o cal se estima necesario ampliar os usos autorizados e flexibilizar as condicións de intervención sobre a edificación existente.

O edificio, tanto pola súa posición estratéxica na cidade como polo seu carácter de elemento representativo dunha singular arquitectura e da memoria histórica de Compostela, merece unha especial consideración dende o punto de vista urbanístico.

O seu estado de crecente deterioro, no contexto dun mercado inmobiliario pouco favorable, xustifica o exercicio do *ius variandi* a fin de facer compatible a preservación das súas características esenciais coa mellora da súa funcionalidade ou aptitude para albergar novos usos, dotacionais e de carácter terciario.

3.CONTIDO E ALCANCE DA MODIFICACIÓN

O alcance da Modificación, segundo se describe documento, pode sintetizarse en varios aspectos:

1.Diversificación de usos: Amplíase o catálogo de usos autorizables, engadindo aos xa permitidos polo plan vixente –residencial comunitario, sanitario, asistencial e hoteleiro- os seguintes: sociocultural, docente, comercial e oficinas. Así mesmo, permítese a combinación de varios usos, admitindo a ocupación do inmovble con usos non exclusivos.

O uso comercial autorízase exclusivamente na planta baixa da edificación, mentres que o hoteleiro e oficinas poderán distribuírse en calquera planta, en combinación tanto horizontal como vertical.

Os usos de carácter terciario non dotacional -hoteleiro, comercial, oficinas- non poderán exceder, no seu conxunto, o 50% da total superficie construída no inmovble.

2.Condicións volumétricas: A Modificación mantén as actuais características tipolóxicas do edificio, ocupación en planta, volumetría e fachadas, coa posibilidade de completar a última parte do corpo da á norte, segundo os planos de ordenación. Poderán tamén ocuparse os patios abertos á fachada, preferiblemente con elementos de

comunicación vertical. A cuberta resolverase cunha xeometría similar á actual, con faldóns inclinados de pendente non superior á existente.

3.Dotación de prazas de aparcadoiro: Ao se tratar dun edificio singular e protexido, considérase xustificado excepciónar a dotación obrigatoria de prazas de aparcadoiro, sempre que se acredite que a súa execución excede das posibilidades reais e razoables de intervención no subsolo da edificación existente.

En todo caso, prevese a reserva dun aparcadoiro público no subsolo da zona verde pública ZV.G.

4.Espazos libres privados: Defínense as condicións de actuación sobre os espazos libres privados da parcela, diferenciando os da fachada oeste e leste da edificación.

5.Condicións estéticas: Establécese a conservación da fachada pétrea monumental, nas condicións sinaladas no documento. En todo caso, calquera intervención na edificación ou nos elementos de carácter funcional que forman parte do conxunto deberá axustarse ao sinalado na ficha de catalogación que se incorpora ao Catálogo do Plan xeral.

6.Incorporación ao Catálogo de bens culturais do PXOM: De acordo co informe de Patrimonio Cultural, incorpórase o inmovible ao Catálogo coa referencia A-68, co nivel de protección estrutural, segundo se regula no artigo 42 da Lei 5/2016, do 4 de maio, *do patrimonio cultural de Galicia*, definíndose na presente Modificación os elementos protexidos. A protección estrutural do inmovible leva implícito o mantemento do entramado estrutural, se ben indícase a posibilidade de admitir obras de reestruturación, de forma excepcional e motivada, previa xustificación que haberá de realizar o proxecto de intervención, o cal haberá de autorizar o organismo competente en materia de protección do patrimonio cultural.

4. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO

Previo acordo adoptado polo Pleno Municipal con data 28 de abril de 2016, remitiuse ao órgano ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica, xunto co Documento ambiental estratéxico (DAE) e o Borrador do plan.

A Secretaría de Calidade e Avaliación ambiental, mediante resolución do 5 de setembro de 2016 –publicada no DOG do día 29 de setembro de 2016–, formulou o Informe ambiental estratéxico (Expediente 2016AAE1903, código web 1808/2016), que recomenda integrar no planeamento as seguintes determinacións:

-A MP deberá incorporar o antigo Hospital Provincial no catálogo de elementos do patrimonio cultural a protexer do PXOM de Santiago de Compostela. Dentro da ficha

valorarase asignar distintos niveis de protección a cada elemento ou partes do edificio, establecendo determinacións específicas para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación.

-Ademais da fachada pétrea, a proposta deberá contemplar dentro dos elementos a protexer: a estrutura, a fonte ornamental e a escalinata monumental.

-O documento deberá establecer con claridade as oportunas limitacións nos usos terciarios que se introduzan, de xeito que non se desvirtúe o carácter dotacional da actuación.

O documento que se somete a aprobación inicial xa incorpora as cuestións sinaladas no Informe ambiental, segundo se describiu no apartado anterior.

5. PROCEDEMENTO

A Modificación, en canto afecta á ordenación detallada incorporada ao PXOM vixente, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado no artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, *do solo de Galicia (LSG)*, sendo agora competente o Pleno Municipal para a aprobación definitiva consonte ao disposto polos artigos 61.2 da dita Lei e 123.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Artigo 61.2 da LSG:

...

2. Correspóndelle ao órgano competente municipal, segundo o establecido na lexislación de réxime local, a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos que contén con máis de 50.000 habitantes.

O artigo 123.1.i) da LBRL atribúe ao Pleno Municipal:

...

i) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Aprobar inicialmente a *Modificación puntual da ordenanza especial OE-5 Galeras do PXOM, no ámbito do antigo hospital*, segundo o proxecto formulado pola Sección Municipal de Planeamento en xaneiro de 2017.

Segundo. Someter o expediente a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos do expediente tramitado, e incluírá:

-O resumo executivo que esixe o artigo 25.3 do Real decreto legislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido de la lei do solo e rehabilitación urbana.

-A resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental de data 5 de setembro de 2016, pola que se formula o Informe ambiental estratéxico.

Terceiro. En cumprimento do que dispón o apartado 7 do artigo 60 da LSG, **o Concello trasladará a documentación á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, a fin de que por este órgano se outorgue audiencia aos municipios limítrofes e se soliciten os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

O acordo de aprobación inicial determina ex lege, por aplicación do artigo 47.2 da LSG, a **suspensión do outorgamento das licenzas** que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de DOUS ANOS, contado dende a aprobación inicial.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Con posterioridade o día 13 de xaneiro do corrente ano, a xefa de xestión urbanística volve a emitir informe co fin de despexar as dúbidas suscitadas na sesión ordinaria da comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos do día 12 de xaneiro, que ten o seguinte contido:

“O presente informe emítese a fin de despexar as dúbidas suscitadas na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Urbanismo do día 12 de xaneiro de 2017, ao respecto das seguintes cuestións:

1.Posibilidade de esixir novas cargas de cesión en correspondencia cos novos usos autorizados pola Modificación

O RD Lexislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, define as actuacións de dotación no seu artigo 7.1.b) como deseguido se indica:

(...) las que tengan por objeto incrementar las dotaciones públicas de un ámbito de suelo urbanizado para reajustar su proporción con la mayor edificabilidad o densidad o con los nuevos usos asignados en la ordenación urbanística a una o más parcelas del ámbito y no requieran la reforma o renovación de la urbanización de éste.

Este tipo de actuacións presentan tres caracteres principais:

1.Se desenvolven en ámbitos de solo urbanizado, isto é, solo xa consolidado pola urbanización.

2.Presupoñen unha modificación de planeamento que atribúe aos terreos afectados unha maior edificabilidade ou densidade, ou a autorización de novos usos.

3.En correspondencia co anterior, conlevan a necesidade de reaxustar as dotacións públicas esixibles -de aí o seu nome, actuacións de dotación-, e, en consecuencia, levan aparelladas novas cargas ou deberes de cesión, tanto de dotacións públicas como de aproveitamento urbanístico.

O obxectivo das actuacións de dotación é axustar as previsións de reserva dotacional ás novas edificabilidades ou usos permitidos polo planeamento, garantindo o necesario equilibrio e proporción entre aproveitamento e dotacións públicas.

A Lei 2/2016 do solo de Galicia contempla as actuacións de dotación no seu artigo 17.3, se ben as vincula só aos incrementos de edificabilidade ou á asignación de novos usos, cando conlevan “*un aumento de aproveitamento superior ao 30% do existente*”.

No mesmo senso, o artigo 26.1.b.3 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do Solo de Galicia (Decreto 143/2016), configura as actuacións de dotación do seguinte xeito:

Terreos nos que se desenvolvan actuacións de dotación, entendendo como tales aqueles nos que sexa necesario incrementar as dotacións públicas para reaxustar a súa proporción coa maior edificabilidade ou cos novos usos asignados na ordenación urbanística, sen requirir a reforma ou renovación da urbanización.

Enténdese que ese aumento de edificabilidade ou cambio de uso requirirá o incremento das dotacións públicas cando comporte un aumento do aproveitamento superior ao 30 % do existente (artigo 17.b).3 da LSG).

Para os efectos previstos no punto anterior, ese aumento de edificabilidade ou cambio de uso debe entenderse como aumento do aproveitamento lucrativo ou do valor deste, e se referirá a un ámbito que afecte, como mínimo, a un cuarteirón ou peza equivalente.

No suposto de que concorresen as condicións sinaladas, os terreos afectados terían que ser categorizados como **solo urbano non consolidado, coa conseguinte delimitación do polígono ou ámbito de equidistribución de beneficios e cargas**, para os efectos de cumprimento dos deberes de cesión de dotacións públicas e de aproveitamento urbanístico na forma que regula o apartado 2 do artigo 21 da LSG.

No solo urbano non consolidado no que sexan necesarias actuacións de dotación, os deberes anteriores esixíranse coas seguintes particularidades:

a) O deber de cesión ao concello obrigatoria, gratuitamente e sen cargas do solo correspondente ao aproveitamento urbanístico que lle corresponda determinárase atendendo só o incremento de edificabilidade media ponderada que, se é o caso, resulte da modificación do instrumento urbanístico, e poderá cumprirse, se é o caso, mediante a substitución da entrega de solo polo seu valor en metálico, coa finalidade de custear a parte de financiamento público que poida estar prevista na propia actuación, ou integrarse no patrimonio público do solo, con destino preferente a actuacións de rehabilitación ou de rexeneración e renovación urbanas.

b) O deber de entregar á Administración o solo para dotacións públicas relacionado co reaxuste da súa proporción poderá substituírse, no caso de imposibilidade física de materializalo no ámbito correspondente, pola entrega de superficie edificada ou edificabilidade non lucrativa nun complexo inmobiliario situado dentro del.

No informe técnico emitido pola arquitecta de Planeamento xustifícase que a modificación proposta non supón un incremento de valor do aproveitamento superior ao 30%, polo que, segundo as disposicións da vixente LSG e do seu Regulamento, non resultaría aplicable o réxime das actuacións de dotación, nin, polo tanto, serían esixibles novas cesións.

Na marxe do anterior, é preciso ter en conta o artigo 22 da LSG excepcióna o deber de cesión de aproveitamento en solo urbano non consolidado cando o plan impoña *cargas especialmente onerosas relativas á rehabilitación integral ou restauración de bens inmobles catalogados*.

En conclusión, estímase que procede manter a condición dos terreos afectados como solo urbano consolidado pola urbanización, ao non concorrer os requisitos establecidos na vixente lexislación autonómica para a configuración da actuación como de dotación.

2. Posibilidade de limitar as modalidades de uso comercial autorizables

A normativa do PXOM vixente, cando define as categorías de uso comercial no artigo 109 non establece ningunha clasificación ou diferenciación que atenda ao tipo de actividade ou de establecemento comercial, polo que non parece procedente que na presente Modificación se fixen limitacións para determinadas actividades ou establecementos comerciais.

Polo tanto, non se estima xustificado no presente caso limitar a autorización do uso comercial a concretas actividades ou modalidades, distintas das categorías xerais que diferencian o plan xeral, pois podería entenderse como unha limitación ou restrición singular do planeamento, non xustificada nas especialidades do caso concreto.”

Tamén emite coa mesma data (13 de xaneiro de 2017), informe técnico a arquitecta de planeamento, relativo ao valor dos aproveitamentos existentes e propostos.

Así mesmo, con data 17 de xaneiro de 2017, a xefa da Sección de Xestión Urbanística informa o seguinte:

“O presente informe emítese a resultas do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, que, na súa reunión de data 16 de xaneiro de 2017, propuxo limitar a autorización do uso comercial á categoría 2ª das definidas polo artigo 109 do PXOM.

Entendo que esta limitación resulta compatible cos obxectivos da Modificación, e non resulta contraria ao considerado no informe complementario do pasado día 13 de xaneiro. Neste informe argumentouse que a limitación non debería establecerse para concretas actividades ou establecementos comerciais, pero si para algunhas das categorías definidas polo artigo 109 do Plan xeral. Na medida que a proposta da Comisión é limitar a autorización do uso comercial á categoría 2ª, non existe inconveniente en incorporala á normativa resultante da Modificación proposta, cando se definen as novas condicións particulares da parcela AS.G.”

O Sr. Alcalde, di que fai defensa da iniciativa ditaminada o señor Duarte.

Don Jorge Duarte Vázquez, comeza a súa intervención, dicindo que traen hoxe para aprobación inicial a modificación da parcela onde está ubicado o antigo Hospital Provincial na rúa Galeras, propiedade da Universidade de Santiago de Compostela.

A modificación altera as condicións de uso desta parcela, e tamén da zona verde pública lindante, zona verde 38, prevendo a reserva dun aparcadoiro no subsolo.

Resulta fundamental remitirse o planeamento vixente, o vixente Plan xeral de ordenación municipal, aprobado no ano 2008, inclúe para este ámbito a ordenación detallada que introducía a modificación puntual do PXOU e do PE-1 para a creación da ordenanza especial OE-5, que foi definitivamente aprobada polo Pleno do Concello de Santiago do 16 de xullo de 2001.

O Sr. Duarte fai fincapé, que o que se está modificando é unha ordenanza especial feita no seu momento, o 16 de xullo de 2001.

No ámbito da OE-5, parcela do antigo hospital, cualifícase como equipamento de carácter privado, cunhas condicións que permitirían unha separación funcional da edificación en dúas pezas, ou edificios independentes, de acordo co indicado nos estudos que incluía a ordenanza, sempre que se garanta para cada unha das pezas separadas, as condicións de accesibilidade, etc., e outras que resulten esixibles.

En canto aos usos a ordenanza do ano 2001, establecía que en edificio exclusivo se autorizaran os usos residencial-comunitario; asistencial e sanitario.

No suposto de que o edificio se organice en dúas pezas funcionalmente independentes, as condicións de uso aplicaranse a cada unha destas pezas, entendendo cada unha delas como edificio exclusivo.

No caso de ser tramitado en dúas pezas, admitirase de xeito complementario o uso hoteleiro, ocupando como máximo unicamente unha das dúas pezas.

Iso é o que estaba establecido no planeamento vixente, e a modificación que hoxe se trae para aprobación inicial nace por iniciativa municipal, para dar cumprimento ao protocolo asinado o 30 de xaneiro de 2015, pola anterior Corporación Local, entre a USC e o Concello de Santiago.

Na cláusula 1 do devandito convenio recollíase:

“O Concello de Santiago de Compostela redactará e tramitará unha modificación da OE-5, co obxecto de flexibilizar a conservación integral do vello Hospital mantendo a esencia do edificio construído, tanto no que se refire ás fachadas pétreas como a súa tipoloxía hospitalaria e a envolvente volumétrica que marca a altura das cornixas.

Ademais dos usos considerados na OE-5: residencial comunitario, asistencial, sanitario e todos aqueles que se describen no artigo 136 do PXOM, a modificación introducirá como usos permitidos os terciarios.

Os usos terciarios englobarían comercial, oficinas e similares.

Tal e como se establecía no convenio, a finalidade última da modificación, é facilitar a posta en uso do inmovble, evitando o seu crecente deterioro e incentivando as súas posibilidades de utilización, para o cal se estima necesario ampliar os usos autorizados e flexibilizar as condicións de intervención sobre a edificación existente.

Segue a dicir o señor Duarte, que dende a chegada deste goberno municipal, impulsouse esta modificación, deixando claro cales ían ser os usos que se introducían, despois de ter falado cos representantes veciñais do entorno.

O contido da modificación que hoxe se trae a aprobación, abarcaría os seguintes puntos:

En canto á diversificación de usos, amplíase o catálogo de usos autorizables, engadindo aos xa permitidos polo plan vixente, os seguintes: sociocultural, docente, comercial e oficinas.

O uso comercial autorízase exclusivamente na planta baixa da edificación, mentres que o hoteleiro e oficinas poderán distribuírse en calquera das plantas do edificio.

De acordo co ditame da Comisión informativa de urbanismo, o uso comercial vincúlase exclusivamente, á categoría segunda do artigo 109 do PXOM, que especifica que uso comercial en categoría segunda serán unicamente locais comerciais en planta baixa.

Polo tanto, a ubicación deste uso queda limitado exclusivamente á planta baixa.

Os usos de carácter terciario non dotacional, incluíndo o uso comercial, non poderán exceder no seu conxunto o 50% da superficie total construída no inmovble, exactamente igual que antes, o que se di agora é que onde antes era uso hoteleiro, si hai comercial en planta baixa, haberá que excluír dese 50%, polo tanto, o uso asistencial-residencial e comunitario queda garantido no 50% restante, tal e como estaba na ordenanza aprobada no ano 2001.

No proxecto fálase que ao tratarse dun edificio singular protexido considerase xustifico excepción a dotación obrigatoria de prazas de aparcadoiro, sempre que se acredite que a súa execución excede das posibilidades reais e razoables, en todo caso, o plan prevé que na parcela colindante como zona verde, podería existir un uso de aparcamento baixo rasante.

O plan incorpora este edificio ao catálogo de bens culturais do PXOM, non estaba incluído no catálogo, e a raíz desta modificación puntual o edificio quedará incluído no catálogo do plan xeral para a súa protección.

O que hoxe se trae para aprobación, sería tal e como aparece reflectido no ditame:

Aprobar inicialmente a modificación puntual da ordenanza especial OE-5 Galeras do PXOM, no ámbito do antigo hospital, segundo o proxecto formulado pola Sección Municipal de Planeamento, ao que se incorporará que a limitación do uso comercial en planta baixa vincúlase exclusivamente a categoría segunda, e non permitiría os usos de galerías comerciais ou pasaxes, nin usos comerciais en máis plantas que a baixa.

Someter o expediente a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

E trasladar a documentación á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, e a suspensión do outorgamento das licenzas que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de dous anos.

Segue a dicir o señor Duarte, que o que hoxe se fai, é modificar unha ordenanza do ano 2001, que fixaba uns usos residencial-comunitario, con carácter asistencial como mínimo ao 50%, e no outro 50% permitía o hoteleiro, o que agora se introduce é a modificación para que ese 50% hoteleiro, poida albergar dentro do 50%, unicamente na planta baixa o uso comercial, e non na categoría de galerías ou pasaxes, senón unicamente como uso comercial.

Considera o señor Duarte, que é transcendente para a cidade contar con este edificio incluído dentro do catálogo, contar coa fachada protexida, coa estrutura, e as escaleiras e o espazo dianteiro.

Cre o grupo de goberno, que é unha peza importante para a cidade, e polo tanto, coa catalogación, coa preservación nun 50% do uso asistencial, residencial-comunitario, dáse cumprimento aos intereses da cidade, e posibilitase que poida ter un arranxo e unha rehabilitación definitiva por parte da Universidade, e poder chegar a acordo, para que dunha vez por todas, despois de máis de quince anos, que se poida ver ese edificio rehabilitado.

Don Rubén Cela Díaz, di que vai comezar por facer un pouco de memoria, ao igual que fixo o señor Duarte.

Certamente o vello hospital de Galeras, como saben todos e todas, é un edificio do que é propietario a Universidade de Santiago de Compostela, que albergou durante moitos anos, en concreto dos anos 50 o hospital xeral de Galiza, e que esta en desuso e abandono dende o 99, e cun peche definitivo dende o ano 2003.

Segue a dicir o señor Cela que dende 2003 ata hoxe o edificio ten sufrido un deterioro moi considerable.

No ano 2009, sendo alcalde o señor Bugallo, o concello trasládalle á Universidade de Santiago a súa preocupación polo estado do inmovble, e por parte da USC respondéselle ao concello, é que non tiñan presa para vender, porque as ofertas que tiñan enriba da mesa, pois non cumprían as súas expectativas.

Máis tarde no ano 2012, cun goberno do Partido Popular, e sendo o señor Currás alcalde do concello, o concello trasládalle a Universidade de Santiago a súa disposición para recalificar a parcela, para facela máis atractiva a efectos da súa venda.

No ano 2013, a Universidade fai entrega da documentación precisa, precisamente, para iniciar esa recalificación e o alcalde Currás a aquela altura anunciaba o total respaldo por parte do goberno do Partido Popular, con maioría absoluta, á recalificación.

O 31 de xaneiro de 2015, o Pleno do Concello de Santiago, aprobaba un protocolo, un protocolo que lembra o señor Cela, que xuridicamente non vinculaba absolutamente a nada.

O BNG con aquela aprobación foron especialmente críticos, incluso, contiña algunhas cousas curiosas, por exemplo, o feito de que a Universidade se comprometía a cambio da recalificación a devolverlle ao Concello de Santiago que é propiedade do concello.

Naquela altura, e con ese protocolo, que máis ben era unha declaración de intencións, saíu aprobado, por 22 votos a favor, 13 do Partido Popular e 9 do Partido Socialista, e 3 votos en contra do BNG.

En febreiro de 2015, e xa co señor Hernández como alcalde, o reitor da Universidade de Santiago, o señor Viaño, asinan o convenio. A Universidade saca a subhasta o edificio por un valor de partida de 7,6 millóns de euros, e 28 de abril do pasado ano, xa cun goberno de Compostela Aberta, tráese a pleno a solicitude á Xunta de Galicia do inicio da avaliación ambiental de dita modificación, e resultou aprobada por 23 votos a favor, 10 de Compostela Aberta, 9 do Partido Popular e 4 do Partido Socialista e 2 votos en contra, novamente, do BNG.

Engade o señor Cela que estaban en contra daquela e porque hoxe van a seguir en contra, por dúas cuestións fundamentais:

O BNG sempre defendeu que a titularidade do edificio debía de seguir sendo pública, en calquera das posibilidades. Entendían que é un edificio singular, cunhas características singulares e que era moi importante que seguira a ser de titularidade

pública, pero incluso o que lle interesaba ao BNG, que no caso de que non puidera ser de titularidade pública, os usos que albergara ese edificio, fundamentalmente, fosen de servizo público.

O BNG, sempre defendeu que aí era a ubicación idónea para algunha das carencias que ten a cidade, como son, unha residencia pública para persoas da terceira idade, que podería estar complementada con outro tipo de servizos, dos que esta cidade está especialmente carentes, como un centro de día, tamén público, e podería albergar, incluso, complementariamente algún tipo de estancia, especificamente, para enfermos crónicos de media e longa e distancia, e en último caso, pois o uso inicial que estaba previsto, que era o residencial-comunitario, pensado nun ámbito que podería ser o das persoas da terceira idade con vivenda libre e servizos comunitarios de comedor, fisioterapia, lavandería, e outro tipo de cuestións.

A segunda cuestión que lle preocupaba ao BNG, a que opina o señor Cela, que está mellor recollida en todo o proceso, que era a conservación do edificio, agora afortunadamente, afortunadamente para a cidade, non sabe se tan afortunadamente para o promotor inmobiliario que adquire todo iso, a Xunta de Galiza, unha das cousas que di é que hai que catalogar este edificio que formalmente non estaba catalogado, pero o BNG sempre defendeu que era un edificio singular, entre outras cousas, porque moitos veciños e veciñas naceron nese edificio e, moitas veciñas e veciños perderon aos seus seres queridos aí.

Polo tanto, o BNG considera que forma parte da memoria histórica de Compostela, da memoria emotiva de Compostela, e que era importante preservar, aínda que non estivese catalogado a singularidade tanto da fachada, como da estrutura arquitectónica.

Nese sentido, tal e como comentaba o señor Duarte, cre o señor Cela que iso queda ben recollido, porque se preserva ese factor tipolóxico da planta do edificio, característica dunha edificio hospitalario, preservase a fachada, incluída algo que ao principio non estaba moi claro, a fonte e as escaleiras, e o mantemento da envolvente volumétrica marcada polas cornisas.

Agora a maiores, sábese, que vai ser obrigatorio, e considera o señor Cela que é unha boa noticia, a catalogación do edificio.

A segunda cuestión que ao BNG non lles parece de recibo, o que non lles parece de recibo é o cambio de usos para a planta baixa.

A planta baixa son dos mil metros cadrados, é certo que como comentaba na súa intervención o concelleiro, que se admitiu unha proposta do Bloque Nacionalista Galego na Comisión informativa, onde solicitaron que na medida do posible, se puidera

acoutar para que aí non houbera un centro comercial como tal, e entón, certamente, ao excluír ese uso terceiro, aí non van existir unhas galerías comerciais, ou unha área central dous, por dicilo dalgún xeito, e tal e como se recolleu non vai ser así, é unha cuestión que se puxo encima da mesa na comisión informativa de urbanismo, e que se aceptou e modificou, e considera o señor Cela que é unha boa modificación, porque o que haberá agora é unha superficie comercial unitaria, ou se hai varias, terán que dar directamente á rúa pola parte de atrás, porque pola parte dianteira hai que conservar a fachada.

En calquera caso, segue a dicir o señor Cela, o BNG cre que non é o mellor dos usos posibles, o comercial, e en segundo lugar, cren que a ampliación a parte de que xa recollía múltiples servizos, entre eles, o hoteleiro, o de oficinas, tampouco, é o mellor dos usos posibles.

Ao BNG hai outro tipo de cuestións que tamén lle preocupan, e tamén llas fixo chegar o señor Cela ao señor Duarte, a respecto da mobilidade na zona.

Considera o seu grupo político que un edificio desas características, e sobre de todo, se alberga unha superficie comercial na planta baixa, vai ter uns requirimentos de prazas de aparcadoiro, e como xa manifestou o señor Duarte, pola singularidade da actuación non vai existir a reserva de aparcadoiro que marca a lei, pero o que está previsto é a posibilidade de que na parcela colindante acabará existindo un aparcadoiro, e iso, cre o señor Cela que iso modifica, polo menos, parcialmente ás condicións de mobilidade de toda a zona.

Unha zona, que lembra o señor Cela, que é especialmente sensible na que no concello se viviu un conflito non pequeno, precisamente, por unha rotonda xusto ao carón. Unha rotonda que estaba fundamentada na ocupación dunha zona verde para dar unha entrada a un espazo privativo, entende que a situación é diferente, pero engade o señor Cela que unha das cousas que se alegaba naquel conflito, eran precisamente os problemas de mobilidade, sobre todo, en horas punta no ámbito de Galeras.

Polo tanto, o señor Cela cre e, así mesmo, dálle a impresión, de que non está suficientemente estudado o tema nese sentido.

Considera o señor Cela que é unha mágoa que non remate ese edificio tendo esa función asistencial ou médico social, e cre que así se contemplaría toda unha peza, onde agora se conta cun centro de saúde, onde están as propias instalacións de servizos sociais do Concello e onde está a Seguridade Social do Estado, e polo tanto, o emprazamento sería o perfecto.

Por todo iso, o BNG, en coherencia co que xa teñen votado nas dúas ocasións anteriores que veu ao pleno, pois vai ser negativo.

Don Francisco Reyes Santiás, comeza a súa intervención sinalando que o proxecto que se trae a pleno, está enmarcado dentro dun plantexamento, que entende o concelleiro, que non deixa de ser estratéxico para a cidade.

Estratéxico na medida en que este proxecto está vinculado ao financiamento da propia Universidade de Santiago de Compostela, unha universidade que representa ao 60% de toda a investigación universitaria que se fai en Galicia, pero que non ve reflectido ese esforzo investigador nun financiamento por parte da Xunta de Galicia.

Segue a dicir, e ademais para o desenvolvemento da Universidade de Santiago e, polo tanto, da cidade como é o campus vida.

Existe un convenio no que a Xunta de Galicia, impuxo co apoio naquel entón do goberno do Partido Popular que a construción da nova facultade de medicina, no que agora é o edificio Gil Casares, e polo tanto, o desenvolvemento do campus vida, estaría vinculado ao financiamento obtido pola venta do vello hospital provincial de Galeras.

Polo tanto, dalgunha maneira o que está en xogo é o desenvolvemento da nova facultade de medicina e do campus vida.

Continúa manifestando o señor Reyes, que como xa dixo o concelleiro do BNG, están diante dun centro sanitario singular, tan singular que en 1950 se traslada o hospital Real a ese edificio, edificio que foi ampliado posteriormente no ano 1972.

No seu momento cando se pecha ese hospital e se fai o traslado ao actual hospital clínico, se plantexou por parte dunha serie de colectivos, a posibilidade de desenvolver naqueles edificios un hospital de media e longa estada, iso quedou resolto co plan director do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, que o prevé é un modulo engadido ao actual hospital médico-cirúrxico de Conxo, coñecido no seu momento como Hospital Provincial, pero que desgraciadamente está esquecido dos orzamentos da Xunta dende ano 2010, ese modulo o que prevé son cen camas de media e longa estada que teñen que complementar a asistencia sanitaria que da o complexo a toda a área sanitaria de Santiago.

Polo tanto, esa necesidade ou esa demanda, quedaría resolta si se levara adiante o plan director do CHUS, un hospital de media e longa estada.

No referente á modificación por limitación de usos comerciais, o grupo Socialista defendeuno en Comisión, e entenden que, efectivamente, con esa limitación que se fai

se evita algo que entende o señor Reyes, algo que é preocupación, fundamentalmente, do comercio de proximidade na cidade, que é a creación dun novo centro comercial, aínda que sexa un pequeno centro comercial, entende o grupo Socialista que con iso quedaría resolto, e polo tanto, que esa modificación é positiva.

Con respecto a outra cuestión que é a demanda no seu momento, dun centro de día, que dende o goberno de progreso, presidido por un alcalde Socialista, no seu momento chegou a plantexar que fora no edificio do antigo Asilo de Carretas, o que pasa é que a Xunta decidiu que ese edificio fora outra cousa, conxuntamente, co seu propietario que é a igrexa, e polo tanto, se dedicou a centro de peregrinos, pero estaba previsto que fora un centro de día para o casco histórico, que comparten co Bloque Nacionalista Galego que é unha necesidade.

O certo é que entende o grupo Socialista é que a construción dese centro de día, non está impedida polo aumento dos usos do hospital de Galeras, verdadeiramente, os usos estaban limitados ao 50% actividade sanitaria, residencial-comunitario, e outro 50% a uso hoteleiro. O 50% que antes era soamente para uso hoteleiro, poderase compartir con uso hoteleiro, comercial coa limitación incorporada, máis oficinas, como máximo o 50%.

Polo tanto, cre o grupo Socialista, que queda a capacidade para crear un centro de día, polo que, que non exista centro de día non está vinculado a esta ampliación de usos.

Explica o señor Santiás que non existe centro de día, porque efectivamente, cando se asina o convenio no 2015 coa Universidade de Santiago para ver a posibilidade de incrementar os usos, pois o único que se lle pide efectivamente, é liberar dos usos docentes o edificio denominado escola de estomatoloxía, que é propiedade do concello, e o que se fai é poñer un termo para que se devolva o uso dese edificio ao remate do curso actual, 2016-2017, ese era o momento de incorporar entre as posibles obrigas da Universidade de Santiago de Compostela, deixar terreo, deixar chan para poder desenvolver ese centro día.

O grupo Socialista cre que aínda existe unha posibilidade, pois como existe a reserva da posibilidade de xerar un aparcamento público, e que ten esa iniciativa é o concello e cando chegue o momento e o polígono sexa propiedade da Universidade ou dun particular, se lle poderá plantexar esa posibilidade.

Polo tanto, non está perdida esa posibilidade, dun centro de día para o casco histórico.

O grupo municipal Socialista entende que o que non se pode permitir é que este centro, que é un centro sanitario singular na historia da cidade, continúe a deteriorarse, senón que hai que reverter a situación, non só parar o deterioro senón revertela.

Continúa a manifestar o señor Reyes, que o seu grupo con estas garantías, ademais, co informe que solicitaron, de se o incremento dos usos incrementaba o valor da parcela para ter que facer a cesión dun 10% dese valor, os técnicos entenderon que non era así, e entenden, que pola necesidade de apoiar o Campus Vida, por necesidade de apoiar a Universidade de Santiago de Compostela, porque sempre dixeron que a Universidade non pode estar de costas a cidade, pero a cidade tampouco pode estar de costas á Universidade, e entendendo que se limitan os usos, e polo tanto que se defendan, tamén, os intereses do comercio de proximidade e que non queda pechada a posibilidade dun centro de día para o casco histórico na zona, e polo que o grupo Socialista, que foron no seu momento críticos e votaron en contra do convenio asinado polo goberno do Partido Popular no ano 2015, e que foron tamén, profundamente, tremendamente e publicamente críticos co convenio asinado pola Xunta de Galicia, o Concello e Universidade de Santiago, que vinculaba a futura facultade de medicina a esta operación de incremento do valor.

O grupo municipal Socialista, a pesares de ter estado en contra dos convenios, van votan a favor do aumento e desta ampliación dos usos do vello hospital de Galeras.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, comeza a súa intervención dicindo que a coherencia, pero tamén a memoria, recórdalle ao señor Reyes, que a memoria é unha virtude imprescindible.

Lembra o señor Hernández, e di que xa foi subliñado polo portavoz do goberno, que o grupo Socialista votou a favor do protocolo asinado o 30 de xaneiro de 2015, haberá que mirar as hemerotecas, pero o señor Hernández cre que foi así.

Segue a dicir o señor Hernández, que se a coherencia e a memoria son imprescindibles na vida, pois na política máis. Esta modificación xorde dun protocolo asinado coa Universidade no mandato do Partido Popular, que ampliaba os usos a terciarios para facilitar o illamento do edificio en beneficio obviamente dos intereses xerais da cidade e da Universidade.

Dille ao señor Cela o señor Hernández que o protocolo tivo a súa utilidade, poderíase debater con respecto a rapidez na tramitación, pero recórdalle que tivo a súa utilidade, posto que no mes de abril, no pasado mes de abril veu a este pleno, o inicio da avaliación ambiental estratéxica e hoxe ven exactamente o mesmo expediente coa mesma motivación, é certo que con algunha mellora, posto que agora queda claro, queda clara a premisa de que non se vai a construír, nin facilitar a implantación dun centro comercial nese espazo e unicamente se facilita o uso comercial na planta baixa para facilitarlle a operación á universidade.

O grupo municipal Popular, dille o señor Hernández, non estaban nin estarán nunca na autorización dun novo centro comercial na cidade, a diferenza dos gobernos progresistas aos que se refería o señor Reyes, o seu grupo nese sentido é coherente e valoran positivamente a tramitación realizada polo goberno de Compostela Aberta, sempre e cando quede acreditado, que cren que queda, de forma clara e taxativa que unicamente é posible a categoría dúas das previstas no artigo 109 do actual PXOM, esa condición xunto coa do mantemento da fachada e a catalogación do edificio garantirán que non haberá un centro comercial, que o seu grupo, nunca propiciará, nin apoiarán, nin na medida das súas posibilidades e representación aprobarán.

De acordo con esa coherencia e con ese plantexamento, o grupo municipal do Partido Popular vai apoiar esa iniciativa.

Don Jorge Duarte Vázquez, intervén en segunda quenda e manifesta que en exercicio de memoria que fixeron aquí todos os grupos, a el gustaríalle recordarlle ao Bloque Nacionalista Galego, que no ano 2001 cando se aprobou esta ordenanza especial formaba parte do goberno, só quere deixar isto claro o señor Duarte.

Xa daquela no ano 2001, se dicía que habería dotacional público para un centro de saúde en Galeras, hoxe construído, e unha parte de dotacional público de titularidade municipal que é o que está ocupado pola facultade de odontoloxía, que durante o ano 2017 haberá que recuperar a titularidade.

Polo tanto, xa había eses usos públicos, e ante esa petición e despois de ter votado a favor no ano 2001. Recorda que hai un edificio de uso público municipal e outro da Xunta, e quere dicir que para comprar esa parcela e poderlle dar un uso público habería que pagar sete millóns de euros, porque foi o que no 2001 se lle adjudicou a ese dotacional da universidade.

O grupo de goberno ten claro que o que si que lles gustaría que dentro dese asistencial puidera existir unha residencia da terceira idade pública, ou polo menos que se chegue a un convenio coa Xunta de Galicia, para que un 50% poida ser de utilidade pública.

Existe na cidade o exemplo da residencia de Pontepedriña, Fundación Otero, cun sistema similar, e que tamén sería posible que dentro deses convenios de explotación de residencias da terceira idade, que se podería plantexar no edificio, puidera existir un centro de día.

Con respecto ao tema da mobilidade, indica o señor Duarte, que todos e todas saben que houbo unha gran polémica no barrio, e el quere recordar o momento no que se solucionou, fai aproximadamente un ano, e despois de moitas conversas coa plataforma

e cos propietarios do aparcadoiro de entorno, e todos/as entenderon e coa mediación do goberno actual, que aquela rotonda non era a mellor solución.

Segue a dicir o señor Duarte, que seguirán a estudar e a negociar coa plataforma veciñal de Galeras para buscar as mellores solucións de mobilidade, e dentro dese traballo de diálogo cos/as veciños/as, e consideraban que o uso comercial deste baixo para eles era positivo, sempre e cando se exclúa algo que afecta ao resto do comercio, como serían unhas galerías comerciais, pero o uso comercial en planta baixa a plataforma veciñal está de acordo con ese uso, e é un dos motivos polos que o goberno de Compostela Aberta decide levar adiante o protocolo, porque entenden que é algo que os/as veciños/as apoian e demandan.

Polo tanto, o goberno dende que recibiu o convenio do ano 2015 que modificaba o planeamento do ano 2001, o que intentaron foi darlle coherencia e, sobre de todo, protexer o edificio e permitir que o traballo de rehabilitación fose adiante, recollendo as suxestións veciñais para poñer o uso comercial en planta baixa, sendo moi claros e coa limitación establecida, limitación coa que estiveron de acordo os catro grupos políticos municipais, que fora exclusivamente o uso comercial en planta baixa, e con algo, que recorda o concelleiro que é moi importante, que é a protección do edificio.

Remata dicindo o señor Duarte, que é unha boa noticia que con esta modificación puntual se poida facilitar o avance da rehabilitación do edificio e é unha noticia positiva para a Universidade, para os cidadáns e para todos/as os/s veciños/as do barrio, poder ter os usos que se contemplan e que son os aprobados no ano 2001, cunha matización de introducir ese uso comercial en planta baixa.

Don Rubén Cela Díaz, comeza a segunda intervención referíndose ás palabras do señor Duarte que dicía que son os mesmos usos cunha matización, que é planta baixa, e aclara que cos mesmos usos están de acordo, co que non están de acordo e con esa matización.

A cuestión para o señor Cela, é bastante simple, pode coincidir e ese plantexamento xa o facía incluso no seu día tamén o Partido Popular, que non é bo para Santiago que ese edificio quedará na situación na que se atopa agora nestes momentos, entre outras cousas, porque en poucos anos sería no terreo práctico, incluso sería un perigo, e polo tanto canto antes se actúe mellor, porque está xa nun estado de conservación moi deteriorado.

Pode entender o señor Cela as motivacións da USC, e considera que a Universidade fixo unha moi boa negociación e que é un bo negocio para Universidade, o que non ten claro, é que sexa tan bo negocio para Santiago como cidade, porque a solución final, dende logo, cre que dista bastante xa non da mellor das posibles, senón que de entre as múltiples que podería haber, cre sinceramente, que non é a mellor delas.

A partir de aí o señor Cela coincide co señor Duarte en que hai unha serie de cuestións que son positivas, todo o que ten que ver coa conservación do edificio é unha boa noticia, tamén cre que o feito de que Xunta obrigue a catalogar o edificio é unha boa noticia e, tamén, garantista con respecto ao que se vai facer no futuro no mesmo, o que non cre o señor Cela, é que sexa tan boa noticia, esa ampliación de usos na planta baixa.

A partir de aí considera o señor Cela que esa condicionante que se fai de non permitir o uso terceiro, e só o uso segundo, é unha cousa boa e que non estaba recollida inicialmente e que se recolla a posteriori, esta mesma semana, cre o señor Cela que a solución final que se trae a votación a pleno é mellor que a que había fai unha semana plantexada.

Dende o punto de vista do BNG, segue a ser insuficiente, porque poden existir, en función de quen sexa o propietario do edificio, diferentes usos comerciais que non son todos iguais, porque non é igual un uso de supermercado de determinado tipo, que outro tipo de usos comerciais, verase ao final cal é o uso comercial, verase que proporción de oficinas hai nas partes superiores, e verase o residencial comunitario que tipo de residencial comunitario queda, e partir de aí poderase xulgar, verase como queda o aparcadoiro, como son as entradas ao aparcadoiro, e verase como afecta iso no tráfico en Galeras en horas punta, e aí, se algún día se retoma, cal é a solución de mobilidade final que se lle vai dar tanto a todo o entorno de San Francisco, García Sabell e Entreríos.

Remata o señor Cela, dicindo que o BNG vai seguir a manter a posición que mantiveron durante todo este tempo.

Don Francisco Reyes Santiás,dille ao señor Duarte que ten mellor memoria que el e recorda mellor o que votaron, pero o que non dixo é algo que tamén ven na acta, que foi exactamente co mesmo argumento empregado hoxe, exactamente, porque a crítica que fixo o grupo Socialista, e a mesma que manteñen hoxe, e dille, así mesmo, ao señor Duarte que foi quen asinou o convenio en 2015, e o único que lle importaba naquel momento era recuperar o edificio da escola de estomatoloxía, e tivo oportunidade de pensar tamén nos veciños, non soamente na recuperación do edificio para poder desenvolver as accións administrativas do concello, tivo oportunidade de incorporar nese convenio a posibilidade de construción dun centro de día, que non se ía facer no antigo asilo de Carretas, e polo tanto, de cumprir un compromiso do concello co casco histórico para con ese centro de día, e a mesma crítica que lle fixo naquel entón vólvea a facer agora, o señor Duarte so pensou como quen pensa no seu terreo, na súa leira, e non pensa nos/as veciños/as, polo tanto, o señor Reyes emprega a mesma crítica daquel entón agora.

Remata dicindo que van votar favorablemente.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, toma a palabra para dicirlle ao señor Santiás que votou naquela ocasión a favor o grupo municipal Socialista.

Rematado o debate, vistos os informes transcritos e máis o ditame favorable da Comisión de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente á súa sesión extraordinaria do día 16 de xaneiro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 21 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, Partido Popular e PSdeG-PSOE (9 CA, 9 PP e 3 PSdeG-PSOE) e 2 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as do BNG, polo tanto co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local,acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación puntual da ordenanza especial OE-5 Galeras do PXOM, no ámbito do antigo hospital, segundo o proxecto formulado pola Sección Municipal de Planeamento, ao que se incorporará a limitación do uso comercial á categoría 2ª das definidas no Plan Xeral (artigo 109 do PXOM).

Segundo: Someter o expediente a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos do expediente tramitado, e incluírá:

-O resumo executivo que esixe o artigo 25.3 do Real decreto legislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido de la lei do solo e rehabilitación urbana.

-A resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental de data 5 de setembro de 2016, pola que se formula o informe ambiental estratéxico.

Terceiro: En cumprimento do que dispón o apartado 7 do artigo 60 da LSG, o Concello trasladará a documentación á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a fin de que por este órgano se outorgue audiencia aos municipios limítrofes e se soliciten os informes sectoriais autonómicos que resulten preceptivos.

O presente acordo de aprobación inicial determina ex lege, por aplicación do artigo 47.2 da LSG, a suspensión do outorgamento das licenzas que poidan resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante o prazo máximo de DOUS ANOS, contado dende a aprobación inicial.

4. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE MEDIDAS PARA ACTUALIZAR O INVENTARIO DE FONTES PÚBLICAS, PLANIFICAR A SÚA RECUPERACIÓN E ELABORAR UNHA ORDENANZA SOBRE A XESTIÓN E O USO EFICIENTE DA AUGA.

O texto da proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con data 9 de xaneiro de 2017, e número de rexistro 3, ten o seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O nacemento e a evolución da cidade de Santiago está intimamente ligada á auga. Desde o propio asentamento humano entre os cursos fluviais do Sar e do Sarela ata a súa antiga rede de distribución para o consumo público posta en marcha na época de Xelmírez, coa singular testemuña -entre outros importantes vestixios- do reconstruído acueduto da Ponte Mantible e a antiga canalización desde os manancias da ladeira de Vite ata a arqueta da fonte de San Miguel, eixe central para distribución das sucesivas “traídas” e xerme do primeiro abastecemento da cidade, que aínda perdura na actualidade.

Na malla urbana da cidade e nos principais núcleos da zona rural consérvanse desde antigo un gran número de fontes públicas que están na orixe dun servizo público esencial e que manteñen aínda hoxe, ademais do seu fin inicial para o subministro da poboación, indubidables trazos culturais, artísticos ou etnográficos, que lle confiren un singular valor histórico e patrimonial que debe ser obxecto dunha atención especial.

Ese valor fixo que se lle teñan dedicado traballos de investigación, folletos divulgativos e mesmo amplas monografías, que ofrecen detalles sobre a historia e a traza das consideradas máis emblemáticas ou monumentais, aquelas que se distribúen nos arredores do núcleo histórico, varias delas mencionadas xa na época medieval, e unha gran maioría construída nos primeiros anos do século pasado.

Un inventario realizado a principios da década pasada, promovido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento, daba conta de preto de 300 fontes públicas e lavadoiros no territorio municipal, das que case un centenar se localizaban no espazo urbano e o resto no ámbito rural. A través das fichas individualizadas dábase conta dos seus datos xerais (ano de construción, localización e historia) e das súas características técnicas (caudal, dimensións, materiais ou estado de conservación). Aínda que se citan algunhas desaparecidas e outras que non é posible localizar, unha

gran maioría consérvanse na actualidade. Iso si, con notables diferenzas no seu estado de conservación.

Seguindo aquel inventario podemos comprobar hoxe como algunhas das fontes carecen de subministro permanente de auga (caso por exemplo da fonte do chamado Campiño de San Francisco, no acceso á Costa Vella; a da Carreira do Conde; a da rúa das Oblatas; ou dúas ornamentais existentes na Alameda -a de mármore e a circular de pedra próxima aos aseos públicos-), outras presentan deficiencias (como a do Franco, na que a auga non mana por onde debe) e outras, sobre todo no rural, presentan un aspecto abandonado que cómpre remediar.

Recuperar eses elementos patrimoniais debe ser obxecto dunha atención especial por parte do Concello que, alén de promover o seu coñecemento a través de interesantes roteiros culturais, debería incidir de forma especial no seu mantemento e posta a punto, dotándoas de auga cando carezan do subministro (mediante a recuperación do seu propio manancial cando sexa posible, conectándoas á rede municipal de abastecemento coa incorporación de pulsadores que economicen o consumo ou procurando o establecemento de sistemas de recirculación da auga para nas fontes ornamentais, segundo os casos), mellorando tamén a súa accesibilidade e o seu aspecto.

Ese labor de recuperación ten antecedentes no anterior mandato cando, en colaboración co Consorcio da cidade, se actuou en sete fontes de marcado carácter histórico (Fonseca, Fonte Sequelo, Virxe da Cerca, Porta do Camiño, San Martiño Pinario, Toural e Santa Clara), así como noutras fontes municipais de menor entidade. Mesmo con anterioridade se procedeu a recuperar fontes ocultas, como a de San Clemente, unha das máis antigas da cidade, que foi obxecto dun ambicioso proxecto para sacala á luz e rehabilitar o seu contorno.

Para continuar esta tarefa propoñemos a actualización do inventario de fontes municipais, para determinar o número e estado de conservación de cada unha delas, así como a elaboración dun Plan para o seu periódico mantemento, a súa recuperación e a súa mellora, no que se determine a prioridade das actuacións e se establezan grupos ou categorías para proceder á súa execución gradual ao longo de anos sucesivos.

Aínda que as fontes xa non teñen a importancia hixiénica e de abastecemento doutrora poden seguir sendo un elemento de utilidade -de feito en moitas cidades estanse a recuperar e instalar novas fontes nas rúas para seu uso pola veciñanza e visitantes- potenciando o seu valor como fermosas referencias do noso patrimonio histórico, artístico ou etnográfico.

Como complemento desta acción de posta en valor -que podería incluír a colocación de sinxelas placas co nome, historia e potabilidade en cada fonte, así como a divulgación

pública no seu conxunto- sería conveniente a elaboración e aprobación dunha ordenanza sobre a xestión e uso eficiente da auga no termo municipal, na que se recollan medidas que contribúan a un uso máis sustentable da auga, adaptando a normativa municipal existente aos requirimentos e preceptos establecidos na normativa autonómica, estatal e comunitaria, en especial ás recomendacións da Directiva Marco da Auga do Parlamento europeo. Esta ordenanza serviría de guía tanto para adecuar as actuacións no uso de recurso por parte do Concello e dos seus entes instrumentais, como para establecer un referente claro e adaptado á realidade do conxunto da veciñanza.

Tendo en conta todas estas consideracións, o Grupo Popular presenta no Pleno municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

- 1.Actualizar o inventario das fontes públicas existentes do termo municipal para o seu coñecemento, mantemento e posta en valor.
- 2.Redactar un plan específico para a recuperación e mellora das fontes municipais, no que se recolla unha priorización das accións e se definan distintos grupos en función da urxencia dos traballos a desenvolver, en orde a proceder á súa execución gradual en anos sucesivos.
- 3.Elaborar e aprobar unha nova ordenanza municipal para mellorar a xestión e o uso eficiente da auga, que abarque o ciclo integral da auga, conforme aos requirimentos e recomendacións da normativa de referencia, en especial a Directiva Marco da Auga europea e axustada ao Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia. Esta nova ordenanza deberá substituír aos vixentes e obsoletos Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga Potable, que data de 1996, e ao Regulamento do Servizo de Saneamento, modificado por última vez no ano 2006.”

Dona Teresa Gutiérrez López, fai defensa da proposición presentada polo seu grupo e comeza dicindo, que a proposición que traen ao pleno consta de dúas partes bastante relacionadas:

Unha na que fai referencia á conservación dos recursos, recursos patrimoniais como son as fontes da cidade, e recursos ambientais, concretamente, a auga.

Considera o grupo municipal Popular que esta proposición é oportuna por varios motivos, o primeiro, polo episodio de seca singular, debido á falta de chuvias do verán de 2016 que se prolongou ao longo de todo o ano.

Isto levou a que os organismos de Augas de Cuenca declaren a prealerta de seca, Augas de Galicia tamén o fixo o día 12 de xaneiro na conca Galicia-Costa, e a Confederación Miño-Sil, fixo o 13 de xaneiro en toda a súa conca.

Independentemente do que poida ocorrer, pois pode poñerse a chover en febreiro e non parar ata xullo, é significativo que os efectos de cambio climático, poden supor que Galicia xa non sexa ese territorio onde a auga abunda tanto, que non requira dun control rigoroso.

A segunda razón, é porque fai un par de anos xa se tiña iniciado un traballo de colaboración co Consorcio e as Universidades da Coruña e Barcelona e o Centro Tecnolóxico CETAQUA para por en valor a potencialidade dos elementos históricos en materia de auga, e a súa vez para xerar un proxecto piloto na Cuenca do Corgo, que permitise formas de xestionar eficientemente as augas de escorrentía.

Traballo que se fixo para concorrer a unha convocatoria, que non conseguiu ser seleccionado, é un traballo valioso que debería ser continuado e incluso intentar concorrer a novas convocatorias.

A terceira razón, é porque a normativa en materia de augas, de saneamento e abastecemento é anticuada e non se adapta aos novos marcos lexislativos europeos.

A cuarta razón, é porque a Xunta de Goberno Local acaba de crear o pasado día 21 de decembro, segundo o criterio do Partido Popular con bastante acerto, unha comisión técnica para o control de ciclo integral da auga.

Santiago é unha cidade rica en auga, e iso fixo tamén que sexa unha cidade rica en fontes, a presenza dos ríos Sar, Sarela e Corgo, xunto coa pluviometría, fixo que esta cidade conte con abundantes fontes de auga pública.

Continúa a dicir a señora Gutiérrez, que resulta curioso lendo algunhas publicacións do Consorcio, que a parte ornamental das fontes en Santiago, moitas veces son peregrinas, xa que foron cambiando a súa ubicación en función das necesidades da propia cidade.

Dende a xeneralización do sistema de abastecemento de auga domiciliaria estes elementos perderon a súa importancia estratéxica, pero gardan indubidables trazos culturais, artísticos e etnográficos que lles confiren un singular valor, tanto histórico

como patrimonial, algunhas son da época medieval e a maioría son dos séculos XIX e XX, e aínda seguen a prestar un servizo público.

Como indicaron na exposición de motivos da proposición, dende principios da década pasada contase cun inventario que inclúe cerca de trescentas fontes públicas e lavadoiros no termo municipal.

Inventario que contén fichas cos datos xerais das fontes, ano de construción, características técnicas, caudal, estado de conservación, etc., e é, precisamente, o estado de conservación, o que se modificou dende que se fixo o inventario. A día de hoxe algunhas carecen de subministro de auga, outras presentan deficiencias e moitas, sobre todo no rural, presentan un estado de abandono.

Na primeira proposta, o grupo municipal do Partido Popular, solicita que o Concello aborde estas deficiencias levando a cabo a súa recuperación, dotándoas de auga, ben por recuperación do manantial, ou ben porque se poidan conectar á rede de abastecemento, e establecendo un sistema de recirculación nas fontes ornamentais. Que se mellore o seu aspecto e que se promova o seu coñecemento.

Sinala que a promoción do seu coñecemento, fíxose recentemente a través do roteiro camiños de auga, e pide incorporar outros roteiros con máis fontes, o primeiro que se fixo afectaba a oito fontes do casco histórico.

No PAC metéronse a recuperación de catro fontes, e o grupo popular no mandato anterior tamén melloraron sete fontes, e solicita seguir con ese traballo.

E considera o grupo Popular que para seguir con ese traballo, eles ven oportuno actualizar o inventario, e así se verá cales son máis urxentes de arranxo, e establecer unha planificación para intervir en anos sucesivos.

Cren, así mesmo, que sería bo e económico, colocar unha placa co nome, referencia histórica, e a información do tipo de auga, se é auga de traída, auga de manantial e se é ou non potable.

Vinculada a esta iniciativa, o grupo Popular, considera necesario iniciar os traballos de redacción de novas ordenanzas en materia de auga.

Considera que toda a corporación comparte a sensibilidade por facer un uso eficiente da auga, e é evidente que ademais de garantir o recurso, a xestión eficiente, redonda nunha mellora do medio natural e nunha diminución dos custos de xestión.

A normativa municipal data o Regulamento de abastecemento do ano 96, e o de saneamento do ano 97, aínda que foi mellorado no ano 2006.

Dende esa data a normativa xeral modificouse, sobre todo, cambiou a visión dos sistemas, de maneira que en vez de entender unha visión compartimentada do abastecemento por un lado, do saneamento polo outro, e do tratamento de residuais por outro, existe agora unha concepción moito máis global do ciclo da auga.

Estes conceptos foron trasladados na lexislación Europea na Directiva 2000/60, coñecida como a Directiva marco da auga, e as leis Española do ano 2001 e autonómica do ano 2010, e dende ano 2012, dispónse dun Regulamento marco de servizo público de saneamento e depuración de augas residuais en Galicia, que é de aplicación directa no concello dende xullo de 2014.

Polo tanto, engade a señora Gutiérrez, agora que existe unha comisión, para o control do ciclo integral da auga, e esta establecido para o umbral do ano 2019, a finalización do contrato de concesión da xestión de auga coa empresa Viaqua, parécelle ao grupo Popular que é o momento de redactar unha nova normativa.

Aclara a señora Gutiérrez que na maioría dos concellos teñen unha normativa de saneamento e outra de abastecemento, hai cidades e pon o exemplo de Madrid, que substituíron estas vellas normativas por unha única normativa do ciclo integral da auga.

O grupo popular considera que se debería facer o mesmo, e empezar por redactar a nova normativa, cren que o ano 2019 é un reto, que xa está aí, e que antes dese ano debería de existir unha nova ordenanza redactada, ter un censo das acometidas de abastecemento e saneamento, tramitar os permisos de vertidos para todos os usuarios que teñen que dispor do mesmo, deseñar unha nova estrutura tarifaria segundo os criterios da directiva marco e o pacto local da auga.

Por último, e en último lugar, definir o sistema de xestión.

Remata dicindo a concelleira que se debería de empezar xa para chegar a tempo, e que si se empeza polo final, polo sistema de xestión vai ser un erro, por esa razón, propoñen o acordo que aparece reflectido no texto da proposición.

Dona Goretti Sanmartín Rei, comeza a súa intervención anunciando o voto favorable do Bloque Nacionalista Galego a esta proposta do Partido Popular, xa que están de acordo tanto cos argumentos como coas propostas que se fan.

Soamente quere deixar constancia a señora Sanmartín con respecto a esta e a outras cuestións que se abordan habitualmente, que sería bo deixar atrás unha visión do que

fixo un ou o que fixo o outro, e que se fale en conxunto de aproveitar as cousas que veñen de atrás que estean ben feitas, darlles continuidade, e facer unha planificación que sexa sempre a medio e longo prazo, independentemente de quen as fixese.

Fai mención ao folleto editado no seu día, en relación as fontes, que sería interesante volver editalo e distribuílo, ou facer un novo actualizado, e unha publicación que no seu día foi entregado nos institutos e nos centros socioculturais, que se fixeron repartos masivos, e onde se fixo un traballo de recuperación patrimonial tanto de fontes, como de lavadoiros, cuestións que despois tiveron continuidade na experiencia desenvolvida no proxecto “Camiños da agua en Compostela”, e dese roteiro vinculado a “Compostela territorio das mulleres”, porque teñen moito de recuperación etnográfica, de recuperación patrimonial, e dan conta da historia e poden, así mesmo, servir como elemento fundamental no medio rural, para reactivar determinados lugares e ser espazos de reunión, e tamén dan conta, da historia oral e da historia cotiá que moitas veces permanece esquecida.

Don Francisco Reyes Santiás, di que no ano 2000 asinouse un convenio entre o Concello de Santiago e a empresa Aquagest e o Instituto de Sar, co obxecto de inventariar as fontes de Santiago, dando como resultado a catalogación dun total de 338 fontes de manantial, das que un centenar delas teñen como uso habitual o consumo humano, e o resto son bebedeiros ou manantiais pouco utilizados pola veciñanza.

Fíxose un traballo de inventariado e unha primeira análise da calidade dos acuíferos, a partir dese momento abrírase unha segunda fase que consistiría nun seguimento e nun control exhaustivo dun centenar de fontes de maior uso.

Desa primeira aproximación analítica realizada, desprendíase que un 15% das fontes de manantial propio tiñan auga potable, o resto dos acuíferos non son potables.

De acordo cos técnicos municipais o 99,9% dos casos a non potabilidade esta motivada pola presenza de organismos microbiolóxicos debidos á contaminación fecal ou puríns.

Para a realización dese traballo de inventariado e da historia de cada manantial, así como do seu uso, colaboraron todas as asociacións de veciños aportando información das distintas zonas.

O grupo municipal Socialista sempre apoiou a recuperación destes elementos patrimoniais, que a día de hoxe son menos utilizados e que precisan dun atento mantemento por parte das administracións públicas e por iso, tendo constancia, de que están en execución diversos proxectos para rehabilitación de fontes e lavadoiros públicos nas parroquias de Aríns, Santa Cristina de Fecha, Laraño e Sampaio de Sabugueira, presentan a este pleno un rogo coa fin de que se proceda á recuperación

tamén das fontes e lavadoiros das fontes e lavadoiros sitios na parroquia de A Gracia concretamente nos lugares de Bálsuma, San Silvestre e Son de Abaixo.

Por todo isto, o grupo municipal Socialista esta de acordo en actualizar o inventario promovido polo goberno de progreso no ano 2000, das fontes públicas e como non na redacción dun plan específico para a súa recuperación co fin de executar gradualmente estes traballos.

Segue a dicir o señor Santiás, que con respecto á aprobación dunha nova ordenanza municipal para mellorar a xestión e o uso eficiente da auga que abranga o ciclo integral da mesma, de acordo co Directiva marco da auga Europea, e axustala, así mesmo, o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais, co obxecto de substituír o Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable do ano 96 e o Regulamento do servizo de saneamento que se modificou por última vez no ano 2006.

Quere dicir con respecto a todo isto, que ben puido o Partido Popular, e mesmo o señor Hernández iniciar este procedemento durante o seu mandato, pero sexa benvida hoxe esta proposta, que como non podía ser doutro xeito vai contar co voto favorable do PSdeG-PSOE, xa que o obxectivo principal é lograr un uso sostible deste recurso e desenvolver mellores estratexias de xestión.

Será bo adaptar á normativa municipal a Directiva marco da auga, que establece o concepto de planificación hidrolóxica como instrumento fundamental para a xestión sostible, coa fin de aumentar a dispoñibilidade deste recurso, protexer a súa calidade, adecuándoa aos usos e economizar o seu emprego en harmonía co medio ambiente.

A Directiva, tamén, fixa medidas en relación coas augas subterráneas establecendo modelos de prevención e control da contaminación das mesmas, e valorando o seu estado químico, así como aqueles dirixidos a redución da presenza de contaminantes.

Remata a súa intervención o señor Santiás, dicindo que a Lei reguladora das bases de réxime local outorga aos concellos a competencia en relación coa xestión da auga, limitando a prestación dos servizos de abastecemento da auga e tratamento de augas residuais, a ordenanza tipo de uso e xestión da auga deberá incorporar criterios de aforro nos seus ámbitos para alcanzar como mínimo os seguintes obxectivos:

Fomentar a redución e garantir o control do consumo da auga.

Promover e regular a utilización de recursos hídricos alternativos para que aqueles usos que non requiran de auga potable.

Implantar medidas de aforro de auga nas instalacións e servizos do concello, prestando especial atención aos parques e xardíns.

Don Xan Duro Fernández, comeza a súa intervención dicindo que coincide con Goretti, e compre darlle parabéns tanto a Dona Encarna Otero, como a Dona Elvira Cienfuegos, por ter impulsado unha tremenda actividade tanto cultural como ambiental sobre as fontes tradicionais de Compostela, que é un legado que esta vixente, e que permite avanzar no traballo.

Tamén di o señor Duro, que lle parece ao seu grupo acaído, ver e estudar se é preciso actualizalo e tamén facer unha intervención sobre as mesmas, sen perder de vista a súa función orixinal que é o subministro da auga, e de feito xa se comezou a traballar en cinco delas nas parroquias de Aríns, Laraño, Villestro e Sabugueira.

Polo que xa se está a desenvolver ese traballo, tamén coincide o grupo de goberno na valoración da concelleira, dona Teresa Gutiérrez, sobre o potente que era o proxecto Tedux, que lamentablemente non se chegou a finalizar a convocatoria dos proxectos, e de feito, nesa liña estase agora nos pasos iniciais dun novo proxecto para presentar á convocatoria de axudas europeas, coas mesmas contrapartes denominado sistemas innovadores de xestión de auga, e na que participan tamén outras cidades europeas, e todo iso, relacionado cunha xestión innovadora do ciclo da auga, escorrentías, etc.

Engade o señor Duro, que quería deterse un pouco máis no punto tres da proposición, relacionado coa redacción dunha nova ordenanza, e e quere dicir, que o Regulamento do servizo de saneamento do Concello de Santiago data do ano 1997, publicado no BOP de 22 de outubro de 1997, modificado no ano 2006, no relativo a infraccións e sancións, tamén publicado no BOP do 25 de outubro de 2006.

Asemade, a Lei 9/2010, do 4 de novembro de Augas de Galicia, declara o interese da Comunidade Autónoma de Galicia do servizo de depuración de augas residuais urbanas, sendo competencia municipal a prestación do servizo de sumidoiros e control de vertidos ás redes.

Así mesmo, o Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, dáse resposta a esixencia desta lei de augas, ao regularse no mesmo a protección das instalacións de saneamento e depuración, a definición de vertidos prohibidos e tolerados, obriga someter a tratamento previo aos que non consigan os límites establecidos, así como obter permiso previo para os vertidos de natureza non doméstica.

O procedemento e contido de dito permiso, o réxime de situacións de emerxencia, vertidos accidentais e vertidos mediante camión cisterna cun réxime de inspeccións, toma de mostras e análise de vertidos.

No artigo 34.1 do Decreto 141/2012, establece a obriga ás entidades locais a elaborar regularmente as ordenanzas específicas, en relación cos sistemas de saneamento e depuración que xestionan, e a súa disposición transitoria primeira establece un prazo de dous anos dende a súa entrada en vigor para que as entidades locais adecúen as ordenanzas e regulamento ao disposto no Regulamento marco, sen prexuízo de que a súa aplicación directa transcorrido este prazo, en todos aqueles aspectos que resulten incompatibles con el, e esta data cumpriuse o pasado 26 de xullo de 2014.

Efectivamente, hai que realizar unha actualización, o prazo comezou no ano 2012 e rematou en xullo de 2014, aclara, que Compostela Aberta non estaba daquela no concello, pero aínda así, asumen que teñen que facelo.

Segue a dicir o señor Duro, que non abonda con regulamentar, senón que tamén, hai que desenvolver, é dicir hai que revisar e modificar todas as ordenanzas fiscais asociadas, hai que tramitar os expedientes de outorgamento dos permisos de vertidos á rede de saneamento, identificando os abonados suxeitos priorizados por actividade e localización.

Hai que elaborar protocolos de actuación e actas de inspección, así mesmo, hai que establecer o procedemento administrativo de outorgamento de permiso de vertido, o que leva implícito a elaboración de modelos de solicitude, realizar labores informativas cos abonados, requirimentos para presentar solicitudes, análises de documentación técnica e administrativa aportada, novos requirimentos de subsanación en caso de ser necesario, inspeccións dos establecementos con tomas de mostras e análises, e finalmente, a elaboración da resolución do permiso de vertido, logo de resoltas as posibles alegacións presentadas.

Finalmente a tramitación de expedientes sancionadores por incumprimentos da ordenanza de vertidos, no caso de darse.

Di o señor Duro, que este ano hai unha partida no orzamento para iniciar o desenvolvemento de todos estes traballos, incluída a modificación da ordenanza, porque entende, que esta normativa debe de ir máis aló da literatura e debe ter medidas practicas para poder executalas, e niso se está a traballar.

Rematado o debate o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda:

- 1.Actualizar o inventario das fontes públicas existentes do termo municipal para o seu coñecemento, mantemento e posta en valor.
- 2.Redactar un plan específico para a recuperación e mellora das fontes municipais, no que se recolla unha priorización das accións e se definan distintos grupos en función da

urxencia dos traballos a desenvolver, en orde a proceder á súa execución gradual en anos sucesivos.

3.Elaborar e aprobar unha nova ordenanza municipal para mellorar a xestión e o uso eficiente da auga, que abarque o ciclo integral da auga, conforme aos requirimentos e recomendacións da normativa de referencia, en especial a Directiva Marco da Auga europea e axustada ao Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia. Esta nova ordenanza deberá substituír aos vixentes e obsoletos Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga Potable, que data de 1996, e ao Regulamento do Servizo de Saneamento, modificado por última vez no ano 2006.

5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE SENDAS PEONÍS NO TERRITORIO MUNICIPAL.

O texto da proposición do epígrafe presentada con data 9 de xaneiro do corrente ano e núm. de rexistro 4, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O modelo de crecemento económico, tecnolóxico e urbano das últimas décadas asentouse nunha clara primacía de medios de transporte contaminantes e, singularmente, do vehículo privado, que orientou boa parte das iniciativas públicas condicionando a maior parte das estratexias para facilitar o acceso deste tipo de transporte e relegando a un plano secundario outros modos alternativos, moito máis respectuosos co ambiente, a saúde e a convivencia das persoas.

Afortunadamente, esa tendencia comezou a ser invertida nos últimos anos nos núcleos urbanos, acoutando as áreas para o tránsito de vehículos e recuperando espazos cómodos e seguros para camiñar e convivir.

Froito dunha progresiva concienciación da necesidade de avanzar nesa dirección xurdiron iniciativas nos diferentes niveis das administracións públicas. Plans e programas que, na maioría dos casos aínda pendentes de concretar, inciden na conveniencia de delimitar espazos e favorecer alternativas para a mobilidade sostible nos diferentes territorios.

No noso contorno, a Unión Europea está a apoiar este tipo de accións como o demostra a aprobación en 2015 dun programa operativo dentro do FEDER 2014-2020, no que se recollen medidas para o apoio do desenvolvemento da mobilidade urbana e interurbana sostible a través da creación de sendas peonís e ciclistas.

Ao abeiro dese programa operativo, asignáronse a Galicia 28 millóns de fondos europeos que a Xunta de Galicia complementou ata acadar os 35 millóns de euros. Con eses fondos, a Xunta está a desenvolver un programa específico de seguridade viaria para construír sendas para peóns e ciclistas nas marxes das vías de titularidade autonómica, consignando 2,6 millóns de euros para nove sendas peonís na área de Santiago, que suman algo máis de 15 km. Entre elas, os preto de 6 km que separan Vidán da Urbanización Monte da Devesa en Brión, pola beira da AC-543, cuxa construción comezou a finais do pasado verán.

Tamén a Deputación da Coruña ten incluído na súa programación dos últimos anos un Plan de Sendas Peonís, a través do que, en sucesivas fases, está a colaborar cos concellos da provincia no financiamento dalgunhas actuacións neste materia.

Pola súa parte, o Concello de Santiago elaborou en 2011, coa colaboración da Xunta de Galicia, un Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) como marco xeral para as actuacións a desenvolver na mellora das condicións do transporte e da mobilidade metropolitanas. Un documento que está a ser revisado na actualidade partindo do Pacto Local pola Mobilidade baixo os auspicios do actual Goberno.

Desde a Administración municipal ao longo dos anos téñense dado importantes pasos na creación de percorridos a pé en contornos naturais, como as ribeiras do Sar e do Sarela ou para acceder aos colexios, pero sería necesario ampliar esas accións cara a outros contornos considerados atractores da mobilidade, tanto no ámbito laboral como social: áreas empresariais e comerciais, centros sanitarios, equipamentos deportivos, educativos e culturais...; prestando unha atención especial á continuidade dos traxectos e a súa contribución a tecer unha malla que articule os principais barrios e parroquias do concello.

Nesa dirección, e coa finalidade de avanzar no terreo práctico e das realidades tanxibles, o Grupo Municipal Popular formula unha proposta para a elaboración dun Plan de Sendas Peonís, susceptible de ser integrado nun futuro Plan de Mobilidade Urbana municipal, no que se determine e defina unha completa rede de itinerarios favorecedores dunha mobilidade alternativa, nomeadamente de uso peonil pero coa posibilidade de convivencia co tránsito ciclista, ao longo do territorio municipal.

Un Plan que se apoie fundamentalmente nas marxes das estradas, sen renunciar a recuperar antigos camiños de interese histórico, cultural ou paisaxístico. Un Plan que

teña en conta tamén aqueles itinerarios que están a ser executados por outras administracións e que inclúa as sendas acordadas no marco do Pleno municipal, como a de Milladoiro-Santiago a través de Conxo, a de Vidán-Larañiño (incluído na proposta de orzamento municipal para 2017), o tramo final do acceso á Granxa do Sesto no Pedroso, as sendas das rúas Senande e San Martiño de Aríns, a senda a Figueiras, pola beira da estrada provincial CP-7803, ou mesmo a vía verde entre Santiago e Oroso da que, con distinta intensidade, se vén falando desde hai anos.

Este documento contribuiría, en fin, a materializar a idea expresada no Pacto Local da Mobilidade que está a promover este Goberno que avoga por “desenvolver e executar itinerarios peonís, accesibles, cómodos e seguros que incentiven a marcha a pé en traxectos urbanos que transcorran por todo o municipio e permitan unir os principais puntos con demanda de mobilidade”. Ao mesmo tempo, este Plan de Sendas Peonís proporcionaríalle ao Concello un marco de referencia para solicitar a colaboración das diferentes administracións na súa progresiva execución.

Conforme a estas consideracións, o Grupo Popular presenta no Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

1. Iniciar a redacción dun Plan municipal de sendas peonís, conforme aos postulados do Pacto Local pola Mobilidade, que determine e defina unha completa rede de itinerarios para comunicar os principais centros de atracción da mobilidade na cidade (áreas empresariais e comerciais, centros sanitarios, equipamentos deportivos, educativos e culturais...), cunha atención especial á continuidade dos traxectos e a súa contribución a tecer unha malla que articule os principais barrios e parroquias do concello.
2. Incluír nese Plan as actuacións en execución ou previstas por outras administracións, así como aquelas que foron aprobadas por acordo plenario no actual mandato.
3. Programar a súa execución progresiva, con consignacións anuais nos orzamentos municipais e coas achegas que se obteñan a través de axudas procedentes doutras administracións públicas.”

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, comeza dicindo que traen unha proposición para que o concello elabore canto antes un plan de sendas peonís no territorio municipal, esperando que se pase dese pacto pola mobilidade a un plan concreto, agardan que o concelleiro teña tanta presa en levar a cabo o plan, como tivo para tentarse adxudicar a paternidade do plan de mobilidade, a pesar de que sabe perfectamente o señor concelleiro que é un plan cunha paternidade compartida.

Con esta iniciativa que traen hoxe a pleno, ademais de recoller unha demanda cidadán, atenden ao cambio de tendencia que nos últimos anos se ten producido nos núcleos urbanos, tamén obviamente en Santiago de Compostela, delimitando áreas para o tránsito de vehículos e recuperando así espazos cómodos e seguros para camiñar e convivir os diferentes veciños e veciñas.

Por todo iso, o grupo Popular, propón a definición dunha rede completa de itinerarios para comunicar os principais centros de atracción da mobilidade na cidade, prestando unha especial atención á continuidade dos actuais traxectos e que continúe, ademais, a tecer unha malla que articule os barrios, e parroquias do concello.

Nos últimos anos, e froito desa concienciación de avanzar na dirección de recuperar espazos cómodos e seguros para camiñar, xurdiron iniciativas nos diferentes niveis das administracións públicas, plans que inciden na convivencia de delimitar espazos e favorecer alternativas para a mobilidade sostible nos diferentes territorios.

Segue a dicir o señor Hernández, que a propia Unión Europea esta a apoiar este tipo de accións, como demostra a aprobación en 2015 dun programa operativo dentro do FEDER 14-20, no que se recollen medidas para o apoio do desenvolvemento da mobilidade urbana e interurbana sostible a través da creación de sendas peonís e tamén ciclistas.

Ao abeiro deste programa operativo Galicia ten asignados 28 millóns de fondos europeos que a Xunta de Galicia complementou ata acadar os 35 millóns de euros.

Con estes 35 millóns de euros o goberno galego está a desenvolver un programa específico de seguridade viaria para crear sendas para peóns e ciclistas nas marxes das vías das que é titular.

No devandito programa da Xunta, 2,6 millóns de euros están consignados para as nove sendas peonís na área de Santiago que suman algo máis de quince quilómetros, fálase dos preto de seis quilómetros que separan Vidán da urbanización Monte da Devesa en Brión, pola beira da AC-543, que se comezou a construír a finais do pasado verán.

A Deputación da Coruña ven mantendo nos últimos anos un plan anual de sendas peonís que no pasado ano 2016, contou con seis fases nas que se incluían sendas peonís en distintos concellos da provincia, a ese plan provincial, destinouse un importe conxunto superior aos dous millóns de euros, e ao abeiro dese plan unha das últimas licitacións fíxose o 3 de xaneiro pasado para unha senda peonil no veciño concello de Ames entre Bertamiráns e a Ramalloza por un importe de algo máis de cincocentos mil euros, agárdase que a Deputación faga o propio e dea resposta a esa demanda histórica da mellora do acceso a Figueiras.

Entende o grupo municipal do Partido Popular, que o Concello de Santiago ten que avanzar con paso firme nesa mesma dirección, por iso presentan esta proposición que busca continuar os pasos dados nos últimos anos polo administración local coa creación e mellora de percorridos a pe en contornos naturais como as sendas dos ríos Sar e Sarela.

É necesario ampliar esas accións cara outros contornos que se consideran puntos de atracción da mobilidade, tanto no ámbito laboral como social, isto é favorecer a mobilidade de cara ás áreas empresariais e comerciais, os centros sanitarios, equipamentos deportivos, os educativos e os culturais.

Incidindo, tamén, na configuración daqueles traxectos que contribúan a tecer unha malla que articule os principais barrios e parroquias do concello.

O obxectivo do plan que propón o grupo Popular, é determinar e definir unha completa rede de itinerarios que favorezan a mobilidade alternativa, nomeadamente de uso peonil, pero tamén coa posibilidade en función dos estudos técnicos da convivencia co tránsito ciclista ao longo de todo o territorio municipal, como acontece por exemplo, no Bosque de Galicia ou nas nomeadas sendas dos ríos Sar e Sarela.

En definitiva, segue a dicir o señor Hernández, que propoñen un plan que se apoie fundamentalmente nas marxes das estradas sen renunciar, por suposto, a recuperar antigos camiños de interese histórico e cultural e paisaxístico nunha positiva conxunción de valores para a comunicación, para a cohesión e para unha ponderación xeral do alto valor do patrimonio municipal.

O plan que propoñen deberá ter en conta tamén aqueles itinerarios que están a ser executados por outras administracións e que inclúan as sendas acordadas polo pleno, como son a conexión do Milladoiro con Santiago a través de Conxo; a de Vidán-Monte Devesa que está a executar a Xunta; a de Vidán-Larañiño que figura nos orzamentos municipais de 2017, o tramo final do acceso á Granxa do Xesto no Pedroso; as sendas polas marxes das rúas Senande e San Martiño de Aríns; a senda a Figueiras; e mesmo a vía verde entre Santiago e Oroso.

En definitiva, o documento que presentan contribuiría a materializar e concretar a idea expresa no Pacto Local pola mobilidade, que avoga por desenvolver e executar itinerarios peonís accesibles, cómodos e seguros que incentiven a marcha a pe en traxectos urbanos que transcorran por todo o municipio e permitan unir os principais puntos con demanda de mobilidade.

O plan de sendas peonís, que presentan, proporcionaríalle ao concello un marco de referencia para solicitar a colaboración das distintas administracións nas actuacións coincidentes cos seus respectivos ámbitos competenciais. Ao igual que serviría para programar a execución progresiva dos itinerarios con consignacións anuais nos orzamentos municipais e coas achegas que se obteñan a través de axudas procedentes doutras administracións públicas.

Co ánimo de concretar e avanzar con realidades na incorporación da mobilidade alternativa no ámbito municipal e mesmo na relación cos concellos veciños, fixo o grupo popular a proposta que presentan ao pleno.

Don Rubén Cela Díaz, comeza anunciando o voto favorable do grupo municipal do BNG a iniciativa do Partido Popular, porque entronca con algo que o BNG leva moito tempo defendendo e porque entenden que ese plan de sendas podería ser un bo marco para sistematizar o traballo que hai que facer e manter do xa realizado e tamén como acaba de comentar o señor Hernández, de cara a mellorar as posibilidades de acceder a financiamento doutras administracións públicas que teñen diferentes vías para poder colaborar con iniciativas deste tipo.

O señor Cela quere lembrar que en setembro de 2015, o seu grupo traía a debate ao pleno, unha proposición na que demandaban unha axeitada conexión peonil cos núcleos colindantes do Concello de Ames, e nomeadamente no caso de Bertamiráns e Milladoiro, unha das actuacións, como xa comentaba o portavoz do Partido Popular xa se está a realizar, que é a que está a conectar Vidán con Roxos por parte da Xunta de Galicia, pero queda outra pendente que para o BNG é moi importante, que é esa conectividade co Milladoiro, ao fin e ao cabo están a falar dun núcleo de poboación de máis de 10.000 habitantes, daría servizo non só aos habitantes de Milladoiro, senón tamén os veciños e veciñas de Santiago da Rocha, supliría algúns dos problemas que xa se denunciaron aquí, de seguridade viaria, pensen que agora mesmo, ao remate da Ponte da Rocha dirección Santiago, non hai nin sequera un paso de peóns por onde poder atravesar na dirección de entrada a Santiago, e por outra parte, e como xa comentaron aquí valería para por en maior valor parte do patrimonio do Concello, tanto o castelo da Rocha, como incluso, os propios petróglifos.

Segue a dicir o señor Cela, que tamén facía referencia o portavoz do Partido Popular, ao último tramo ata a Granxa do Xesto, onde aproveita para lembrar, que é importante resolver o tema da cafetería, porque máis alá da explotación privada da cafetería, hai que pensar que é un servizo público, entre outras cousas, uns baños públicos para a xente que vai cos nenos e nenas a disfrutar dese entorno.

Tamén se facía referencia a outro tipo de actuacións que estaban pendentes, xa se falou no pleno da senda verde Santiago-Oroso, falouse tamén de actuacións levadas a cabo no

pasado, que el considera que foron positivas, de sendas peonís no Sar e Sarela, pero hai que lembrar, que despois de facer hai que conservar, e no caso do Sar e Sarela hai momentos do ano no que a maleza incluso dificulta o tráfico de viandantes, e polo tanto a conservación ten que ser unha prioridade, e o caso do Pedroso, que se ten comentado en pleno, e feito moito fincapé na necesidade de concretar esa actuación no exercicio de 2017.

Polo tanto, remata anunciando o señor Cela, o voto a favor do BNG, cren que é unha boa iniciativa poder sistematizar todo ese traballo.

Así mesmo, cre que Santiago, se por algo se caracteriza é pola cantidade e calidade dos seus espazos verdes, e unha parte importante é a interconexión dos mesmos a través de sendas peonís, e ademais, hai outra parte que é que esta menos traballada, e certamente, coincide o BNG nese sentido coa iniciativa do Partido Popular de que as sendas peonís sirvan para interconectar principais núcleos de centros de traballo e outro tipo de equipamentos sexan sanitarios, deportivos para facilitar que os veciños e veciñas poidan facer eses tipos de desprazamentos a pe, dun xeito tranquilo e seguro.

Remata dicindo, que o BNG sempre apoiarán medidas que fomenten a maior cantidade e calidade das sendas peonís en Santiago, porque entenden, que son medidas que axudan a mellorar a mobilidade, que son medidas que fomentan hábitos de vida saudables, e que serven para a posta en valor e mellorar o coñecemento do patrimonio natural, e tamén, histórico-artístico.

Don Francisco Reyes Santiás, di que efectivamente neste pleno xa se debateu en diversas ocasións sobre a importancia do desenvolvemento das sendas peonís, falou-se das vantaxes de recuperación de espazos naturais, da diversificación do produto turístico, de gañar espazo para as prácticas dunha vida saudable, de xerar postos de traballo tanto en tarefas de recuperación como de mantemento das sendas.

Vai engadir o señor Reyes dous exemplos, un deles no pleno de xaneiro debateuse e aprobouse unha proposición do grupo municipal Socialista para recuperación da vía verde Santiago-Oroso, naquel debate lembra o señor Reyes, un subdebate sobre as lealdades institucionais e tamén quere lembrar unha proposición do partido Socialista que foi debatida no pleno de xuño pasado, na que se falaba de establecer unhas sendas para garantir a seguridade nas rúas de San Martiño e rúa Senande de Aríns, e que aparecen hoxe na proposición do Partido Popular.

Obviamente o grupo municipal Socialista vai votar a favor da proposición do Partido Popular, pero quere lembrar que cando presentou o Partido Socialista concretamente as sendas das rúas San Martiño e Senande de Aríns, e que saíu adiante cos votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG, e Compostela Aberta e Partido Popular abstivéronse.

Don Jorge Duarte Vázquez, comeza a súa intervención dicindo que antes se facía unha mención ao pacto local pola mobilidade.

Entenden que os distintos modos de desprazamentos peonís e en bicicleta, fan que se poidan dotar dunhas sendas axeitadas, precisamente, para apostar por estes desprazamentos.

Anuncia que o grupo municipal de Compostela Aberta vai votar a favor, porque na estratexia de desenvolvemento urbano sostible integrado, xa había unha disposición de fondos para a potenciación do desprazamento a pe con accións concretas dentro do que é a estratexia EDUSI, e para este primeiro ano estarían as sendas peonís ao longo do río Sar, Viso-San Lázaro e a Rocha-Vidán, pero ademais desas, entenden que hai outras que xa se comentaron en pleno, e dentro dos fondos solicitados á Deputación están incluídas tres sendas peonís para este ano, que serían dende A Gracia-Polígono do Tambre, en Laraño, e a de San Martiño de Aríns, que aparecen incluídas na financiación de Deputación.

Polo tanto, o grupo municipal de Compostela Aberta, está a favor de ter ese plan, xa o tiñan contemplado dentro dos proxectos a financiar dentro da estratexia EDUSI, e polo tanto, cren que é un traballo necesario e forma parte da aposta que ten o goberno e esperan que sexa unha aposta de todos os grupos políticos municipais, unha aposta pola mobilidade a pe, e polo tanto, que se poidan priorizar a partir de agora, eses investimentos en sendas peonís, e tamén para poder facilitar a conexión para evitar a utilización de vehículo privado.

Remata anunciando o señor Duarte, o apoio do grupo de goberno á proposición do Partido Popular.

Rematado o debate o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda:

1. Iniciar a redacción dun Plan municipal de sendas peonís, conforme aos postulados do Pacto Local pola Mobilidade, que determine e defina unha completa rede de itinerarios para comunicar os principais centros de atracción da mobilidade na cidade (áreas empresariais e comerciais, centros sanitarios, equipamentos deportivos, educativos e culturais...), cunha atención especial á continuidade dos traxectos e a súa contribución a tecer unha malla que articule os principais barrios e parroquias do concello.

2. Incluír nese Plan as actuacións en execución ou previstas por outras administracións, así como aquelas que foron aprobadas por acordo plenario no actual mandato.

3. Programar a súa execución progresiva, con consignacións anuais nos orzamentos municipais e coas achegas que se obteñan a través de axudas procedentes doutras administracións públicas.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA A MELLORAR OS FUTUROS PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN DE ILUMINACIÓN DE FESTAS.

O texto da proposición presentada con data 10 de xaneiro de 2017, número de rexistro 5, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa a mellorar os futuros procedementos de contratación de iluminación de festas para contribuír a un mellor funcionamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para evitar os recorrentes problemas que acontecen cada vez que se contrata iluminación festiva para decorar as rúas de Santiago de Compostela, débese mudar o criterio dos pregos técnicos e administrativos de licitación, ademais de que se realice en cooperación co sector da hostalería e comercio local.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago realizará unha única licitación para toda a iluminación de eventos festivos (Nadal, Entroido, festas do Apóstolo e Ascensión, entre outros) na que, entre outros, garantirá:

- a) Realización dun contrato plurianual onde terá máis peso a oferta técnica e artística sobre a ponderación da oferta económica, valorando a posibilidade de convocar unha comisión de persoas expertas tal e como faculta a Lei de Contratos do Sector Público para a súa valoración.
- b) A partir do 1 de decembro estará instalada a iluminación de Nadal e o encendido inicial será na ponte da Constitución.
- c) A inspección técnica non só se efectuará *a posteriori* senón durante a colocación desa iluminación e non só sobre criterios artísticos senón tamén sobre os criterios técnicos e de seguridade.

O Concello debe presentarlle unha proposta formal á hostalaría e ao tecido comercial de Santiago, para que esa iniciativa sexa conxunta e tamén o seu financiamento.”

Don Rubén Cela Díaz, pasa a defender a proposición presentada polo seu grupo.

Comeza dicindo que a motivación da proposición presentada é formalizar un pouco algo que seguramente moitos dos presentes xa lle teñen escoitado en mesas de contratación, e tamén publicamente.

Polo tanto, trátase de intentar sistematizar un pouco o que dende o Bloque Nacionalista Galego entenden que poden ser melloras ad futurum, para intentar evitar algúns dos problemas que se viviron no pasado a respecto da iluminación pública, sobre de todo, en datas sinaladas como as propias do nadal.

Nese sentido o BNG fai unha proposta baseada basicamente en seis puntos:

En primeiro lugar, en que se faga unha licitación de carácter plurianual, hai moitos concellos que xa o fan así, é positivo para o concello, non hai que ter a tensión de estar licitando todos os anos, e tamén é bo para a empresa adxudicataria no sentido de poder prever con maior antelación o traballo que ten que realizar.

En segundo lugar, o que propón o BNG, e que esa licitación non sexa referida exclusivamente ao alumeado de nadal, senón que se incorporen todos aqueles aspectos que teñan que ver con alumeado especial ao longo do ano, sexa nadal, festas do Apóstolo, Ascensión, entroido, e algúns tipos de actuacións concretas como en Cine Europa, ou outras que poidan requirir dalgún tipo de iluminación especial.

En terceiro lugar, e especificamente con respecto do nadal, o que propón o BNG é que eses pregos recollan que obrigatoriamente a instalación tería que estar realizada antes do 31 de novembro de cada ano, é dicir, que estea instalada antes do comezo do mes de decembro co compromiso de facer a apertura oficial ou acendido oficial do alumeado coincidindo coa ponte da Constitución, que é a demanda que de xeito reiterado fai o pequeno comercio.

En cuarto lugar o BNG o que propón, é que ad futurum, se pondere máis ou bastante máis do que se fai actualmente a oferta técnica, os criterios artísticos de integración paisaxística, de calidade das luminarias e demais, a respecto do peso específico que ten actualmente a oferta económica.

Nese sentido, como saben todos e todas, segue a dicir o señor Cela, a lei de contratos do sector público faculta a posibilidade de primar moito máis a oferta artística sobre a

económica, no caso de que se constituía unha comisión de expertos, e nese sentido, unha das posibilidades que podería ter o goberno na súa man é a convocatoria dunha comisión de expertos que poida facer esa avaliación, e polo tanto, que o criterio técnico e artístico prime moito máis que o exclusivamente económico, que é o que actualmente na práctica o converte nunha subhasta.

En quinto lugar, algo que tamén é reiterado no concello, pero que nunca se concreta, e é a participación do sector privado.

O BNG defende que haxa ese alumeado, pensan que o alumeado é algo importante para o pequeno comercio para competir coas grandes superficies comerciais, pero tamén entenden que os principais beneficiarios e beneficiarias do alumeado público, pois son os pequenos comercios e a hostalería compostelá e, polo tanto, tamén entenden que deberán ter un grao de corresponsabilización maior e tamén no económico.

O BNG non está de acordo con que o 100% do alumeado de Santiago se pague con cartos públicos e nese sentido, entenden que sería boa a participación do sector privado corresponsabilizándose economicamente da execución do mesmo, e polo tanto tamén, podendo participar do proceso de toma de decisións.

En último lugar, cre o señor Cela, que tamén é importante, que se recolla que a inspección dos técnicos municipais non sexa exclusivamente a posteriori, senón que haxa unha inspección in situ durante o proceso de colocación do alumeado para evitar outro tipo de problemas.

Considera o señor Cela que todo o que se pide son cousas razoables, que xa se veñen a aplicando noutros concellos, e aquí tamén as faloron en multitude de ocasións, e sen mirar para atrás e intentando mirar para diante, considera que no caso de que se opte por unha liña deste tipo ou similar, pois o que se vai garantir para os vindeiros anos e non ter nin sobressaltos, nin os apuros, e intentar ter ao final o mellor servizo posible e co menor custe para as arcas públicas.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, defende a postura do grupo municipal Socialista en relación á proposición do BNG, e felicita en primeiro lugar a D. Rubén Cela, polo interese que está a amosar coa iluminación de nadal e das demais festas da cidade.

E desexa que o concelleiro de festas da cidade mostre ese mesmo interese, e así evitárase algo que debería ser tan sinxelo, como é unha iluminación de nadal, a día de hoxe 19 de xaneiro, se teña que traer aquí a debate como hai que facer nos vindeiros anos.

Manifesta o señor Muíños, que a proposta agás no punto que fala de presentarlle unha proposta o tecido comercial e hostaleiro, en todo o demais xa se dixo con anterioridade polo grupo Socialista en diferentes debates de radio, televisión, roldas de prensa, e estase a ver que o dito non está a caer en saco roto, e que malia que Compostela Aberta non foi quen de facelo nestes dous anos, estase a demostrar que a oposición estase a interesarse pola iluminación de todos os eventos festivos da cidade.

Segue a dicir, que a maioría dos puntos que aparecen reflectidos na proposta, responden máis a unha lóxica, que a verdadeiras propostas.

Considera que a ninguén se lle escapa que as festas de nadal son en decembro, que a iluminación forma parte da oferta da cidade, e que a instalación do alumeadado ten que cumprir, como non, con todas as normas de seguridade, iso ao grupo municipal Socialista parécelle de caixón.

Compostela Aberta leva dous anos facendo as cousas tarde, e o grupo Socialista ven denunciando o que está acontecer coas festas, en especial coas de nadal, e como xa dixeron en diversas ocasións resulta fundamental un concurso plurianual, porque pensan que só así poderán concorrer empresas competitivas, relevantes e que sobre de todo van garantir maior calidade e, por suposto, seguridade.

Hai que evitar o que pasou este ano, denunciando polo grupo Socialista no pasado pleno a través dunha moción de urxencia, para que non volva a suceder.

Santiago é a capital de Galicia, hai que ofrecer un bo programa de festas, atractivo e cunha iluminación á altura do que a cidade representa.

Remata o señor Muíños, mostrando o apoio do grupo Socialista á proposición do BNG, votando favorablemente a mesma.

Dona M^a Teresa Cancelo Márquez, di que a postura do grupo municipal do Partido Popular á proposición do BNG vai ser favorable, por varios motivos:

Primeiro, porque prima a oferta técnica e artística, e o seu carácter plurianual.

E porque pode supoñer un considerable aforro económico ao concello, porque seguramente vai contribuír a acadar un contrato máis amplo e de maior calidade, e sen dúbida, vai supoñer unha mellora fundamental en moitos aspectos que ultimamente teñen sido obxecto de moitas críticas de todos os grupos da oposición e de boa parte da cidadanía.

Evidentemente, considera a señora Cancelo que na proposición do BNG poderían concretarse outros aspectos, como a obriga do emprego de tecnoloxía led, para maximizar o aforro, a posibilidade de introducir cotas de renovación nos elementos para cada unha das festas, así como as condicións particulares de orixinalidade e calidade, para edificios e lugares emblemáticos.

A comisión de expertos que se propón na iniciativa do BNG, saberán introducir e valorar axeitadamente estas melloras e vantaxes, todas esas cuestións, e o feito de que se fixe un marco formal e rigoroso que poña fin á improvisación e a precipitación apreciada nos últimos tempos, fai que o Partido Popular valore e confíe na fórmula proposta polo BNG, e que ademais, xa foi levada a cabo por varios concellos en Galicia e fora de Galicia.

Remata anunciando o voto favorable do grupo municipal do Partido Popular.

Don Xan Duro Fernández, di que non vai entrar nos comentarios feitos, porque xa se falou no pasado pleno, manifesta que, en principio, están de acordo coa proposición do BNG, pero engade, que lle xera dúas reflexións:

A primeira, como seguro sabe o señor Cela, xa que como concelleiro está en contacto permanente co tecido asociativo e empresarial da cidade, xa teñen falado en distintas ocasións sobre este tema, e sondeando as posibilidades de compartir os gastos e a aumentar a participación no proceso de implantación do alumeado de nadal, e posibilidades que vaian máis aló do que é unha subvención nominal que figura tal como anunciaron outras veces no pleno, e mesmo se reclamaba nalgunha moción presentada aquí, están a reducir en favor de procesos competitivos, hai posibilidades de patrocinios, están a darlle voltas, pero é un traballo que por parte do grupo de goberno xa están a desenvolver.

A dúbida que lle xera ao señor Duro a proposición do BNG, é a contratación do conxunto de iluminación de todas as festas do concello, nunha única licitación, gustaríalle que se lle aclarara por parte do proponente, se única licitación e único lote ou pode ser licitada por lotes.

Engade o concelleiro da área, que unha única licitación restrinxiría o acceso ás pequenas e medianas empresas que non teñen capacidade para enfrontarse, e con respecto a todo o demais están de acordo e votarán a favor.

Don Rubén Cela Díaz, manifesta que soamente vai aclarar a dúbida que manifesta o concelleiro, porque evidentemente non é menor, considera que puido ser máis específico na proposición, pero cre que o sistema máis acaído sería única licitación con diferentes lotes, porque efectivamente o problema que teñen licitacións con carácter

plurianual e que ademais comprendan diferentes actuacións que aumentan a contía do concurso, e que moitas veces para obter a solvencia técnica e económica para poder concursar pequenas empresas do ámbito local ou comarcal quedan excluídas dos procesos, e cre o señor Cela, que iso nunca é bo, polo que cre que se pode facer unha única licitación, con lotes separados.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda:

a) Realización dun contrato plurianual onde terá máis peso a oferta técnica e artística sobre a ponderación da oferta económica, valorando a posibilidade de convocar unha comisión de persoas expertas tal e como faculta a Lei de Contratos do Sector Público para a súa valoración.

b) A partir do 1 de decembro estará instalada a iluminación de Nadal e o encendido inicial será na ponte da Constitución.

c) A inspección técnica non só se efectuará a posteriori senón durante a colocación desa iluminación e non só sobre criterios artísticos senón tamén sobre os criterios técnicos e de seguridade.

O Concello debe presentarlle unha proposta formal á hostalaría e ao tecido comercial de Santiago, para que esa iniciativa sexa conxunta e tamén o seu financiamento.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, PARA AVALIAR A IDONEIDADE DA CREACIÓN DUNHA ZONA FRANCA-POLÍGONO LOXÍSTICO VENCELLADA AO AEROPORTO DE LAVACOLLA.

O texto da proposición do epígrafe presentada con data 10 de xaneiro de 2017, núm. 8, ten o seguinte contido:

“Unha Zona Franca, tamén denominada área exenta, forma parte do territorio dun estado, baixo un réxime aduaneiro especial, de maneira que as mercadorías que son depositadas nese espazo gozan de vantaxes importantes como desgravacións fiscais, así como a eliminación de medidas arancelarias, o que proporciona unha redución dos custos de produción e de distribución.

A Organización Internacional do Traballo en 1998, defínese como zonas industriais dotadas de incentivos especiais para atraer aos inversores estranxeiros, nas que os materiais de importación se someten a un certo grado de proceso industrial antes de ser de novo exportados. O obxectivo das zonas francas é o de almacenar produtos exentos

de gravames, que permiten a manipulación das mercadorías ata que cheguen ao seu punto de destino, podendo ser estas obxecto de perfeccionamento activo ou de transformación na mesma zona franca.

De conformidade coa Orde de 2 de decembro, a autorización para a habilitación dunha Zona Franca será outorgada polo Ministerio de Economía e Facenda e será tramitada a autorización para a creación da Zona Franca polo Departamento de Aduanas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria; mediante autorización concedida á solicitude de entidades, consorcios ou sociedades mercantís.

A maioría dos autores (Veiga Zafra, M.A.; Arteaga Ortiz, J.; Pinilla, I.; etc) entenden que os beneficios das Zonas Francas poden ser: a) Aduaneiros: sempre que sexan depósitos aduaneiros, as obrigas xorden cando as mercadorías son despachadas a consumo; b) Fiscais: poden ser exencións de IVA sobre a renda das persoas físicas e outro tipo de impostos relacionados coa saída das mercadorías do territorio aduaneiro comunitario, xa que supón que a Zona Franca é un territorio de almacenamento, tránsito e transformación de mercadorías, sexan tanto comunitarias como non comunitarias, non suxeitas ao pago de impostos á entrada pola transformación ou almacenamento, de maneira que só están fiscalmente obrigadas á súa saída do recinto da Zona Franca.

Compostela reúne as condicións para a instalación dunha Zona Franca, xa que existen infraestruturas suficientes (rede de estradas, rede ferroviaria, autopista do Atlántico e o Aeroporto do Lavacolla), que a conectan coas principais cidades do estado Español, de Europa e pode servir como ponte cara Hispanoamérica.

O establecemento dunha Zona Franca en Santiago de Compostela non só influiría no ámbito xeográfico do municipio, senón que tamén incidiría no “hinterland” de Compostela, tendo en conta que empresarios do triángulo Ribeira-Melide-Lalín tamén utilizan o Aeroporto de Santiago, e poderían estar interesados no uso da Zona Franca de Compostela. O entramado empresarial do referido “hinterland” veríase incrementado coa incorporación de elementos de nova tecnoloxía e conlevaría unha reactivación das actividades económicas, xa que promovería actividades empresariais incorporando novas técnicas e formas de desenvolvemento industrial e comercial (Veiga Zafra, M.A.); xa que instrumentos como este abren novos mercados tanto de países comunitarios como non comunitarios, xa que os incentivos fiscais, unidos a unha mellora nas condicións de comercialización do solo público empresarial de Compostela, provocarían a instalación de novas empresas no Municipio que incorporarían elementos novedosos para a economía local; co obxectivo de mellorar e equilibrar a oferta empresarial, para que acompañe de forma compasada ao sector turístico que se mantén como referente galego e estatal.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista **PROPÓN** a adopción dos seguintes acordos:

Que o Concello de Santiago de Compostela proceda, ao amparo do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, a creación dunha comisión, dentro do Consello Económico e Social, que teña por obxecto determinar a idoneidade de crear unha Zona Franca-Parque Loxístico en Compostela, vencellada ao aeroporto de Lavacolla.

A avaliación deste proxecto deberá analizarse, polo menos, desde dúas perspectivas, a económica e a financeira. Na económica valoraranse os beneficios e custes que a actuación xera na sociedade no seu conxunto, mentres que na financeira a avaliación realizarase centrándose nos ingresos e gastos xerados directamente por ela mesma. Con iso, a primeira determinará a contribución do proxecto ao benestar social, mostrando a idoneidade de realizar o proxecto ou non; e pola súa banda a segunda, determinará se a xeración de ingresos cubriría os custes, o que permitiría ou alentaría a participación privada na devandita actuación.”

Don Francisco Reyes Santiás, fai defensa da proposición presentada polo seu grupo.

Comeza dicindo, que dende o punto de vista da xeración de actividade económica e de xeración de riqueza o Concello de Santiago de Compostela, presenta unhas características moi particulares.

Segundo datos do Instituto Galego de Estatística hai 9.831 empresas con sede en Santiago de Compostela, das que 419 pertencen ao sector da industria manufactureira e 429 ao sector do transporte almacenamento, fronte ás 957 do sector da hostalería.

Un dos obxectivos do plan estratéxico da cidade, é a diversificación do tecido económico fronte ao evidente peso dos sectores do turismo e hostalería.

O desenvolvemento de novas industrias e servizos, le textualmente o plan estratéxico, no conxunto da área urbana xunto co elevado dinamismo da poboación estimada favorecería a creación dun elevado número de postos de traballo na cidade na área urbana.

Santiago é a súa área de influencia posúen certas características que poden contribuír a consecución do dito escenario.

En primeiro lugar, a posición estratéxica da cidade central entre as dúas grandes áreas metropolitanas galegas do Eixo Atlántico o que lle pode permitir actuar como bisagra da actividade económica de ambas.

En segundo lugar, a aposta polas novas industrias de alta tecnoloxía poderá verse favorecida polo apoio da Universidade na aplicación de investigación básica aos procesos industriais.

Neste sentido, parece razoable propoñer como obxectivo a consolidación de mecanismos para transferencia de tecnoloxía producida nos centros de investigación cara aos procesos produtivos.

A mellora de oferta de solo industrial, parece outra das actuacións necesarias para a consecución deste novo escenario, segundo o plan estratéxico, cun dobre obxectivo, facer a cidade máis atractiva cara aos investimentos de novas empresas e impedir o estrangulamento das empresas que están a crecer a bo ritmo, pero que por motivos do espazo, non poden expandir a súa actividade, por este motivo, é necesaria a aposta pola creación de novo solo industrial estratéxico para Santiago.

Segue a dicir o señor Santiás, que indica o propio plan estratéxico, que unha primeira estimación da capacidade de emprego destes parques situaría Santiago entorno aos once mil novos empregos, que se distribuirían entre o sector industrial e de servizos.

Tras o desenvolvemento da oferta de solo empresarial, é necesario xerar un escenario atractivo para que as empresas decidan instalarse no concello, por unha banda, baixando o prezo do solo e ofertando condicións de pagamento vantaxosas, e por outra banda, conseguir vantaxes para comercialización dos produtos, unido a centralidade xeográfica coas vías de comunicación.

Débese tamén apostar por sectores con alto nivel de rendabilidade e potencial de crecemento de negocio, e polo tanto, de emprego.

Nese sentido o sector da loxística, do transporte, presenta unha rendabilidade financeira do 6,22% cunha taxa de crecemento do 2,05 respecto do ano anterior a segunda máis alta despois do sector da saúde e a asistencia social.

Así mesmo, o sector da loxística e do transporte conta cunha taxa de crecemento no emprego de 2,43% ano.

Unha posibilidade de incentivar o establecemento de empresas do sector da loxística e do transporte e vinculado a estas as actividades de exportación e importación e a posibilidade de ofertar vantaxes fiscais e arancelarias.

O instrumento para tales incentivos podería ser a consecución e establecemento dunha zona franca vinculada ao aeroporto de Lavacolla e aos polígonos industriais próximos.

Segundo, Vega Zafra profesor da Universidade de Alacante, atendendo ao Real Decreto Lei 11/06, unha zona franca, tamén denominada área exenta, forma parte do territorio dun estado baixo un réxime aduaneiro especial, de maneira que as mercadorías que son depositadas neste espazo gozan de vantaxes importantes, como desgravacións fiscais e liberarse de medidas arancelarias, o que proporciona unha redución dos custes de produción e distribución.

As zonas francas conlevan importantes vantaxes aduaneiras e fiscais para o desenvolvemento de actividades empresariais relacionadas co comercio internacional, tales vantaxes derívanse da súa consideración a efectos arancelarios e fiscais, e do seu territorio non comunitario, a pesar de estar situadas dentro da unión aduaneira, iso supón en esencia que cando unha mercadoría procedente dun país non comunitario entra nunha zona franca estímase que non foi importada, e á vez se a mercadoría introducida na zona franca procede de territorio comunitario, dita operación asimilárase a unha exportación.

Os beneficios económicos fundamentais para unha empresa establecida nunha zona franca, serían a non aplicación de aranceis ás mercadorías procedentes de territorios non comunitarios, a simplificación das obrigas formais e de control sobre a entrada de mercadorías procedentes de territorios non comunitarios, a non aplicación do IVE ás mercadorías procedentes de territorios non comunitarios e ás mercadorías procedentes do interior da Unión Europea, ás operacións empresariais realizadas dentro da zona franca, a non aplicación dos impostos especiais de fabricación ás mercadorías procedentes de territorios non comunitarios, e a posibilidade de introducir produtos procedentes do interior da Unión Europea en réxime suspensivo do imposto especial de fabricación.

Doutra banda a contribución da zona franca, en concreto, acondicionamento e creación das construcións necesarias para desenvolver a actividade empresarial, tería tamén unha incidencia sobre as arcas públicas municipais.

O investimento inicial para desenvolver o proxecto e obter unha compensación inicial vía impostos municipais vinculados coa construción, todo iso á marxe da repercusión sobre o tecido empresarial e a xeración de postos de traballo.

Compostela, entende o grupo municipal Socialista, que reúne as condicións para a instalación dunha zona franca, xa que existen infraestruturas suficientes, rede de estradas, rede ferroviaria, autoestrada do Atlántico e o aeroporto de Lavacolla que conectan coas principais cidades do estado español e de Europa, e podendo servir como ponte cara Hispanoamérica.

O establecemento en Santiago de Compostela non só influiría no ámbito xeográfico do municipio, senón que tamén no seu hinterland, xa que empresarios do triángulo Ribeira, Melide, Lalín, tamén autorizan o aeroporto de Santiago e poderían estar interesados no uso desta zona franca.

O armazón empresarial do dito hinterland veríase incrementado coa incorporación de elementos de nova tecnoloxía, suporía unha reactivación das actividades económicas e promovería actividades empresariais incorporando novas técnicas e formas de desenvolvemento industrial e comercial.

A normativa comunitaria delega nos estados membros a competencia e capacidade para autorizar a constitución de zonas francas nos seus respectivos territorios.

Remata o señor Reyes, expoñendo as propostas que contén o texto por eles presentado.

Que o Concello de Santiago de Compostela procedaá creación dunha comisión, dentro do Consello Económico e Social, que teña por obxecto determinar a idoneidade de crear unha Zona Franca-Parque Loxístico en Compostela, vencellada ao aeroporto de Lavacolla.

Don Rubén Cela Díaz, comeza dicindo que lle preguntaba el fai un momento ao secretario se era posible facer unha especie de emenda in voce, e vai comentar o motivo.

O BNG non tería ningún problema en apoiar esta proposición do grupo Socialista, pero entenden, e vai explicar o por qué, que en vez de zona franca, habería que falar de depósito franco.

Vai explicar o por qué, certamente como comentaba o portavoz do grupo municipal Socialista, unha zona franca é un espazo físico cun réxime aduaneiro especial, de xeito que as mercadorías que alí están depositadas, pois contan con desgravacións fiscais ou directamente hai unha eliminación das medidas arancelarias e nese sentido, calquera localidade que teña no seu propio municipio unha zona franca, evidentemente é un revulsivo dende unha perspectiva empresarial ou comercial, e sobre de todo, en todo o que ten que estar vencellado co mundo das exportacións e das importacións.

Segue a explicar o señor Cela, que acontece hai un requisito para ser zona franca ter porto marítimo, e ter conexión de ultramar e cunhas condicións naturais de abrigo e seguridade, que non son calquera cuestión.

Nese sentido no estado español só existen, cre o señor Cela, sete zonas francas que son Barcelona, Cádiz, Palmas de Gran Canaria, Tenerife, Santander, Sevilla e Vigo, de feito Madrid non ten zona franca, que debe de ser dos poucos privilexios dos que carece, pero

si que ten depósito franco, depósitos francos hai quince, Algeciras, Alicante, Cartagena, A Coruña, Xixón, o aeroporto de Madrid, Málaga, As Palmas, Pasaxes, Santander, Sevilla, Tarragona, Valencia, Burgos e Zaragoza, polo tanto, cre o señor Cela que ao que se podería aspirar é a un depósito franco no entorno do aeroporto.

En calquera caso, o BNG, se iso se acepta non teñen ningún problema en votar a favor, pero quere facer fincapé o señor Cela en algo que é máis accesible e que considera que ten máis importancia e máis urxencia, que son dúas infraestruturas que están eternamente aprazadas na cidade, unha é a estación de mercadorías da Sionlla, aí hai setenta mil metros cadrados reservados no PXOM na área industrial norte da cidade, gastouse moito tempo no pleno no debate da estación intermodal e pouquísimo tempo en falar de que non hai ningunha solución no curto prazo para o tráfico de mercadorías para Santiago de Compostela.

Evidentemente para o BNG iso tiña que ser absolutamente prioritario a estación de mercadorías na Sionlla.

A outra cuestión que considera o señor Cela que é prioritaria tamén para favorecer e mellorar os números do tráfico de mercadorías tamén no aeroporto de Lavacolla, ten que ver coa propia terminal de cargas e as melloras que se puideran facer nese sentido.

Lembra o señor Cela que a vella terminal do aeroporto podería ter usos mellores, que ser un viveiro de silvas.

Polo que considera o señor Cela, que esas dúas cuestións, terminal de cargas no aeroporto de Lavacolla, e usos da vella terminal, e por outra parte a estación de mercadorías na Sionlla, deberían ser prioridades, sen ter ningún problema o BNG na demanda dese depósito franco no entorno do aeroporto de Lavacolla.

Dona María Antón Vilasánchez, comeza ironizando e di que esta semana en Raxoi houbo un virus que non foi o da gripe, senón o das ocorrencias.

Primeiro o señor alcalde, coas taxas turísticas, e agora o señor Reyes coa zona franca, e Rubén acaba agora tamén de ter unha ocorrencia in voce, absolutamente desproporcionada, e dille ao señor Cela que debería saber que a normativa comunitaria ten prohibidos depósitos francos, e xustamente todos os que son depósitos francos teñen que mudar cara zonas francas ou outras figuras, co cal esta ocorrencia súmase as outras dúas.

Dille a señora Antón ao señor Reyes, que non é nada agradable ter que vir aquí a desenmascarar que o señor Reyes é un reincidente, un copiador compulsivo de

documentos que se atopan con facilidade na rede. Copiar non esta ben, a inspiración non pode ser plaxio, aquí hai copia pura e simple.

Segue a dicir a señora Antón, que o grupo Popular entende o fondo do asunto, a preocupación por buscar para Santiago un novo nicho de xeración de riqueza e outorgarlle novas posibilidades de crecemento económico, de diversificar o tecido produtivo, de buscar maior empregabilidade, por iso, Santiago de Compostela xa está no mapa da loxística do transporte de Galicia, que como seguro que saben e coñecen, desenvólvese en parte a través do IGVS e o Xestur na procura de mellorar a competitividade de Galicia coa globalización e internacionalización dos produtos.

A Xunta de Galicia, por ese motivo, foi determinando e creando unha serie de áreas empresariais situadas en lugares estratéxicos dende o punto de vista da comunicación viaria, pero que sexan polivalentes para o transporte combinado.

No devandito mapa Santiago xa ten unha área no Polígono da Sionlla, un parque empresarial que sen dúbida hai que desenvolver da man e coa participación activa dos axentes sociais e económicos da cidade, a Universidade, a Cámara de Comercio, os empresarios, etc., etc., e por suposto liderada polo goberno do Concello, se é capaz.

A señora Antón dille ao señor Santiás, que el comenta na prensa que a citada zona franca estaría vinculada ao aeroporto de Lavacolla e destinada ás tecnoloxías electrónicas, téxtil e confección.

Así mesmo dille a señora Antón ao señor Reyes, se considera lóxico ter unha zona franca para ter empresas, ela cre, que primeiro deberían existir empresas con masa crítica suficiente, a non ser, que o señor Reyes xa teña en mente todas esas empresas que existen ou son susceptibles de estar interesadas por esta posible área.

Considera a concelleira, dona María, que o mellor é empezar por establecer medidas positivas para a instalación na propia Sionlla de empresas con alto valor, creando un polo punteiro, facendo da Sionlla un laboratorio de innovación e un laboratorio social e un laboratorio vinculado á cultura, ao audiovisual, as artes escénicas, etc.

O grupo municipal do Partido Popular non se opón á creación de ningunha comisión, pero o que non van facer é participar das ocorrencias do señor Reyes que están copiadas de estudos alleos.

Dona Marta Lois González, comeza dicindo que o sentido de voto do grupo de goberno vai ser en contra e que non van entrar no fondo do debate, porque entre outras cousas entenden que as iniciativas destas características que afectan ao conxunto do tecido económico municipal, deben ser estudados no marco do grupo de traballo

constituído tras a sinatura do acordo de colaboración entre o IGVS, o IGAPE, o Concello de Santiago, a USC, a Cámara de Comercio e a Asociación Área Empresarial do Tambre.

Segue a dicir a señora Lois, que o devandito acordo foi asinado o pasado luns, 16 de xaneiro de 2017, e xa viña funcionando ao abeiro do acordo asinado no ano 2015, sen a participación ata o momento da Cámara de Comercio e do IGAPE, e cuxa incorporación xustifica precisamente a sinatura do novo acordo.

O grupo municipal do Partido Socialista forma parte desa mesa de traballo, polo que pensa o grupo de goberno, que é precisamente nese foro no que debería estudarse esta proposta, e que debería contar co apoio das entidades alí representadas, para estudar a viabilidade, o debaten e a folia de ruta da súa posible pertinente implantación.

Don Francisco Reyes Santiás, en primeiro lugar quere dicir que unha Directiva do 92, porque di que ten razón o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, na Lei española que facía referencia ás zonas francas, si recollía que foran portos de mar, e por iso, todas as zonas francas que existen en España ate o de agora son todas portos de mar, pero unha Directiva do ano 92 muda esa situación, e plantexa que non teñen porque ser exclusivamente portos de mar, de feito existen en Irlanda e en Holanda que tamén están vencelladas a aeroportos.

O novo código aduaneiro comunitario, o que determina que os que eran depósitos francos teñen que mudar, de feito xa non se fala no novo código aduaneiro de depósitos francos, fala soamente de zonas francas, e nunha disposición transitoria di que terán que mudar eses depósitos francos, ou ben a zonas francas ou ben a depósitos aduaneiros.

Dille o señor Reyes a señora Antón, que lle gustaría que pola súa parte expuxera os argumentos a favor ou en contra das propostas, e engade que o único que fai a concelleira sistematicamente coas propostas dos demais grupos e tentar de descualificar a proposta, sen valorar, sen entrar a facer propostas de mellorar, simplemente a descualificación.

Continúa a dicirlle o señor Reyes a señora Antón, que a opinión da concelleira é que todo o que din os outros grupos son ocorrencias.

O grupo Socialista sempre se reserva a opinión das propostas que fai o Partido Popular, respéctanas, vótanas, e opinan o que lles parece ben ou non, pero non se dedican a descualificalas.

Segue a dicir o señor Santiás, que a orixe desta proposición é unha moción do Partido Socialista do Concello de Alacante, porque nese concello fixose un traballo para solicitar a creación dunha zona franca.

Di o señor Reyes que con respecto ao Polígono da Sionlla, que despois de anos do grupo Socialista demandar no Parlamento que se baixarán os prezos das parcelas do polígono para poder competir co norte de Portugal, e por certo, o voceiro do Partido Popular no Concello, naquel momento Conselleiro de Infraestruturas, sistematicamente votou en contra, houbo que esperar a que o que o substituíu asumise a situación, baixar os prezos e flexibilizar a forma de pagamento desas parcelas.

Aínda con esa baixada de prezos séguense a ter o prezo dos polígonos industriais públicos máis caros de Galicia, e, como consecuencia, sen poder competir co norte de Portugal.

Entende o señor Reyes o plantexamento feito con respecto a esta proposición pola portavoz do grupo municipal de Compostela Aberta, cando di que onde se ten que facer o estudo non é na comisión que xorda do Consello Económico Social, pero propón que se faga no seo dun grupo de traballo constituído tras a sinatura dun acordo con varias entidades o IGVS, IGAPE, Cámara de Comercio, Universidade, etc.

Aclara o señor Reyes, que non aceptan a emenda feita polo señor Cela, polo exposto.

Dona María Antón Vilasánchez, dille ao señor Reyes que quen se descualifica así mesmo e el traendo unha proposición copiada, descualifícase a el, ao grupo Socialista e ao pleno, é unha tomadura para os/as veciños/as de Santiago de Compostela.

Fai a señora Antón lectura a unha resposta que aparece nas redes sociais en relación á proposición do grupo municipal Socialista.

Prégalle a señora Antón ao señor Reyes, que se quere que siga copiando, pero que non diga que o grupo Popular ven aquí a descualificar.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 3 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal Socialista, 9 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta e 11 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e BNG (9 PP e 2 BNG), rexeita a devandita proposición.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA A COBRARLLES ÁS EMPRESAS ELÉCTRICAS AS TAXAS

CORRESPONDENTES A UTILIZACIÓN DE SOLO DE DOMINIO PÚBLICO NOS TENDIDOS DE BAIXA, MEDIA OU ALTA TENSIÓN.

O texto da proposición presentada con data 10 de xaneiro de 2017, núm. 9, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa a cobrarlles as taxas correspondentes ás empresas eléctricas pola utilización de solo de dominio público nos tendidos de baixa, media ou alta tensión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Tribunal Supremo vén de avalar nunha sentenza que os concellos graven as empresas eléctricas e de gas pola utilización do dominio público das súas instalacións de transporte de enerxía cun cálculo que excede o valor catastral dos terreos e que inclúe a súa utilidade. Así o estableceu en cinco sentenzas que sentan doutrina e pechan un longo enfrontamento entre municipios e compañías, que se negaban a pagar estas taxas.

Estes fallos, contrarios a Unión Fenosa, Gas Galicia e Red Eléctrica, e con impacto directo no resto do sector, requiren que as ordenanzas fiscais inclúan unha taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos. Ademais, valórase o solo ocupado como se esas liñas e canalizacións se tratasen de construcións a efectos de calcular a base imponible da taxa.

A Lei Reguladora das Facendas Locais estableceu en 2004 que as empresas eléctricas, de gas, de auga e hidrocarburos están obrigadas a pagar unha taxa fixada por un informe técnico-económico por atravesar os municipios aínda que non os subministren. Aínda así, as empresas non aboaron por cruzar coas instalacións os termos municipais.

O cálculo das tarifas da taxa realízase de acordo cun estudo técnico-económico que se sustenta nun informe da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP). Así, o seu valor obtense sumando o valor catastral do solo rústico con construcións ao valor das instalacións, e a base imponible é resultado de multiplicar ese valor do inmovible ao coeficiente de relación co mercado e a ocupación en metro cadrado que corresponde a cada metro lineal.

A cota a pagar sitúase entre 3.000 euros e 12.000 euros por metro lineal segundo o tipo de tensión -baixa, media ou alta-. No que respecta ao gas, oscila entre os 500 euros e os 4.000 euros.

Así, na sentenza do Alto Tribunal recóllese expresamente que non se trata de gravar un solo rústico de uso agropecuario, senón a utilidade que lle reporta ao suxeito pasivo a utilización privativa ou o aproveitamento especial do mesmo, con exclusión dos demais, para unha actividade netamente industrial consistente en transportar e distribuír enerxía eléctrica.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago procederá a facer as xestións necesarias para recadar das empresas eléctricas e de gas o importe das taxas correspondentes pola utilización de solo de dominio público para o tendido de baixa, media ou alta tensión instalado e, de ser necesario, mesmo revisará as ordenanzas fiscais para incluír ese concepto nos termos da sentenza do Tribunal Supremo que así o avala.”

Don Rubén Cela Díaz, con respecto á proposición presentada polo seu grupo, di que tiña moito sentido e xustificábase por si mesma, engade que hoxe cobra bastante máis interese tendo en conta os últimos abusos das empresas eléctricas no estado español, unha suba de tarifas en plena temporada invernal e con ola de frío siberiano, mesmo alcanzando máximos históricos nos prezos de 92 euros por megavatio hora, o dobre do prezo medio e en horario de máxima necesidade nos fogares.

O sentido da iniciativa do BNG vai en relación a unha sentenza que ven de avalar o Tribunal Supremo, que ven a dicir, que os concellos poden gravar as empresas eléctricas e de gas pola utilización do dominio público das súas instalacións de transporte de enerxía cun cálculo que excede o valor catastral dos terreos que ocupan e que inclúe a súa utilidade.

Iso quedou establecido en cinco sentenzas que sentan doutrina e pechan un longo enfrontamento entre municipios e compañías, que se negaban a pagar estas taxas.

Estes fallos xudiciais, contrarios a Unión Fenosa, Gas Galicia e Rede Eléctrica, e con impacto directo no resto do sector, requiren que as ordenanzas fiscais inclúan unha taxa específica. Ademais, valórase o solo ocupado como se esas liñas e canalizacións se tratasen de construcións a efectos de calcular a base impoñíbel da taxa.

A cota a pagar sitúase entre 3000 e 12000 euros por metro lineal segundo o tipo de tensión baixa, media ou alta, e no que respecta ao gas oscila entre os 500 e os 4000 euros.

Con esta proposición demandáselle ao grupo de goberno, que teña en conta estas circunstancias e que se dean os pasos precisos para comezar a cobrar de xeito efectivo esta taxa.

O Concello de Santiago non o tiña incorporado nas ordenanzas fiscais, e polo tanto, non se pode facer o que van facer moitos concellos, que é poder cobrala con carácter retroactivo, pero o BNG considera que é importante incorporala o antes posible, e que empecen a contribuír nas arcas municipais empresas, que as veces, teñen un comportamento bastante pouco ético na súa práctica comercial, e que fan un uso privativo de espazo público do que se están a lucrar.

Don Francisco Reyes Santiás, anuncia que van votar a favor da proposición do BNG.

A información da que dispón o grupo Socialista, é que existen cinco sentenzas, e a posibilidade de cobrar polo tendido polo que se transporta a tensión tanto baixa, como media e como alta.

Segundo di o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, non figuran nas ordenanzas do concello na base impositiva unha redacción que permita o cobro, polo tanto, habería que incorporala.

Pon como exemplo o Concello de Arteixo no que si está incorporada a base impositiva nas ordenanzas, e engade que habería que ir por unha redacción similar.

Engade o señor Santiás, que o grupo Socialista pensa que non se debería quedar aí, e van presentar para o vindeiro pleno unha moción no mesmo sentido, porque existe unha sentenza do Tribunal Supremo no que permite o establecemento dunha nova figura impositiva que grava a rede fixa que necesita a operadora para atender o servizo. A devandita sentenza foi gañada polo Concello de Madrid.

Remata o señor Reyes a súa intervención, engadindo que o grupo Socialista pensa que se debería mudar a ordenanza dos caixeiros de bancos en Santiago, non simplemente incrementando o tipo impositivo, porque xa comentaron os técnicos do concello, que iso levaría ao problema de ter que demostrar que uso se incrementou, pero si mudando a maneira de calculalo, e pon como exemplo como se fai nas Rozas ou en Barcelona.

O grupo Socialista está a favor de incrementar os rendementos fiscais do concello, pero non gravando ás familias medidas e traballadoras, senón precisamente gravando aos bandos e multinacionais.

Don Manuel Martínez Varela, anuncia que vai ser moi breve na súa intervención.

Con respecto á proposición do BNG engade que non ve motivos para opoñerse á mesma. Soamente quere sinalar, que dado que o sistema de ordenanzas fiscais do concello debe elaborarse o correspondente informe técnico e económico, e despois aprobar a ordenanza, porque tal cal están redactadas agora non cre que sexa posible.

Quere o señor concelleiro, D. Manuel, manifestar unha cousa, porque cre que esta proposición deriva sobre de todo da recente sentenza do Tribunal Supremo sobre o caso de Arteixo.

Remata dicindo que están a favor, pero engade, que isto non vai supor ningún tipo de salvación económica para o concello.

Dona María Rozas Pérez,comeza anunciando que quería facer unha puntualización sobre a proposición, non sabe se en forma de emenda, por un erro que detectou.

Na exposición de motivos da proposición presentada polo Bloque Nacionalista Galego, indica que o cálculo das tarifas, da taxa realízase de acordo cun estudo técnico económico que se sustenta nun informe da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), engade dona María, que isto está errado, non é un estudo técnico económico da FEMP, senón que é un estudo técnico económico da Federación Nacional de Asociacións de Municipios con centrais hidroeléctricas e embalses.

Secretario, isto non pode dicirse que sexa unha emenda, é un erro material que non ten maior transcendencia, posto que non afecta á parte dispositiva.

Dona María Rozas Pérez,segue coa intervención, e engade que tamén quere aclarar, relacionado co que dixo o portavoz do partido Socialista en relación aos caixeiros das entidades bancarias na actual ordenanza do Concello xa se diferencia por zonas, na ordenanza faise o cálculo en función dos metros que ocupa de vía pública o caixeiro, e establece unha diferenza por zonas de ubicación, que están contempladas na ordenanza xeral.

En relación á proposición do Bloque Nacionalista Galego, cre a concelleira dona María Rozas, que é unha evidencia que este tema é un feito impositivo que os concellos poden gravar como taxa, dende o 2004 coa aprobación da Lei de Facendas Locais determinadas compañías subministradoras de enerxía eléctrica e outros servizos veñen litigando cos concellos para evadir o pagamento da taxa.

As compañías son ben coñecidas polos consumidores por teren cometido durante anos abusos inxustificables nas súas políticas tarifarias, abusos que ningún goberno estatal ou autonómico quixo frear mediante a oportuna regulación legal do mercado.

Engade dona María Rozas, que hoxe mesmo, asisten atónitos e atónitas a unha suba do prezo da luz dun 8%, dun día para outro, non é casual que estas compañías pertencen na súa maior parte a grandes entidades financeiras, e a investidores privados, que foron os principais protagonistas e culpables da grande recesión económica que sufriu o país.

Coa última sentenza do Tribunal Supremo recoñécese por fin e por fortuna o dereito dos concellos a establecer este gravame e aplicalo non só ao valor catastral do solo das instalacións, senón a utilidade que lles reporta a ocupación no dominio público local.

A actual redacción da ordenanza do Concello non contempla este gravame, polo que habería que modificar a mesma.

Segue a dicir a concelleira, que efectivamente hai que modificar a ordenanza, pero xa hai traballo adiantado no concello con respecto ás canalizacións existentes no Concello de Santiago.

Di dona María Rozas, que é preciso retirar do actual texto da ordenanza a existencia de que estas empresas ou compañías fornezan servizos ou subministracións de interese xeral, ou de que as súas instalacións e canalizacións afecten a unha parte importante da veciñanza, esta condición non existe na lei reguladora das facendas locais, e a súa actual redacción esta aberta a indeterminación, e a un certo albedrío interpretativo.

O goberno de Compostela Aberta, e de acordo coa proposición do Bloque Nacionalista Galego, propondrá ao pleno no presente exercicio a modificación da ordenanza fiscal 3.25, co fin de que se poida incorporar o sentido da sentenza do Supremo, e engade, que espera que esa modificación da ordenanza teña o apoio do resto dos grupos políticos municipais.

Don Rubén Cela Díaz, quere aclarar unha cuestión, en relación a algo que comentou don Manuel Martínez.

O BNG cando plantexaba isto, non o facían con afán de solucionar os problemas económicos dunha administración, o facían cun afán de mínima xustiza e equidade, as compañías eléctricas non teñen ningún tipo de piedade á hora de pasar o recibo da luz, habendo moitos veciños e veciñas que teñen moitas dificultades para cumprir coas súas obrigas tributarias co Concello, e polo tanto, o que parece razoable e que se hai a posibilidade legal de gravar un uso dun espazo público, que ten uns lucros tremendamente importantes para esas compañías, e hai posibilidade legal de facelo, e agora sábese que si, o lóxico é que o Concello de Santiago non quede atrás do que van facer moitos outros concellos, é unha mágoa que non se tivera preventivamente incorporado nas ordenanzas fiscais, porque agora, habería a posibilidade de cobralo con carácter retroactivo.

Segue a dicir, o señor Cela que lle parece ben o que plantexa a concelleira de facenda de incorporalo nas ordenanzas fiscais, e que se empece a cobrar o antes posible.

Rematado o debate o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda proceder a facer as xestións necesarias para recadar das empresas eléctricas e de gas o importe das taxas correspondentes pola utilización de solo de dominio público para o tendido de baixa, media ou alta tensión instalado e, de ser necesario, mesmo revisará as ordenanzas fiscais para incluír ese concepto nos termos da sentenza do Tribunal Supremo que así o avala.

9. DAR CONTA DE COMPARECENCIAS, SENTENZAS E OUTRAS INCIDENCIAS EN RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS.

Dáse conta das seguintes resolucións:

Auto do TSXG (PO 5313/2003) que declara a inexecutabilidade da sentenza recaída no antedito procedemento, anulatoria da modificación puntual do plan xeral no ámbito do Colexio Manuel Peleteiro (OE-4).

Sentenza do TSXG núm. 619/2016 (PO 597/2012), que desestima a cuestión de ilegalidade formulada polo Xulgado do contencioso administrativo núm. 1 de Santiago, a respecto da clasificación urbanística dunha parcela en Monte Pío, núm. 32 (LIC. 893/2012).

10. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta de resolucións da alcaldía e das concellaría delegadas no período comprendido entre o 22 de novembro ao de 26 de decembro de 2016 (núms. 7611 ao 8338).

Así mesmo, dáse conta das actas da Xunta de Goberno correspondentes:

Acta sesión extraordinaria urxente do día 30 de novembro de 2016 (Núm. 83).

Acta sesión ordinaria do día 2 de decembro de 2016 (Núm. 84).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 7 de decembro de 2016 (Núm. 85).

Acta sesión ordinaria do día 9 de decembro de 2016 (Núm. 86).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 12 de decembro de 2016 (Núm. 87).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 14 de decembro de 2016 (Núm. 88).

Acta sesión ordinaria do día 16 de decembro de 2016 (Núm. 89).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 16 de decembro de 2016 (Núm. 90).
Acta sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2016 (Núm. 91).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 27 de decembro de 2016 (Núm. 92).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 28 de decembro de 2016 (Núm. 93).

11. SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE.

Vista a solicitude presentada polo grupo municipal Socialista con data 16 de xaneiro de 2017, de comparecencia do Sr. Alcalde.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acepta a devandita comparecencia para a vindeira sesión plenaria ordinaria.

Faise un receso de dez minutos.

12. COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DON XAN DURO FERNÁNDEZ, ACORDADA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2016.

Don Rubén Cela Díaz, comeza dicindo que o motivo da petición desta comparecencia é mirar cara diante, pero aínda así, quere facer algunha contextualización dalgunha cuestión do pasado.

Quere lembrar o señor Cela, que no ano 82, foi cando se puxo en funcionamento a EDAR da Silvouta, foi reformada dez anos despois, pero nunca chegou a ter unha capacidade de carga acorde coa necesidade poboacional de Santiago e a súa contorna.

No ano 2001, foi cando se conseguiu incluír unha nova depuradora para Santiago no Plan Hidrolóxico Nacional, e no ano 2003, que nos orzamentos do Estado se incluíría por primeira vez unha partida para a redacción do proxecto e a previsión de que fose rematada no ano 2007.

No ano 2007, anunciase que as obras da EDAR estarían licitadas antes de finalizar ese ano.

En setembro de 2008 coas obras aínda sen licitar, o que si que se anuncia é o tipo de tecnoloxía que supostamente ía ter esa nova EDAR, que era a tecnoloxía de membranas, e o custo redundaría entorno aos sesenta millóns de euros.

Posteriormente sometíase a estudo de impacto de medio ambiental o anteproxecto da EDAR xerando un descontento considerable na veciñanza do contorno da depuradora,

que presenta alegacións para a toma en consideración para a declaración de impacto ambiental.

En setembro do ano 2009, a declaración de impacto ambiental publícase no DOGA que recolle que se desestiman as alegacións e en outubro de 2009, a entón Ministra de Medio Ambiente, Dña. Elena Espinosa, nun forum de economía no Hostal dos Reis Católicos, adquire dous compromisos publicamente, por unha parte que se ía proceder de inmediato á licitación da EDAR cun investimento de setenta millóns de euros, e en segundo lugar, que a tecnoloxía que se empregaría, sería a tecnoloxía de membranas.

En febreiro de 2010, e a falta de novas sobre estes compromisos, dende o Bloque Nacionalista Galego dirixiu á mesa do Congreso dos Deputados unha batería de preguntas sobre as razóns das demoras e as previsións da realización das mesmas, e o que se contesta é que o inicio das obras sería para finais de 2010, que se estaban a realizar as consultas pertinentes para concretar o tipo de tecnoloxía a empregar, e en terceiro lugar, que o retraso que se acumulara ata o actual momento, que non ía afectar de xeito significativo o inicio das obras da EDAR, di o señor Cela, que está falando de 2010.

A estas alturas, e xa naquela altura ano 2010, a Unión Europea anunciaba a posibilidade de sancionar ao goberno español pola inexistencia ou funcionamento insuficiente de distintas depuradoras de augas residuais, entre as que se atopaba a de Compostela.

En 2011, hai un cambio de goberno, e chega a alcaldía de Compostela, D.Gerardo Conde Roa da man dunha maioría absoluta do Partido Popular, e cumpre cun compromiso electoral adquirido durante a campaña coa veciñanza da Silvouta, que lles dicía que en caso de que saíse elixido alcalde non se faría alí unha depuradora, e nese sentido, o BNG dende o mantemento da mesma posición, dixo con claridade que non se opoñían a un cambio de ubicación sempre e cando se deran dúas condicións, para o BNG, innegociables:

Primeira que a nova ubicación garantise que tiña un menor impacto e un menor impacto non só medioambiental senón tamén social, que a ubicación inicial.

E, en segundo lugar, que non se comprometesen os fondos comunitarios para a súa utilización.

En novembro de 2011, acordaron xestionar o cambio de ubicación para o lugar do Souto e anuncian que a obra estará iniciada en 2013 e concluída en 2015.

Segue a dicir o señor Cela, que hai que lembrar que no ano 2012 había cero euros no orzamento para a EDAR.

En marzo de 2012 iniciouse a tramitación da declaración de impacto medio ambiental da nova ubicación, e en setembro dese ano a Xunta comprometeuse a ter redactado ese anteproxecto.

En maio de 2013, Xunta e Concello, perfilaron o convenio para a súa execución, co compromiso de comezar as obras no ano 2014, polo que comentaba o concelleiro ese convenio nunca se chegou a asinar, persoalmente o señor Cela pensaba que estaba asinado.

En xuño de 2014, publicase no BOE a declaración de impacto ambiental favorable para o lugar do Souto, que dende o punto de vista do BNG, contradí os traballos anteriores, e así mesmo o BNG pensa que ese novo emprazamento pois significaba un incremento dos custes e un incremento dos prazos, co risco que supoña de perda de subvención europea, xa que a Unión Europea situaba no ano 2015 a data límite para ter unha boa calidade de augas.

E para rematar di que en abril do ano 2016, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea declarou como todos e todas saben, que o Estado Español, incumpria a directiva da auga en diferentes puntos do estado español, e en Galicia en tres, Vigo, Ribeira e Santiago, e anunciaba que solicitaría a imposición dunha multa ao estado español duns 46 millóns de euros.

Engade o señor Cela, que todo isto por contextualizar un pouco a situación, o BNG cando pedía isto era para mirar cara diante.

O BNG cre basicamente que sobre este asunto hai dúas cuestións importantes, a primeira, que cre que non discute ninguén, é que Santiago precisa dunha nova depuradora, e que a precisa xa, por tres razóns:

Unha, porque o río Sar é un dos ríos máis contaminados de Galicia, e non é recibo, que unha cidade que foi referencia en moitos ámbitos das políticas medioambientais, pois segue a verter cantidades inxentes de auga sen tratar ao río Sar.

En segundo lugar, porque esta enriba a espada de Damocles da sanción da Unión Europea.

E, en terceiro lugar, porque non se poden volver a perder os fondos europeos que xa se perderon unha vez.

Polo tanto o BNG demanda, primeiro que se faga xa, porque no mellor dos casos, non estaría feita antes do 2021, e polo tanto, é imprescindible comezar xa par non por en perigo eses fondos europeos.

Segunda cuestión, que o Concello coñeza ese proxecto, para o señor Cela é unha cuestión inaudita que formalmente o concello non teña acceso ao proxecto completo.

E, en terceiro lugar, que exista un reparto de cargas xusto, no que o concello teña claro, exactamente cal é a achega final que ten que facer.

Nese sentido, engade o señor Cela, que había unha proposta de declaración institucional, que ao BNG lle parecía correcta, que se poderá facer doutro xeito, o importante é que haxa un pronunciamento o máis unánime posible da Corporación, para que tamén o grupo de goberno poida negociar coa maior capacidade de presión co ministerio para poder buscarlle a solución menos mala.

Don Xan Duro Fernández, comeza a súa intervención dicindo que o señor Cela xa debullou a metade da súa comparecencia, así que vai obviar a parte cronolóxica.

Vai incidir no que se fixo e que se intentou facer ao longo do ano e pico que leva o seu grupo no goberno municipal.

Evidentemente esta publicado o anteprojecto para o Souto, e a posibilidade de coñecer si existe un proxecto, quen ten ese proxecto e se se pode acceder a unha copia, e que prazos están previstos.

Engade o señor Duro, que mantiveron contactos reiterados con ACUAES, coa Dirección de Augas de Galicia, para informarse do proxecto definitivo, sobre a situación do procedemento, e non recibiron ningunha contestación en firme, foron todas bastante evasivas máis aló da vontade de que Santiago precisaba dunha depuradora.

A través dos grupos parlamentarios de En Marea presentaron preguntas tanto no Congreso dos Deputados como no Parlamento de Galicia, que recibiron un clamoroso silencio como resposta.

Cre o señor Xan que o grupo Socialista tamén presentou algunha iniciativa neste último ano no mesmo sentido.

A primeira resposta en firme que recibiron da administración central, é a confirmación dunha xuntanza para o día 1 de febreiro coa Directora Xeral de Augas do Magrama Dona Liana Ardiles.

Segue a dicir o señor Duro, que co comentado polo señor Cela e con isto que acaba el de mencionar, é a trazos grosos a cronoloxía e a realidade da depuradora, que esta deseñada para un tratamento de caudal, e que agora mesmo supera o que recibe ao que está deseñado para depurar nun 69% máis ou menos, a pesares, do esforzo que se fixo na ampliación, que se meteron case cinco millóns de euros, e que aumentou a súa capacidade en 1000 metros cúbicos hora, pero evidentemente, non é suficiente.

A maiores disto, os equipos tanto electromecánicos como a obra civil están obsoletos e superaron a súa vida útil, co que está a dar unha grande cantidade avarías, que nunha EDAR en condicións máis modernizadas non daría.

En definitiva, a preocupación do grupo de goberno supón que será a mesma de todos os grupos municipais e, tamén, do conxunto da cidadanía, en primeiro lugar, porque Santiago precisa urxentemente unha nova EDAR.

EDAR que está comprometida tal e como sinalou D. Rubén, dende o ano 2007, e afirma o señor Duro, que esa nova EDAR debe ter o menor impacto ambiental posible, tanto na súa construción como no seu funcionamento, e que debe estar construída coa tecnoloxía máis avanzada para garantir a máxima capacidade de depuración de augas, por suposto, que non se perdan os fondos Europeos, e algo que lles preocupa ao grupo de goberno, e que a tramitación administrativa que se desenvolveu e que se está a desenvolver aínda, confían cando menos que se estea a desenvolver, cara a construción na nova estación depuradora, se faga coas máximas garantías xurídicas, e quere dicir con isto, pois que como todos saben, no ano 2015 saíu unha sentenza que anulou o estudo de impacto ambiental do proxecto de Silvouta, non vai valorar se está máis ou menos de acordo coa sentenza, pero si que iso suporía un atranco importante no caso de ter desenvolvido o proxecto.

A ubicación actual escollida xera dúbidas entre distintos colectivos, no propio goberno, máis que nada, por posible impacto que teña a nivel arqueolóxico e patrimonial, di que de feito, a semana pasada atopáronse dous novos petróglifos na zona de instalación da depuradora do Souto, pode supoñer algún atranco, ou algún problema na instalación.

Por todo iso pide o grupo de goberno, que haxa as máximas garantías xurídicas e que non volva a acontecer que posibles anulacións xurídicas ralenticen ou paralicen o proceso administrativo e construtivo da estación depuradora.

Tamén lles preocupa ao grupo de goberno, por experiencias pasadas que o reparto de custes da EDAR se axusten á capacidade económica de cada administración implicada no proxecto.

Estas obras presupostasen, e logo ao remate da obra adoitan ter un prezo distinto, entón, se hai incremento dos prezos que se repartan proporcionalmente entre todas as partes, e en base aos criterios que xa indicou anteriormente, a capacidade económica de cada administración.

Existe a experiencia do convenio de ampliación da EDAR da Silvouta, no que o prezo inicial que tiña que pagar o concello duplicouse mentres as achegas das outras administracións diminuíron, debido a unha formulación, que considera o grupo de goberno que non demasiado acertada das cláusulas do convenio, onde marca uns límites para as outras administracións, Augas de Galicia e o Estado a través dos fondos FEDER e deixa na responsabilidade do concello o resto do importe do investimento sen especificar cantidade, iso no caso de que unha obra se dispare de custos pode traerlle un problema económico serio ao concello, nunha obra de entre 70-80 millóns de euros.

Por último considera o señor Duro que o concello debe coñecer e avaliar o proxecto por parte dos técnicos dos grupos da Corporación, antes da sinatura de calquera convenio, e antes de asumir compromiso de gasto para facer realidade a infraestrutura, considera o señor Xan que son peticións razoables, e entende o grupo de goberno, e cre que o resto dos grupos tamén, a situación da depuración de augas de Santiago esixe unha postura de cidade, e por iso promoveron e intentaron unha declaración institucional, e cónstalle que hai vontade de chegar a ela, e que a xunta de portavoces está a traballar nesa liña.

O obxectivo da declaración institucional sería levar postura de cidade, en primeiro lugar coa xuntanza prevista para o día 1 de febreiro coa dirección xeral de augas estatal, e posteriormente con calquera outra xestión que teña facer o goberno actual, ou o vindeiro no caso de que non estea rematada a tempo que esperan que non sexa así, para defender a demanda imprescindible, tremendamente urxente, e de total xustiza para Compostela.

O Sr. Alcalde, toma a palabra e di que toca agora entrar na quenda de cinco minutos por grupo.

Don Francisco Reyes Santiás, indica que como xa se dixo por Resolución de agosto de 2009, da Secretaría de Estado de cambio climático, formúlase declaración de impacto ambiental do anteproxecto da EDAR de Santiago de Compostela, resolvendo que o proxecto non produciría impactos adversos significativos, a condición de que se realizase na alternativa elixida sendo esta a Silvouta, e nas condicións que se deduciron do proceso de avaliación ambiental.

No ano 2011 e co Partido Popular no goberno municipal e sendo alcalde o señor Conde Roa, decide mudar a ubicación da futura EDAR de Santiago de Compostela.

Engade que o Partido Socialista dende que esta na oposición nunca se opuxo a elección do novo emprazamento, e sempre deixou clara esta postura, o que si manifestaron reiteradas veces é que se trataba dunha decisión política do Partido Popular e que a preocupación do grupo Socialista centrábase en que non se perdese a subvención da Unión Europea, trinta e oito millóns e medio de euros, nin a diferenza comprometida polo Ministerio de Medio Ambiente e a propia Xunta de Galicia, de forma que se garantise que calquera sobrecusto ou perda da subvención non se vería repercutido sobre o conxunto dos cidadáns de Compostela, senón sobre as administracións que tomaban a decisión.

O 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago co goberno do Partido Popular aproba o texto de convenio entre Augas de Galicia, o Concello de Santiago e a Sociedade Estatal de Augas das Concas do Norte, SA, para a execución e explotación das obras da nova EDAR.

Indicaba o devandito convenio que o prazo previsto para a redacción e aprobación do proxecto sería de seis meses, e o de execución da obra de corenta e dous meses, dos que trinta corresponderían a propia obra e doce meses a posta en marcha da mesma, tería que estar xa construída e non o está.

As achegas das diferentes partes no convenio para o financiamento da nova EDAR, repartíanse cun límite máximo para a Sociedade Estatal de Augas das Concas do Norte, para Augas de Galicia, e para o Concello de Santiago o resto do importe do investimento que se satisfaría con achegas de cartos da propia administración local, é dicir, sen un límite de achega, e asumindo as desviacións que se puidesen producir no custo da instalación, claramente condición negativa para o concello.

Por resolución do 18 de xullo de 2014 a Secretaría de Estado de Medio Ambiente, formúlase declaración do impacto ambiental do proxecto da EDAR de Santiago, aprobándose a localización desta no Souto.

O 7 de agosto de 2014, asínase o convenio para a execución e explotación das obras de mellora da EDAR da Silvouta, que reproduce o modelo de financiamento do convenio anterior, polo que as administracións central e autonómica teñen obriga de financiamento cuns máximos, mentres que o Concello de Santiago non ten límite na súa achega, debendo cubrir calquera desviación que se produza no financiamento, condición claramente negativa para o concello, asinado polo Partido Popular, alcalde D. Agustín Hernández.

Tras dúas sentenzas da sala do contencioso administrativo da Audiencia Nacional e unha da sala quinta do contencioso administrativo do Tribunal Supremo, declarando a inadmisibilidade dos recursos, o 8 de outubro de 2015 o Tribunal Superior de Xustiza

de Galicia dita sentenza anulando declaración de impacto ambiental da EDAR na Silvouta.

Continúa a dicir o señor Reyes, que o PSdeG-PSOE solicitou reiteradamente dende fai máis de ano e medio no Parlamento de Galicia e no Congreso dos Deputados o proxecto de construción da EDAR do Souto sen obter resposta, pregúntase o señor Santiás, como é posible que unha das administracións implicadas o Concello de Santiago, non teña copia do proxecto.

O 14 de abril de 2011, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea ditaminou que as autoridades españolas estaban a infrinxir a lexislación da Unión Europea ao non recoller e tratar adecuadamente as augas residuais urbanas vertidas por trinta e sete aglomeracións, entre as que estaba Santiago de Compostela.

A Comisión pide en novembro de 2016, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, unha sanción a tanto alzado por un importe de máis de corenta e seis millóns de euros, e propón unha multa diaria de 171.000 euros, se non se logra o pleno cumprimento ata a data na que o Tribunal dite a súa segunda resolución.

O grupo municipal do PSdeG-PSOE entende que non se poden perder os fondos FEDER previstos para o período de programación 2014-2020, porque en todo este tempo si se perderon as achegas da subvención FEDER do programa 2007-2013, e tense que facer fronte a sanción imposta pola Unión Europea.

Por iso o grupo Socialista, pide que se licite inmediatamente a construción da EDAR para non perder novamente os fondos comunitarios.

Engade o señor Santiás, que é necesario esixir que a EDAR de Santiago conte coa mellor e máis avanzada tecnoloxía para depuración das augas, que na repartición do financiamento o Concello de Santiago teña un tope máximo e que se garanta que calquera sobrecusto ou perda de subvención non repercuta sobre o conxunto dos cidadáns composteláns, senón sobre as administracións que toman a decisión.

Espera o grupo municipal Socialista, que o concelleiro de medio ambiente na súa comparecencia detalle as xestións realizadas tanto co ministro como co conselleiro co obxecto de axilizar a construción da infraestrutura esencial para Santiago.

Así mesmo, queren saber, se como concelleiro de medio ambiente, ou se o alcalde da cidade, tiveron acceso ao proxecto de construción da depuradora do Souto, que ao Partido Socialista, e en caso de resposta afirmativa, cáles son as conclusións do mesmo.

Para rematar fai o señor Santiás, tres preguntas:

Son coñecedores de cando se van a iniciar as expropiacións dos terreos?

Prevén algunha data para o inicio das obras?

Teñen coñecemento da presentación dalgún recurso por parte da asociacións ou plataformas de defensa do medio ambiente?

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, comeza dicindo que parécelle que acaban de asistir a un adianto do que será o pleno dos orzamentos, porque o señor voceiro do BNG fixo unha solicitude de comparecencia solicitando a aclaración das medidas de urxencia previstas para reducir a contaminación e mellora dos sistemas ecosistemas acuáticos e o señor concelleiro don Xan Duro non se referiu en ningún momento ao que se solicitaba.

Segue a dicir o señor Hernández, que en todo caso, estase a falar dunha competencia e unha responsabilidade exclusivamente municipal por lei, pola Lei de bases de réxime local, estase a falar de que a declaración de interese xeral non exime de responsabilidade ao concello, o saneamento, a depuración e a situación dos ríos Sar e Sarela, a depuradora é unha parte imprescindible e importante, pero non é a única.

Durante moitos anos, houbo un desinterese na cidade como consecuencia da declaración de interese xeral, mantendo un emprazamento inaceptable dende todos os puntos de vista, que a xustiza ratificou como inaceptables, se a ubicación do emprazamento tivera estado no debate antes, agora habería unha instalación nova, pero tamén é certo que habería un problema, nun prazo extremadamente curto, o goberno do Partido Popular tanto no concello como na Xunta de Galicia e en Madrid, foi capaz de tramitar unha declaración de impacto ambiental para contar cunha depuradora moderna, unha depuradora nun emprazamento mellor que a Silvouta, e mellor tecnoloxicamente, comparada coa non nata da Silvouta, que era de menor capacidade e peor tecnoloxicamente.

Existe un anteproxecto, existen fondos europeos do período 14-20, e ao seu grupo gustaríalle saber, porque a súa intervención vai dirixida a facer observacións, formulacións e preguntas, qué fixo o goberno de Compostela Aberta dende xuño de 2015, polo saneamento da cidade.

O grupo popular pensa que foron dous anos perdidos na nova EDAR, parece ser que o pasado martes xa se aprobou a nova instalación e tamén os colectores do Sar e, por suposto, nos colectores do Sarela e polo que sabe o grupo Popular, aínda o Ministerio está a agardar polas observacións técnicas que eles deixaron tramitadas cando estaban no goberno.

Sinceiramente, cre o grupo Popular que hai que mirar cara o futuro, e eles teñen claro o que é necesario facer, consideran que é necesario pechar o financiamento, e concretar a solución técnica mellor para os colectores do Sarela, que son unha peza clave para acadar o saneamento dos ríos. Buscar recursos no ámbito do concello, no ámbito da Xunta de Galicia e tamén acadar a maior aportación posible da administración central para a execución da obra, e traballar no novo marco da xestión integral do servizo do concello, tamén avanzar no saneamento do rural, porque todas as parroquias teñen dereito a contar co saneamento e tamén, loxicamente, facer reunións cos colectivos, pero o grupo Popular ten a sensación de que o único que fixo este goberno foi si moitas reunións, que eles tamén consideran imprescindibles para coñecer as distintas opinións, pero pensan que tamén é preciso falar coas administracións e avanzar nos trámites, e a administración non soamente é o goberno, a administración ten moitos máis estamentos que o propio goberno.

Engade o señor Hernández que podería criticar o que fixo o goberno nestes dezanove meses, e os membros do goberno actual, tamén poderían criticar o que aconteceu no concello dende sempre, porque non estiveron nunca no goberno, e o señor Reyes pode criticar e de feito así o fixo, o que fixo e o que deixou de facer o Partido Popular.

O grupo popular tamén podería criticar o que non se fixo neses longos mandatos dos gobernos de progreso, que tanto lle gusta lembrar ao señor Reyes.

En todo caso, o grupo Popular o que propón e o que queren, é mirar cara o futuro, e nesa actitude e nese contexto, o resto dos grupos atoparan ao grupo Popular, e cre o señor Hernández que sinceramente iso é o que necesita o medio ambiente de Santiago de Compostela.

Don Xan Duro Fernández, di que vai dar resposta a dúas preguntas que fixo o señor Reyes Santiás.

Efectivamente, comenta o señor Duro, que están no goberno dende 2015, e intentaron dende eses momentos en mover o tema, e quere salientar, que no ano 2015 era cando estaba prevista a inauguración da depuradora, e están no ano 2017 e agora esixen responsabilidades aos demais, aquí hai que asumir por parte de todos a culpa que corresponda.

Non quere o señor Duro entrar en máis debates, insiste en que é un proxecto de cidade, e hai que en xunta de portavoces ter unha postura unánime de todos os grupos para poder levala diante do resto das administracións.

13. ROGOS E PREGUNTAS.

PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

PREGUNTAS (Resposta oral):

- 1.- Rexistro de entrada do día 10 xaneiro de 2017, núm. 6.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 11 de xaneiro de 2017, núm. 21.**

PREGUNTAS (Resposta escrito):

- 1.- Rexistro de entrada do día 3 de xaneiro de 2017, núm. 1.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 5 de xaneiro de 2017, núm. 2.**
- 3.- Rexistro de entrada do día 10 de xaneiro de 2017, núm. 7.**

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 10 de xaneiro de 2017, núm. 13.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 10 de xaneiro de 2017, núm. 14.**
- 3.- Rexistro de entrada do día 10 de xaneiro de 2017, núm. 15.**

PREGUNTAS (Resposta oral):

- 1.- Rexistro de entrada do día 10 de xaneiro de 2017, núm. 16.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 10 de xaneiro de 2017, núm. 17.**
- 3.- Rexistro de entrada do día 10 de xaneiro de 2017, núm. 18.**
- 4.- Rexistro de entrada do día 10 de xaneiro de 2017, núm. 19.**

PREGUNTA (Resposta por escrito):

- 1.- Rexistro de entrada do día 20 de decembro de 2016, núm. 376.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 21 de decembro de 2016, núm. 377.**

PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 11 de xaneiro de 2017, núm. 22.**
- 2.- Rexistro de entrada do día 11 de xaneiro de 2017, núm. 23.**

PREGUNTA (Resposta oral):

1.- Rexistro de entrada do día 10 de xaneiro de 2017, núm. 11.

2.- Rexistro de entrada do día 10 de xaneiro de 2017, núm. 12.

O señor Alcalde di que se empezarían a tratar os rogos por orde de rexistro de entrada, tocándolle en primeiro lugar aos do grupo Popular, o primeiro para o traslado da EDAR dos Bornais á zona dos Vilares.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, comeza a súa intervención dicindo que o rogo que presenta o seu grupo pódese considerar complementario do realizado na anterior sesión plenaria do mes de decembro polo grupo Socialista.

No do grupo Socialista solicitábase a recuperación da inutilizada depuradora de Bornais para ser trasladada a un punto do rural da zona norte do concello, citando a modo de posible localización os núcleos de Grixoa, Nemenzo, Busto ou Marantes.

Dende o grupo municipal Popular comparten a iniciativa Socialista de aproveitamento dunha infraestrutura existente, que ben podería prestar un valioso servizo en calquera dos numerosos núcleos que a día de hoxe aínda carecen de instrumentos axeitados para tratamento de augas residuais.

Utilidade que tal e como comentou o concelleiro de medio rural, utilidade que estaría condicionada a que a situación da infraestrutura permite a súa reutilización.

Con esa premisa, considera o grupo municipal Popular que a prioridade para a localización desa estación depuradora autónoma podería concretarse dentro da zona norte, a que no seu momento aludía a iniciativa Socialista, no núcleo dos Vilares.

O motivo non é caprichoso, fai o grupo Popular esta proposta en base a tres motivos:

En primeiro lugar, porque existe unha demanda veciñal e unha necesidade na zona.

En segundo lugar, a previsible tardanza na conexión á rede xeral de saneamento do concello cara a estación depuradora de augas residuais e a EDAR nova como consecuencia, ente outras cuestións, do retraso na tramitación do colector do río Sarela.

E, en terceiro lugar, porque podería facilitar moito a súa instalación aproveitando a execución por parte da Xunta de Galicia da variante das Aradas.

Esta circunstancia permitiría que a través dun acordo co goberno galegos se puidera simplificar e axilizar, e o grupo popular pensa, que abaratar a posta a disposición do equipamento para o tratamento das augas residuais da zona.

Todo iso, está claro tendo en conta para a instalación aspectos decisivos como poden ser a adecuación da rede existente, os condicionantes de nivel, as características do lugar concreto, etc., etc., e por iso presentan o rogo.

Don Rafael Peña Vidal, en contestación aos rogos do Partido Socialista, e agora do Partido Popular dándolle unha ubicación exacta a depuradora, quere anunciar que a mesma non reúne os requisitos técnicos adecuados para a instalación nesa zona.

Engade o señor Peña Vidal, que como dato positivo, parece ser que a EDAR vai poder ser recuperada, e que se vai poñer en funcionamento, e están a traballar en buscar un emprazamento máis adecuado que permita dotar de maior abastecemento e saneamento ao maior número de casas posibles, que vai ser o criterio que se siga.

Segue a dicir o señor Peña que o que comentou o técnico ao que se lle remitiu o encargo dese traballo, é que parece ser que a zona dos Vilares sen discutir que ten falta de abastecemento e saneamento, non vai ser posible coa EDAR de Bornais, pero vai ser aproveitada despois de facerlle un pequeno arranxo, porque levaba anos inutilizada, pero parece ser que vai ser posible pola en marcha, e levarase a algún dos emprazamentos que no anterior rogo propuxo o grupo Socialista.

O Sr. Alcalde, di que toca a quenda ao segundo rogo do grupo Popular, para a renovación da publicidade estática do concello en eventos e instalacións municipais.

Fai defensa do rogo, **dona M^a José Corral López**, di que solicitan que se proceda de maneira gradual a renovar os soportes publicitarios da imaxe institucional do concello, a que consiste nas torres da catedral sobre un fondo morado ou granate, que se colocan nos eventos organizados ou participados pola administración local, así como os situados nas distintas instalacións municipais sobre todo nas deportivas.

Moitos destes soportes están en mal estado, e precisamente por iso xurde o rogo, porque cando un se acerca a algunha instalación ou vai a algunha actividade participada polo concello, pois atópase co estado deteriorado, e é algo que comenta moito a xente, proxecta unha imaxe de abandono que é preciso remediar, polo menos gradualmente.

Dona Noa Morales Sánchez, dálle a razón á concelleira dona M^a José Corral, e di que intentarán ir paulatinamente cambiando os mesmos.

O Sr. Alcalde, di que o terceiro rogo tamén é do grupo municipal Popular, para a reparación da área de estacionamento de San Lázaro e o contorno do centro da asociación “Sarela”.

Dona M^a Teresa Cancelo Márquez, comeza a intervención de defensa do rogo, dicindo que a falta de reposta habitual do grupo de goberno ao conxunto das iniciativas da oposición, e de maneira máis acusada aos rogos que se formulan, fai que presenten unha solicitude que xa foi transmitida no decurso da sesión plenaria do pasado mes de maio por parte do grupo Socialista.

Naquel momento o grupo Socialista facíase eco da inquedanza da veciñanza e das persoas usuarias da área de aparcamento situada na confluencia das rúas San Lázaro e Clemente Fernández, fronte ao edificio da Consellería de Medio Ambiente, e non se actuou, polo que a situación foi a peor, aumentando os estragos na celosía do chan, e cunha maior afectación aos bordes que delimitan o espazo, é un sitio moi transitado pola veciñanza, por xente que acude a facer xestións por peregrinos e peregrinas que fan o camiño francés.

Polo que é un punto importante, pola imaxe que da e polo servizo que presta.

Tamén quere o grupo Popular facer chegar ao goberno a necesidade de actuar nas inmediacións do centro que a asociación de dano cerebral de Compostela, Sarela, ten na rúa Pedro Cabezas González, na zona de Tras Paxonal, cuestión que lles foi transmitida ao seu grupo, tanto polas persoas que alí traballan, como persoas que transitan pola zona.

En consecuencia, o rogo que presenta o seu grupo, é que parte do concello, se dean as instrucións precisas para acometer, de forma a inmediata, a reparación do acceso á área de aparcamento de San Lázaro e tamén a mellora dos accesos ao centro que a Asociación de dano cerebral de Compostela “Sarela”, ten na rúa Pedro Cabezas.

Don Jorge Duarte Vázquez, di que son conscientes de que nesas zonas hai problemas de mantemento.

O contrato de mantemento do concello, está priorizando as vías rodadas sobre as áreas de aparcamento, pero están pasados os informes, e en próximas datas quedarán resoltos eses problemas de mantemento, tanto no aparcamento como na zona do SUNP-14, onde está o centro da Asociación Sarela.

O Sr. Alcalde, di que agora toca a quenda a un rogo do grupo municipal Socialista, sobre o acondicionamento dos accesos ao Parque Monte da Almaciga.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, fai defensa do rogo, e comeza dicindo que o parque do monte da Almaciga atópase sobre a colina máis alta do caso urbán da nosa cidade, característica que o converte nun miradoiro privilexiado polas súas vistas sobre a paisaxe que a través da rúa de Teo conecta co parque de San Domingos de Bonaval.

O grupo municipal Socialista xa en xaneiro de 2015 denunciou o abandono que estaba a sufrir o barrio, e concretamente o parque, despois dos investimentos realizados a través do proxecto Urbana Norte.

Reclamouse por parte do grupo Socialista xunto coa veciñanza, solución ao terraplén de acceso ao parque, así como para o estado dunhas escaleiras na rúa Vagalume, igual que para o sendeiro de acceso ás hortas urbanas que, tal e como se reflexa nas imaxes adxuntadas, está totalmente intransitable.

A veciñanza leva tempo reclamando o acondicionamento das escaleiras de madeira que unen o Monte da Almaciga coa pista polideportiva pola súa perigosidade e por atoparse nun estado lamentable, sen baranda e iluminación.

Por todo isto pide o grupo Socialista, que se acondicionen debidamente os devanditos accesos.

Don Xan Duro Fernández, di que estiveron os técnicos de parques e xardíns visitando a zona, e están a facer un proxecto, posiblemente se cambien as madeiras das escaleiras por granito, porque o desgaste e a humidade fainas bastante esvaradizas, e axiña quedará solucionado.

O Sr. Alcalde, di que o último dos rogos tamén é do grupo municipal Socialista, sobre a rehabilitación e recuperación das fontes e lavadoiros da parroquia da Gracia.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, fai defensa do rogo, e di que na parroquia da Gracia, nos lugares de Bálzoma, San Silvestre e Son de Abaixo, atópanse unha serie de fontes e lavadoiros públicos que están nun estado moi deteriorado.

O mantemento das fontes habitualmente era feito polas comunidades de veciños, pero hoxe en día que teñen un valor fundamentalmente decorativo, depende do coidado e mantemento das administracións públicas, o mesmo ocorre cos lavadoiros públicos, que tiñan unha funcionalidade específica, que aproveitaban a auga sobranste das fontes, tamén están totalmente abandonados.

O grupo Socialista ten constancia de que están en execución diversos proxectos para a rehabilitación de fontes e lavadoiros públicos nas parroquias de Aríns, Sta. Cristina de Fecha, San Martiño de Laraño e San Paio de Sabugueira, co obxecto de manter en bo

estado estas construcións polo seu elevado valor paisaxístico, fomentándose o seu uso como espazo de lecer.

Por todo isto, o grupo Socialista e polas peticións que tamén lles fixeron os veciños, que se estude a redacción dun proxecto de rehabilitación e recuperación das fontes e lavadoiros sitos na parroquia da Gracia, concretamente nos lugares Bálsoma, San Silvestre e Son de Abaixo.

Don Rafael Peña Vidal, en contestación ao rogo exposto polo señor Muíños, manifesta que estas tres serían unhas das que están como unha ducia máis que hai polo concello que están pendentes de rehabilitar.

Na oficina de proxectos e obras, existían proxectos e memorias valoradas para a rehabilitación de fontes e lavadoiros, foron executadas sete, pero deben existir sobre sesenta ou setenta e vaise intentar este ano xuntar todo o paquete das pendentes e sacalas a licitación.

Considera o señor Peña, que é unha moi boa idea volver a poñelas en valor, e pide así mesmo, un pouco de tempo para ir desenvolvendo os traballos.

O Sr. Alcalde, anuncia que rematados os rogos, pasaríase ás preguntas de resposta oral.

A primeira é do BNG sobre a planificación para conseguir que as obras da estación intermodal se inclúan nos vindeiros orzamentos do Estado.

Don Rubén Cela Díaz, di que a pregunta formulada polo seu grupo, ten que ver con algo que xa foi debatido no pleno cunha intensidade, que é futuro da futurible estación intermodal.

O goberno municipal asinou un convenio, segundo a opinión do BNG unha das decisións peor tomada polo goberno, a respecto dos intereses colectivos de Santiago de Compostela.

No convenio aceptouse unha cláusula que ata o momento nunca se puxera enriba da mesa, e é que o Ministerio non ten que comezar esa estación intermodal ata que a estación de Santiago chegue aos tres millóns e medio de pasaxeiros, esa é unha esixencia que non se lle pediu a outras cidades, e dende o punto de vista do BNG un agravio comparativo e unha cifra arbitraria, e dende logo, un condicionante que dificulta que no curto prazo Santiago de Compostela teña a estación intermodal.

Relata o señor Cela, que hoxe mesmo nun medio de comunicación facíase eco que dende xaneiro a novembro do ano pasado pasarán 2.250.000 persoas pola estación de

tren, e que a proxección sería a de rematar o ano con entorno a dous millóns e medio de pasaxeiros, é dicir, a un millón de pasaxeiros de chegar a ese obxectivo.

Se se teñen en conta os diferentes estudos que existen a respecto de como afecta a implantación da alta velocidade ao tránsito aéreo o incremento para chegar a cifra tope tardaríase en acadar.

O BNG xa ten denunciado en numerosas ocasións, que non era crible para ninguén as datas de finalización do AVE.

Agora mesmo, as declaracións do actual Ministro de Fomento, señor Iñigo de la Serna, pois son moi claras, no mellor dos casos 2021-2022, polo tanto a vista disto o BNG a pregunta que formula é moi concreta, qué estimación de ano fai o goberno municipal a respecto de cando Santiago vai chegar aos tres millóns e medio de pasaxeiros, e polo tanto poder ter a estación intermodal?

Don Jorge Duarte Vázquez, responde á pregunta formulada por Don Rubén que di que é moi clara, pero engade que a resposta posiblemente non sexa tan clara.

As estimacións cada un pode ter as súas, o Ministerio ten unhas, o Concello terá outras, e o AVE ia estar rematado no 2012, 2015 e 2018, e en función de todo iso, será cando haxa a estación.

A pregunta formulada, quere saber o que está a facer o goberno?, e di que o grupo de goberno tivo unha reunión co Ministerio a finais do pasado ano, ademais de diversas reunións coa Conselleira de Infraestruturas, por certo a última no día de onte, para intentar mellorar e axustar o deseño da estación de autobuses. Hai o compromiso de pedir conxuntamente as dúas administracións a autonómica e o concello, solicitar unha entrevista urxente co Ministerio para retomar os traballos do que sería da estación intermodal.

O compromiso do Ministerio para o 2017, era a parte, das obras que xa se están a facer para acondicionamento das plataformas para a chegada do AVE e a mellora da mobilidade coa instalación do ascensor, obras coas que o grupo de goberno non estaba de acordo, pero que se están a facer son en teoría unha primeira fase que supoñen un acondicionamento para a chegada da intermodal, e o compromiso que tiña o Ministerio para este ano 2017 sería redactar o proxecto de execución da plataforma que comunicaría a rúa do Hórreo coa estación de autobuses, ese compromiso non hai ningunha constancia de que non se vaia executar, e o que si poden dicir, é que para o grupo de goberno o importante non é o cando, senón que estea ben feita e que responda ás necesidades da cidade.

O señor Duarte di que non vai xogar a futurólogo, e di que os datos que hai enriba da mesa, é que o número de usuarios/as na cidade de Compostela está aumentando nos últimos anos máis dun 10% por ano, por outra banda, hai unha estimación dun trasvase de usuarios/as do voo ao transporte ferroviario, se se xuntan os dous datos da progresión do Eixo Atlántico e a progresión que terá o AVE, o señor Duarte estima que no horizonte 2020-2025.

O importante é que se empece o proxecto, e para cando a estación intermodal?, por desgraza di o concelleiro que non o pode saber, como tampouco pode saber cando chegará o AVE.

Engade o señor Duarte, que o grupo de goberno seguirá a presionar para ter a mellor estación intermodal posible e no prazo máis curto.

O Sr. Alcalde, di que a seguinte pregunta é do grupo municipal Socialista sobre a cafetería da dársena de Xoán XXIII.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, di que a cafetería situada na dársena de Xoán XXIII da que é propietario o concello.

Na actualidade está aberta ao público, e o grupo Socialista non ten constancia de que exista un contrato para o desenvolvemento do servizo, nin da adxudicación a ningunha empresa privada, e tampouco lles consta que estea sendo xestionada por persoal do concello.

Polo que formulan a seguinte pregunta:

Cál é a situación na que se atopa a devandita cafetería?, solicitan que se concrete na resposta se a xestión é directa ou se existe un contrato en vigor e se fora o caso, cando se adxudicou e por canto tempo e cal é o canón?

Don Jorge Duarte Vázquez, indica que está é unha pregunta que é doado de contestar, porque quen a formula é un representante dese repetido “goberno de progreso”, durante o cal esa cafetería quedou sen contrato, había unha concesión que rematou no ano 2009, goberno de progreso, Partido Socialista e BNG; despois pasou polo concello o goberno dos tres alcaldes, e tamén seguiu en precario ese contrato pola explotadora, cre, que Casal e Cotón.

Na actualidade segue a estar en precario, pero polo menos, se poden dicir, que non sabe o que fixeron os outros dous gobernos anteriores, pero este goberno si tomou unha decisión, que é que a xestión desa cafetería pase a TUSA, polo que a partir desa

encomenda se sacará a concurso, pero houbo que dar pasos previos, para decidir que a xestión fora de TUSSA.

Engade o señor Duarte, que estas preguntas que veñen do pasado, e cando todos os que estiveron gobernando, pasaron e non resolveron, e agora pídenlle ao grupo de goberno que o resolva nun ano.

O Sr. Alcalde, di que a seguinte pregunta tamén é do grupo Socialista, relativa á gala do deporte.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, comeza dicindo que nos últimos anos o concello viña organizando anualmente a gala do deporte compostelán, evento que pretendía recuperar a memoria histórica do deporte da cidade e homenaxear aos seus representantes.

Esta festa do deporte santiagués reunía anualmente a todas as persoas vencelladas a algunha modalidade deportiva da cidade, así como a representantes institucionais, culturais, centros educativos e empresariais.

No pleno ordinario de marzo de 2016, di que o seu grupo presentou unha pregunta oral co obxecto de saber se o goberno municipal tiña pensado celebrar a gala do deporte, ao que a concelleira delegada contestou textualmente “que o ía pensar”.

Case un ano despois e a vista de que a gala non se celebrou, o grupo Socialista, reitera a mesma pregunta, se se vai celebrar por parte do goberno municipal a gala de deporte.

Dona Noa Morales Sánchez, comeza dicindo que os recursos económicos e humanos son os que son no departamento de deportes, e este ano as prioridades foron enfocadas a cuestións de mantemento e obras nas instalacións, que estaban a acarrexando grandes deficiencias, e tamén se fixo un esforzo grande, por ir recuperando paulatinamente actividades, que deixaron de facerse e que dependían do departamento.

A actividade da festa do deporte era organizada pola entidade Fundación Compostela Deporte.

E o grupo de goberno centrouse nas prioridades de obras nas instalacións e en recuperar actividades, posiblemente, menos relacionadas coa representación institucional e máis coas actividades deportivas na rúa, de base ou eventos deportivos de carácter familiar no tempo de ocio.

O Sr. Alcalde, di que toca a quenda agora, a unha pregunta do Partido Popular, sobre a tramitación de facturas pola realización de traballos de pavimentación en viarios públicos.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela, comeza a súa intervención dicindo que o anterior goberno do Partido Popular veuse sorprendido polo mal estado dos pavimentos, herdanzas dos gobernos de progreso e tivo o seu grupo no goberno que afrontar ese problema con dificultades orzamentarias.

Segue a dicir o señor Brunete, que en todo caso, todos os contratos que se asinaron, asináronse coa participación e co aval de funcionarios públicos, todas as actuacións puntuais, absolutamente todas contaron con informes da policía local, pagouse sempre a prezo de mercado, e nunca adxudicou o grupo Popular, nin adxudicaría a dedo, encargos de traballo de cincocentos mil euros, nin de catrocentos mil, nin de trescentos mil, nin de douscentos mil, nin de cen mil, nin de setenta e cinco mil.

Polo contrario o grupo de goberno e, particularmente o señor alcalde, prescindindo total e absolutamente do procedemento establecido na lei de contratos, e cunha contradición clara e flagrante e groseira coa mesma, apréciase presumiblemente maior que o prezo de mercado, que se encargaron traballos entorn ao medio millón de euros.

Transcorreron uns dez meses dende entón, e a verdade que non se veu un recoñecemento da suposta obriga, polo menos no que se refire aos traballos dos pavimentos asfálticos, é posible que os pavimentos non asfálticos teñan sido tramitados a través dun contrato menor.

Engade que non veu o grupo Popular, o recoñecemento da suposta obriga no caso dos pavimentos asfálticos, e fálase dunha suposta obriga de 440.000 euros, o cal podería supor un serio lastre, para os orzamentos do ano 2017.

O grupo municipal pregunta e queren saber si concretamente, se negara o grupo de goberno a aboar uns traballos polo feito de que os mesmos non respondan a unha contratación lícita, e polo tanto, se exporán a unha posible sentenza xudicial, ou se polo contrario están decididos a realizar un recoñecemento extraxudicial de crédito, supón o señor Brunete que con cargo ao orzamento do ano 2017, e se nese sentido, pregúntalle ao señor alcalde, se vai advertir aos membros da Xunta de Goberno do que iso supón?

Dona María Rozas Pérez, di que vai contestar ás dúas preguntas feitas.

En relación á primeira pregunta de que previsión manexa o goberno con respecto á tramitación das correspondentes facturas relativas aos referidos traballos de pavimentación, facturas correspondentes ás liquidacións núms. 1 e 2, por importe de

algo máis de 400.000 euros, foron realizadas polo goberno nun contrato de emerxencia, para acometer obras, polos grandes riscos que había para a seguridade viaria, produto do abandono no mantemento dos viais públicos que deixou de herdanza o Partido Popular.

As facturas teñen data de rexistro do mes de agosto, e nese momento non había crédito suficiente na partida para proceder ao pagamento das facturas, engade dona María Rozas, que si que se procedeu ao pago doutra de 45.000 euros.

O 14 de setembro nunha resolución recoñécese a disposición das obrigas e o recoñecemento delas e o 12 de decembro e con proposta previa do departamento de obras, un decreto da concellaría de economía e facenda, habilitouse crédito mediante unha transferencia para pagar as facturas.

Co resumo feito, considera a concelleira que debería estar aclarada a tramitación xa realizada.

Con relación á segunda pregunta, engade a Sra. Rozas, é falso a adxudicación a dedo, adxudicación a dedo foi o que fixo o Partido Popular, que o grupo de goberno tivo que levantar o reparo, e que posteriormente tiveron que traer a pleno, facturas a dedo de 3000 euros, por un importes globais de centos de miles de euros.

Dille a señora Rozas ao señor Brunete, que no concello quen ten experiencia completa en facer contratación ilícita, é o grupo Popular, e engade a señora Rozas que non fai falta recordar, todos/as recordan o historial do grupo Popular na corporación do Concello de Santiago.

Recorda a señora Rozas que fai pouco tempo veu a pleno un expediente para habilitar crédito, para pagar sentenzas, dúas delas derivadas de sentenzas por non ser pagadas as facturas no seu momento.

Unha das facturas estaba vinculada á asesoría xurídica, 180.000 euros que non se pagaron, pero efectuados os gastos polo Partido Popular, e chegou unha sentenza dicindo que as facturas había que pagalas.

A outra factura é coñecida por todos e todas un millón de euros do parque de bombeiros.

Engade a señora Rozas, que non todos son da mesma condición, e non todos xestionan do mesmo xeito os recursos públicos e a tramitación das facturas.

Don Agustín Hernández, pide a palabra para unha cuestión de orde, e dille a señora Rozas que si ten coñecemento dalgún feito ilícito por algún membro da corporación pertencente ao grupo Popular, que o poña en coñecemento da xustiza.

O Sr. Alcalde, dille ao señor Hernández que a recomendación que lle está a facer a señora Rozas, que tamén lla faga ao señor Brunete cando redacta as preguntas.

O señor alcalde engade que hai que intentar retomar o ambiente que caracteriza ás sesións plenarias, e van seguir coas preguntas, que tamén toca a quenda a outra do Partido Popular, sobre o proceso de concesión de locais na nave 5 da Praza de Abastos.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela, comeza a intervención dicindo que supón que non negara a señora concelleira, a aposta que o anterior goberno do Partido Popular tanto a nivel local, a nivel autonómico e a nivel do estado, fixo en prol da Praza de Abastos.

Engade o señor Brunete, que é certo que quedara por definir o uso da nave 5, que se quixo repensar cos colectivos profesionais, e nese sentido, aprobouse en pleno a realización dunha consulta e lamentablemente o acordo incumpríuse, e licítouse a adxudicación dos locais nuns termos que deron como resultado unha baixa concorrancia e un número escaso de adxudicatarios, tres.

Antes de que se producira a adxudicación definitiva o grupo Popular, lles suxeriu que desistisen do procedemento e que comezaran de novo dun xeito máis racional.

Non di que a concelleira actúase dun xeito soberbio, pero cando menos considera o señor Brunete, que emprendeu unha fuxida cara diante, e agora anuncian un novo proceso para cubrir os locais baleiros, e cre que se sitúan ante un dilema de consecuencias para o conxunto da cidade e ante un dilema cuxas consecuencias se poden prolongar durante quince anos, porque se cambian as condicións estarán ante dous réximes distintos de explotación, que suporía un agravio e unha competencia desleal promovida polo Concello de Santiago, e polo goberno municipal.

Polo que si mantén o grupo de goberno, as mesmas condicións, pois estase a manter un un escenario de inseguridade xurídica, a respecto da posibilidade ou non, do destino dos produtos, e mantense tamén a posibilidade de que presenten e sexan adxudicatarios dos locais proxectos cun nivel de calidade baixo na explotación.

O grupo popular, quere saber cómo pensa resolver este dilema o grupo de goberno.

Dona Marta Lois González, antes de darlle resposta ao señor Brunete, di que vai contextualizar un pouco o tema da nave cinco, que xa en reiteradas ocasións.

A Xunta de Goberno o 22 de abril de 2016, aprobou o prego para a concesión de diversos postos da nave 5 da Praza de Abastos, que serán destinados á venda de produtos agroalimentarios, elaborados e semielaborados para o consumo fora do mercado.

Lembra a señora Lois, que este prego de condicións, puxo punto final a varios anos de inoperancia dos anteriores gobernos municipais, que deron mil voltas a diferentes proxectos que se poderían levar a cabo na devandita nave, dende un supermercado do que se falou fai case unha década, ata o espazo puramente gastronómico do que se falou durante o goberno do Partido Popular.

O goberno de Compostela Aberta tiña o compromiso de desenvolver un proxecto para a praza de Abastos que complementase a súa oferta actual, pero que non pervertira a súa esencia.

Tamén quere lembrar a señora Lois que a redacción dos pregos para os postos da nave 5, partiron do compromiso adquirido polo goberno municipal coa cidadanía, e levouse a cabo un proceso de diálogo e consultas, por unha banda coa cooperativa do mercado de Abastos e coa asociación de hostalería de Compostela.

O resultado dese diálogo foi o prego aprobado, e o proceso de adxudicación do que o Partido Popular formou parte en todo momento.

Polo tanto, considera a señora Lois, que o proceso de elaboración do prego e de condicións da nave cinco, cumpre tres condicións:

Primeiro parte dun compromiso electoral de Compostela Aberta.

Plantexa un modelo que considera o goberno municipal, que reforzará a esencia actual da Praza de Abastos, sen introducir novos elementos que poderían facer perder a súa esencia.

E en último lugar, é un modelo definido, insiste a concelleira, a partires do diálogo e do intercambio de ideas con entidades directamente vinculadas.

Segue a dicir a señora Lois, que rematado o proceso de licitación deses locais, observouse como saben todas e todos, que quedaron locais sen ocupar, porque grande parte das empresas que concorreron a ese proceso quedaron excluídas do mesmo.

Quedaron excluídas do mesmo por problemas na forma de presentación da documentación esixida para concorrer ao proceso, é dicir, foi unha desestimación por problemas de tipo formal.

Na actualidade estase a tramitar novamente a licitación dos locais que quedaron baleiros, e ademais acompáñase esa licitación cunha realización dunha actividade formativa por parte da oficina de desenvolvemento económico aberta a todas as empresas e profesionais para dar formación e emprender ou ampliar as súas liñas de negocio na Praza de Abastos.

Explicáranse ademais os procedementos administrativos a seguir para concorrer á licitación dos devanditos locais.

Remata a concelleira a súa intervención dicindo que o prego que se está a tramitar e como non podería ser doutro xeito, señor Brunete, é fiel ao aprobado no mes de abril.

O Sr. Alcalde, di que toca agora a quenda á sexta pregunta do Partido Popular sobre as previsións do goberno en relación coa xestión dos quioscos municipais.

Dona M^a José Castro Carballal, comeza a súa intervención dicindo, que no pleno do mes de maio do pasado ano, aprobábase unha iniciativa do seu grupo, para a regularización e reapertura de catro quioscos de titularidade municipal, situados na Avda. de Xoán XXIII, Alameda, Praza de Vigo e rúa Bernardo Barreiro Vázquez Varela.

O acordo instaba a que se abordará canto antes a regularización da autorización para a explotación e xestións destes catro quioscos que estaban pechados para facilitar a súa apertura a través dun procedemento de concorrència competitiva, primando o carácter social dos establecementos ou de ser o caso, da súa retirada para recuperar o espazo público e a mellora ambiental das zonas onde están asentados.

No devandito mes de maio, o goberno do concello decidiu utilizar as fachadas destes quioscos para colocar varios posters a xeito de exposición conmemorativa do centenario da creación das Irmandades da Fala.

Rematado o ano do centenario das Irmandades da Fala, e dado que continúa pendente o cumprimento do acordo plenario, o grupo municipal do Partido Popular formula a seguinte pregunta:

Por unha banda, qué xestións leva feitas o goberno para o cumprimento do acordo plenario en relación cos catro quioscos municipais?

E, pola outra, cales son as previsións temporais ao respecto da súa regularización, tanto apertura ou peche, ao longo do ano 2017?

O Sr. Alcalde, responde á pregunta formulada polo grupo municipal do Partido Popular, e comeza dicindo, que previamente a aquel pleno, celebráronse na Alcaldía varias xuntas cos administradores concursais nas que se amosou interese na rede de quioscos.

Despois da devandita sesión plenaria recibíuse no concello comunicación dos administradores concursais dándolle un prazo ao concello para amosar ou non amosar interese na rede de quioscos.

Manifestouse por parte do concello o interese, e recordándolles, así mesmo que había un acordo plenario a maiores, e pedíndolles que puxeran unhas condicións para poder ser valoradas, de todo isto, fai máis ou menos un mes.

Volvérase a activar por parte da alcaldía un contacto cos administradores, porque entende o señor alcalde, que eles están a pechar o proceso, e non fixaron en ningún momento as condicións para poder quedar coa rede de quioscos, non as chegaron nin a cuantificar, nin a fixar.

De feito a sensación que da do escrito presentado polos administradores, era incluso a de querer sacar os quioscos, porque establecían un prazo para que se lles reiterará un interese que xa fora amosado por parte do concello, e senón eles entendían que se desistía por parte do concello do interese polos quioscos.

O concello reiterouse no acordo plenario, iso consta no escrito que se lles dirixiu aos administradores concursais dende a alcaldía.

Continúa a dicir o señor Alcalde, que agora toca a quenda a penúltima das preguntas tamén do grupo municipal do Partido Popular, sobre a tramitación da convocatoria do premio Xohana Torres.

Dona M^a José Corral López, comeza dicindo que se formula esta pregunta, por mor do que esixe a normativa vixente en materia de subvencións e axudas públicas, en concreto a resolución do 10 de decembro de 2015, vixente dende o 1 de xaneiro de 2016, que regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias e que establece literalmente: “a eficacia da convocatoria queda supeditada a publicación do seu estrato no Diario Oficial”, dito isto, continúa a dicir, que a Xunta de Goberno do 26 de febreiro de 2016, aprobou as bases da convocatoria do Premio de Ensaio e Creación Audiovisual, Xohana Torres, sobre a memoria histórica das mulleres de Compostela para o ano 2016.

Segundo a base cuarta o prazo de presentación dos traballos abrangúa o período entre o 8 de marzo e o 31 de decembro de 2016.

O alcalde non asina ata o 25 de novembro seguinte o traslado para a publicidade do texto nas preceptivas canles legais.

E a publicación no BOP da Coruña que fai efectiva a convocatoria é de 2 de xaneiro de 2017, cando xa estaba rematado o prazo de presentación.

A pregunta que fai o grupo municipal do Partido Popular, é se consideran que a tramitación do premio cumpriu os principios de transparencia e publicidade, porque a falta desta, supón a señora Corral, que supuxo que quedara o premio deserto, e senón quedou deserto, cómo resolveu o goberno, obviar a normativa no que afecta a eficacia da convocatoria?

Dona Marta Lois González, comeza dicindo que vai dar contestación ás preguntas formuladas.

Contextualizando brevemente, quere lembrar que o premio Xohana Torres foi instituído pola concellaría de igualdade no ano 1993, co obxecto de contribuír ao coñecemento sobre as mulleres que destacaron nalgún eido, tanto na actualidade como no pasado en Galicia.

Nas primeiras dezasete edicións premiáronse traballos inéditos e de investigación referidos a calquera aspecto social, histórico e humano das mulleres.

Nas edicións correspondentes aos anos 2009 e 2010 decidiuse abrir o premio ao ensaio, tanto literario como científico para abarcar diferentes disciplinas.

E, entre os anos 2011 e 2015 non foi convocado.

Lembra a señora Lois que a convocatoria do devandito premio non foi nunca publicada no BOP.

No ano 2016 recuperouse novamente o premio Xohana Torres, mantendo a esencia coa que se creou, acordouse orientalo á recuperación da memoria histórica das mulleres de Santiago de Compostela.

Así mesmo, esta edición está dirixida aos ensaios literarios ou científicos, pero o premio tamén se abre a traballos audiovisuais.

Por outra banda, o Concello de Santiago de Compostela, asinou un convenio coa Universidade, como se viña facendo ata o ano 2010, para difundir e apoiar este premio.

As vías e mecanismos de difusión e transparencia do premio, son as que seguen:

O día 4 de marzo o señor Reitor e a concelleira de igualdade, dan unha rolda de prensa para presentar o premio Xohana Torres.

Con data 8 de marzo de 2016, publicouse no diario “La Voz de Galicia” un faldón de dez módulos coa apertura da convocatoria.

Con data 8 de marzo de 2016, publicouse no diario “El Correo Galego” un faldón con dez módulos para publicitar a convocatoria.

Encargouse un ... coa apertura da convocatoria que estivo durante un mes, ata o 8 de abril na Praza de Galicia para publicitar e transparentar a convocatoria.

Con data 8 de marzo de 2016, insertouse anuncio da convocatoria nos seguintes espazos, na web do concello, na páxina web de territorio das mulleres, na páxina web de turismo de Santiago, na páxina web da asociación de escritores e escritoras en lingua galega, etc.

Ditos anuncios estiveron activos ata 31 de decembro de 2016.

Así mesmo, a convocatoria estivo exposta no taboleiro de edictos e anuncios do concello, no taboleiro de anuncios das concellaría de políticas sociais, diversidade e saúde, na de igualdade e no reitorado da USC no período comprendido entre o 8 de marzo ata o 31 de decembro de 2016.

Por último, indica a señora Lois, no mes de novembro de 2016 o concello puxo en funcionamento unha nova aplicación informática para a xestión das subvencións, e para comunicación das mesmas, e isto foi o que fixo mudar a forma de divulgación da convocatoria.

A entrada en funcionamento da aplicación tivo algúns atrancos iniciais, no referente á comunicación da base de datos nacional de subvencións, e non estivo operativa ata finais do mes de decembro do 2016.

A publicación dos anuncios nos boletíns oficiais das convocatorias das subvencións fanse a través da base de datos nacionais de subvencións e non directamente a través do persoal administrativo.

Segue a dicir dona Marta, que neste momento non se pode precisar xusto a data na que se vai producir a devandita publicación.

Con isto considera dona Marta, que queda claro que a transparencia e a publicidade está máis que xustificada e probada.

O Sr. Alcalde, di que se continúa coas preguntas, e pásase agora a unha pregunta do BNG, sobre as condicións laborais das auxiliares e da calidade dos servizos que está a prestar a empresa adxudicataria do servizo de atención domiciliaria.

Don Rubén Cela Díaz, comeza dicindo, que cre que é coñecido por todos e todas, que a xestión da atención á dependencia, a dependentes do concello, pois leva tempo provocando todo tipo de problemas nos últimos tempos, de queixas por parte de usuarios e usuarias, e tamén dos seus familiares, e tamén queixas, por parte das traballadores.

Nese sentido, o BNG é consciente, que por parte do goberno municipal se ten constancia deses problemas, cando menos dende finais de novembro do ano pasado, cando as propias traballadoras da empresa tiveron unha xuntanza con responsables do concello e o BNG quere preguntar, qué seguimento das condicións laborais das auxiliares e da calidade do servizo, que están a prestar por parte da empresa adxudicataria se está a facer por parte do servizo de atención domiciliaria, a qué conclusión chegaron por parte do grupo de goberno, qué medidas se tomaron, e qué medidas se pensa tomar ao respecto, tendo en conta dende o punto de vista do BNG, unha reflexión que serve para a atención á dependencia, pero así mesmo, tamén para todos os servizos privatizados no Concello.

O último responsable do servizo que se presta é o propio concello, porque é un servizo público, con independencia de que estea externalizado a través dunha empresa privada, polo tanto entende o BNG que o último responsable da atención aos dependentes do Concello de Santiago é o propio concello, e polo tanto, quere saber o BNG qué medidas se teñen tomado, e qué medidas se pensa adoptar no futuro a respecto da empresa Valoriza.

Dona Concepción Fernández Fernández, da contestación á pregunta formulada polo señor Cela.

Comeza dicindo que dende que chegaron ao goberno municipal, mantiveron catro xuntanzas coas traballadoras e co comité de empresa de Valoriza, que é a adxudicataria do contrato de prestación de servizo de axuda no fogar no concello, dende finais de abril de 2015.

Na primeira xuntanza que tivo o goberno foi en 2015 recen chegados ao goberno, e foi unha xuntanza cordial, de presentación e recoñecemento.

Xa en 2016, tiveron outra xuntanza no mes de abril, na que se informa dos cambios provocados na organización do servizo derivados do cumprimento dunha resolución da Inspección de Traballo relativa aos horarios das auxiliares de axuda no fogar, o que motivou que se mudaran algunhas das auxiliares que prestaban servizos aos usuarios e queixas por parte dos usuarios e que foron atendidos por parte do goberno no seu momento.

Unha segunda xuntanza foi no mes de novembro do pasado ano, na que se traslada ao concello por parte das traballadoras, que están inmersas nun conflito laboral grave coa empresa, e que motivou unha nova denuncia do comité de empresa, por incumprimento do convenio é unha apertura de expediente novamente, por parte da Inspección de Traballo.

Xa no ano 2017, e despois da concentración feita por parte das traballadoras diante do concello o día 9 de xaneiro, o goberno emprazounas a unha xuntanza o día seguinte na concellaría, e onde as traballadoras comunican que o conflito laboral vai en aumento, que foron despedidas dúas traballadoras, o goberno municipal puxo en coñecemento das traballadoras, que xa tiñan feito un requirimento á empresa, relativo ao cumprimento do prego de contratación no que se refire a dereitos laborais das traballadoras, e tamén a que se informe puntualmente de calquera cambio que poida afectar ao persoal subrogado que presta o servizo de axuda no fogar.

Continúa a dicir a concelleira, que en canto ao seguimento da calidade do servizo que é prioridade cando se trata de prestación dun servizo tan sensible como é a atención e coidado das persoas dependentes, durante o ano 2015 fixéronse trece xuntanzas de seguimento e coordinación nas que participou a xefa de sección de servizos sociais, e a técnica municipal responsable do programa, e as dúas coordinadoras da empresa Valoriza.

No ano 2016, realizáronse 21 xuntanzas, todas co obxectivo de facer un seguimento da calidade da prestación do servizo e para que se cumprise o contrato.

Así mesmo, a responsable municipal do programa de axuda no fogar realizou trinta e catro visitas domiciliarias e corenta e sete entrevistas individuais coas persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

Actualmente estase a espera da resposta ao requirimento realizado, de coñecer se hai algunha sanción ou inspección por parte de traballo, e por suposto, de ter coñecemento dalgunha incidencia que afecte á prestación do servizo aos usuarios e usuarias, non se

descarta por parte do goberno, pois iniciar a apertura dun procedemento de penalización ou sancións á empresa.

O Sr. Alcalde da por rematada a contestación ás preguntas orais, pasándose ao seguinte punto da orde do día.

14. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Os textos das mocións presentadas polos grupos municipais, son as que a continuación se transcriben.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA:

1.- Rexistro de entrada do día 19 de decembro de 2016, núm. 375, para instaurar un día internacional en memoria das vítimas do Holocausto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas decidiu o 1 de novembro de 2005, na Resolución 60/7 designar o 27 de xaneiro Día Internacional de Conmemoración en Memoria das Vítimas do Holocausto.

A data elixida conmemora a liberación hai 60 anos do campo de exterminio de Auschwitz, símbolo como desgraciadamente tantos outros, (Mauthausen, Dachau, Buchenwald....) da depravación e a ignominia á que pode chegar o ser humano. Nestes campos de exterminio xunto á poboación xudía sufriron e morreron máis de 10.000 españois que fuxindo da Ditadura imposta tras a Guerra Civil, foron capturados polas tropas alemás cando vivían exiliados en Francia. Tamén sufriron miles de cidadáns europeos e doutros lugares por razón do seu credo, raza, ou ideas.

A data do 27 de xaneiro serve para honrar aos seis millóns de xudeus exterminados no holocausto nazi, tamén a máis de 10.000 españois que sufriron a deportación e morreron nos campos nazis. Será a data que nos lembrará o que, con total seguridade, foi o maior crime cometido na historia da Humanidade por un Goberno, coa complicidade e o silencio do resto baixo o medo e o terror. Para que ese silencio non volva mostrarse de maneira tan sonora, para que o esquecemento non nos faga cómplices, a historia dos campos de exterminio nazi debería ser entendida por todos como un sinistro sinal de perigo, ninguén pensaba que aquilo podería ocorrer en Europa; pero sucedeu. Ao principio foron exterminados os discapacitados, despois os xudeus (entre catro millóns e medio e seis millóns), rusos (máis de catro millóns), polacos, iugoslavos, checos, gregos, franceses, italianos, españois, austríacos etc. Distintos grupos relixiosos

(protestantes, católicos e testemuñas de Jehová...), homosexuais, presos comúns, partisanos e brigadistas, e grandes grupos de persoas de etnia xitana. Todos os sobreviventes, prometeron facer coñecer ao mundo os horrores vividos nestes campos para que a Humanidade non esquecese nin repetise, nunca máis, estes crimes. No caso dos españois esta misión foi durante décadas máis gravosa porque a maioría deles non puideron regresar ao seu país. Temos un compromiso, unha esixencia democrática elemental para con eles, honrar a Memoria daqueles homes e mulleres que sufriron o maior crime contra a Humanidade, manténdonos sempre atentos, e non esquecer, para que estes feitos, nunca xamais, volvan repetir.

O tema das actividades de recordo e educación sobre o Holocausto en 2016, será “O Holocausto e a dignidade humana”. Devandito tema establece un vínculo entre o recordo do Holocausto e os principios fundacionais das Nacións Unidas e reafirma a fe na dignidade e a valía de todas as persoas que se destaca na Carta das Nacións Unidas, así como o dereito daquelas a vivir sen discriminación e gozar de igual protección ante a lei, dereito consagrado na Declaración Universal de Dereitos Humanos. O Holocausto, que supuxo o exterminio de case dous terzos da poboación xudía europea, segue sendo un dos máis dolorosos recordatorios do fracaso da comunidade internacional en protexer a tal poboación.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes acordos:

ACORDOS A ADOPTAR

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela:

1.- Súmase á conmemoración do Día Internacional en Memoria das Vítimas do Holocausto na data do 27 de xaneiro.

2.- Solicita ás institucións que nesta data tamén sexan lembrados sempre, de maneira singular, os máis de 10.000 españois que sufriron e morreron nos campos de exterminio nazis, os exiliados e todos aqueles que foron deportados ou perseguidos polas súas ideas.

2.- Rexistro de entrada do día 17 de xaneiro de 2017, núm. 32 relativa á saturación do servizo de urxencias do CHUS.

Exposición de motivos:

Fai tan só uns días producíase unha nova saturación no servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS); non por un aumento estacional como nos queren facer crer, senón como reflexo e resultado da política de

recortes que están a levar a cabo a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego da Saúde. A falta de persoal, sumado á redución do número de camas en planta, fixo que as persoas que acudían ao servizo de Urgencias tivesen que esperar durante horas para ser atendidos, para ser dados de alta ou para ser ingresados en planta.

É comprensible que, en determinadas épocas do ano, como esta, haxa un incremento na demanda de atención de urxencias, pero é totalmente inaceptable que, sabendo que isto vai suceder, non funcione un protocolo de actuación que alivie ou mellore substancialmente este servizo.

Os sindicatos e profesionais xa manifestaron o seu desacordo coa política de recortes do Partido Popular no Servizo Galego da Saúde e, en particular, no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS), pola falta de substitucións de profesionais e polo déficit de infraestruturas, consecuencia do peche de camas, e alertaron dos graves efectos negativos que poden ter sobre a asistencia aos cidadáns.

Por todo iso, é polo que se propón ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

1.- Solicitar a convocatoria inmediata e urxente do Consello Sectorial de Saúde de Compostela e a comparecencia, así mesmo urxente, do Xerente da área Integrada de Santiago para que informe sobre a situación de saturación das urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS).

2.- Instar á Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego da Saúde (SERGAS) que tome as medidas suficientes para evitar unha nova saturación e reverter a situación creada no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS).

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA:

1.- Rexistro de entrada do día 10 de xaneiro de 2017, núm. 10, relativa ao cambio de denominación do aeroporto de Lavacolla.

Marta Lois González, Concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta para o seu debate e aprobación no Pleno, a seguinte moción,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As identidades de Santiago de Compostela e de Galicia están historicamente ligadas e atopan na idade contemporánea a súa expresión xenuína grazas á condición de capitalidade cultural, política e administrativa da nosa nación.

Para a proxección internacional da nosa cidade e do país calquera estratexia digna de tal nome debe ter en conta por forza eses vieiros de relacións humanas, esas raíces históricas e eses fluxos de nutrinte cultural que son os Camiños de Santiago. Mais no presente outra vía de comunicación precisa ser considerada: o aeroporto internacional de Lavacolla, a porta que liga os novos camiños do aire ás antigas vías terrestres e marítimas.

Cando pensamos nunha imaxe icónica de Galicia aparécesenos unha persoa que brilla con luz propia, unha figura fundamental da literatura europea, a escritora máis representativa da lingua galega, unha muller que naceu en Compostela: Rosalía de Castro, de quen este ano conmemoramos o que sería o seu 180º aniversario.

Rosalía viviu nunha constante loita persoal e profesional pola recuperación e forxa da identidade: da súa, da de xénero e da de Galicia, e logrando nese camiño unha manifestación artística única, precursora da nosa vida literaria e civil en innumerables aspectos. O Rexurdimento comeza coa publicación da obra *Cantares Gallegos*, que devolve o noso idioma á escrita tras séculos de proscripción e silenciamento.

Recoñecida por todas e por todos, inspiradora de novas manifestacións literarias, un dos piares das nosas industrias culturais e *leiv motif* dunha pluralidade de iniciativas sociais e educativas, é indiscutible a súa contribución á nosa cultura, á emancipación das mulleres e a un mundo máis xusto. A súa figura e a súa obra préstanse e prestaranse a un amplo abano de lecturas e interpretacións. De aí a súa grandeza e a súa universalidade.

Rosalía de Castro, símbolo eterno da nosa terra, é a figura galega con maior recoñecemento interno e externo da nosa cultura. Que mellor símbolo para proxectar ao mundo a imaxe de Santiago de Compostela e de Galicia? Que edificio público da nosa cidade máis acaído que o aeroporto de Lavacolla para honrar a súa memoria ligándose para sempre ao nome de Rosalía?

En todos os países é tamén unha práctica instituída que os aeroportos de referencia reciban o nome de personaxes ilustres: o Nikola Tesla de Belgrado, o Caravaggio de Bérghamo, o Américo Vesputio de Florencia, o José Martí da Habana, o John Lennon de Liverpool, o Ástor Piazzola de Mar del Plata, o JFK (John Fitzgerald Kennedy) de Nova Iorque, o Louis Armstrong de Nova Orleáns, o Giuseppe Verdi de Parma, o Galileo Galilei de Pisa, o Leonardo da Vinci de Roma, o W.A. Mozart de Salzburgo, o Fryderyk Chopin de Varsovia ou o Cristóbal Colón de Xénova... son só algúns exemplos das

iniciativas que conxugan o recoñecemento ao mellor que deu de si a Humanidade coas modernas catedrais da aviación civil. Dáse a circunstancia de que en España os aeroportos Raíña Sofía do Sur de Tenerife, Adolfo Suárez de Madrid-Barajas e Seve Ballesteros de Santander mudaron a súa denominación nos últimos anos.

En moitas cidades a promoción da cultura atopa nas terminais aeroportuarias un espazo físico único e privilexiado. Tal é o caso da proxección da figura de James Joyce e das súas obras *Ulysses* e *Dubliners* na terminal do aeroporto de Dublín, o exemplo do museo da terminal 2 do aeroporto parisiense Charles de Gaulle de París ou a experiencia de realidade virtual sobre a cultura coreana no aeroporto de Incheon en Seúl.

O aeroporto de Lavacolla é ademais outro referente simbólico de importancia capital: a conexión coa diáspora galega en Europa e alén mar. Durante décadas, e tristemente de novo, o aeroporto é o lugar onde se despiden, e con sorte onde se reencontran, todas as persoas e familias que se vén obrigadas a procurar sustento lonxe dos seus e da terra que os criou. Do xenio e da man de Rosalía coñecemos ben como viviron o drama da emigración.

O aeroporto é tamén a vía de entrada e saída dos millóns de visitantes que nas últimas décadas se achegaron a visitar e coñecer Compostela. As autoridades aeroporturias teñen a responsabilidade de fornecer aos visitantes a primeira e a última experiencia do noso país.

Como sabemos, Lavacolla vén de bater en 2016 o seu rexistro histórico de tráfico, con máis de 2 millóns e medio de pasaxeiros, un 25% máis que a suma de Alvedro e Peinador. É tamén o aeroporto galego con maior tráfico de mercadorías, case 2.300 Tm que multiplican por tres o volume movido conxuntamente pola Coruña e Vigo. Desde 2008, ano en que comezou a gran recesión económica, é o único dos tres aeroportos galegos que medrou en número de pasaxeiros, un 30%, colocándose como o segundo en crecemento de todo o Noroeste peninsular, por diante do de Bilbao e só por detrás do Sá Carneiro do Porto.

Este recoñecemento da memoria de Rosalía de Castro na nosa cidade enmárcase ademais nun dos obxectivos fundamentais que ten a Concellaría de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela, a través do proxecto “Compostela, Territorio das Mulleres (TM)”: fomentar unha maior presenza simbólica das mulleres na cidade, promovendo unha maior representación da súa identidade grupal na memoria do espazo público. A través da implicación dos axentes sociais e económicos presentes na cidade, dito proxecto busca crear un mapa de recursos, lugares e equipamentos que axuden a construír unha cidade igualitaria e amigable coas mulleres. Con este mapa quérese tamén explorar unha dimensión turística orientada a facer de Compostela unha cidade

women friendly, cuxo selo axude na consolidación da capital galega como destino turístico estatal e internacional.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta ao Pleno para a súa aprobación o seguinte,

ACORDO

1.- Instar ao Ministerio de Fomento e a Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA) a que aproben e dean efecto ao cambio de denominación do Aeroporto de Santiago de Compostela, que a partir do día 24 de febreiro, Día de Rosalía, pasará a denominarse Aeroporto Rosalía de Castro, Santiago-Lavacolla.

2.- Ofrecer a AENA e á Fundación Enaire a colaboración do Concello de Santiago de Compostela para promover, no ámbito das súas instalacións en territorio municipal, a figura e a obra de Rosalía de Castro e, por extensión, doutras figuras literarias vinculadas coa cidade (Ramón María del Valle Inclán, Gonzalo Torrente Ballester...) e, en xeral, das letras e a cultura galegas.

3.- Incluír referencias a contidos culturais e literarios sobre a vida e a obra de Rosalía de Castro nos convenios subscritos cos operadores aéreos con actividade en Lavacolla para a promoción da cidade e de Galicia, a fin de dalos a coñecer entre os visitantes da cidade e de Galicia.

4.- Instar á Xunta de Galicia a apoiar os presentes acordos, impulsar a súa materialización e prestar a súa colaboración no mesmo sentido.

5.- Instar ás principais entidades culturais galegas de aquí e de alén (Fundación Rosalía de Castro, Consello da Cultura Galega, Real Academia Galega, Asociación Puntogal, Centros Galegos no exterior...) a apoiar o presente acordo e promover conxuntamente o cambio de denominación.

2.- Rexistro de entrada do día 16 de xaneiro de 2017, núm. 23, relativa a medidas para avanzar na laicidade do Estado no eido municipal.

Manuel Dios Diz, Concelleiro de Educación e Cidadanía, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A laicidade é unha seña de identidade que é consustancial á soberanía do poder civil, a liberdade individual e a democracia. Reivindicacións históricas como a liberdade de

conciencia e de cultos, a secularización dos cemiterios, o matrimonio civil e o divorcio, a liberdade de investigación, a educación laica e a non imposición da relixión na ensinanza ou a coeducación, son conquistas dunha sociedade democrática e secularizada que hoxe son patrimonio compartido pola inmensa maioría da cidadanía.

De acordo co artigo 16.3 da Constitución Española: “*Ningunha confesión terá carácter estatal...*”, preténdese constituir unha REDE DE MUNICIPIOS POR UN ESTADO LAICO, que terá como finalidade garantir e fomentar a liberdade de conciencia individual e a independencia efectiva do Estado con respecto a calquera confesión relixiosa ou ideoloxía particular, asegurando deste xeito, a neutralidade ideolóxica das administracións públicas.

Diversos Concellos do conxunto do Estado están a impulsar a creación dunha Rede de Municipios por un Estado Laico, en consecuencia Compostela Aberta presenta para o seu debate e aprobación no Pleno o seguinte **ACORDO**:

O Concello de Santiago de Compostela apoia a constitución dunha REDE DE MUNICIPIOS POR UN ESTADO LAICO, adherirse a ela e participar na súa Asemblea constituínte.

3.- Rexistro de entrada do día 16 de xaneiro de 2017, núm. 30, relativa á aprobación dun pacto local pola mobilidade.

Jorge Duarte Vázquez, Concelleiro de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade, presenta para a súa aprobación polo Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

O Pacto Local pola Mobilidade emerxe como unha ferramenta de traballo que ten como obxectivo establecer o mellor modelo posible de mobilidade para a cidade. Tal e como figura na súa xustificación, a constitución deste documento contou cun proceso colectivo de participación, aberto a toda a veciñanza e colectivos implicados coa finalidade de reformular o modelo actual de mobilidade, percibido como insostible social e ambientalmente, así como inoperante antes as demandas de mobilidade alternativa.

O proceso de consulta e participación para acadar os obxectivos a seguir no Pacto Local pola Mobilidade iniciouse a través dun primeiro plenario de constitución do Pacto e ca participación a través da microweb instalada na páxina web do Concello e a celebración doutros tres plenarios ao longo do ano 2016 en torno aos que se estruturaron as temáticas a tratar: circulación e estacionamento, transporte colectivo e modos brandos de transporte. Tras estes plenarios realizouse un último encontro o 27 de decembro de 2016 no que se presentou o documento final.

Para que este pacto sexa punto de referencia para os próximos anos, precisará do consenso de todas as partes implicadas empezando pola totalidade da corporación municipal e contando co resto de axentes sociais e por suposto a cidadanía.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta somete a aprobación do Pleno os seguintes **ACORDOS**:

1.-Aprobación do texto do Pacto Local pola Mobilidade (anexo I).

2.- Inicio dos trámites para a creación dunha Comisión de seguimento na que estean presentes representantes dos diferentes colectivos implicados.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR:

1.- Rexistro de entrada do día 10 de xaneiro de 2017, núm. 20, sobre a revogación da esixencia de pagamento de arranxo de beirarrúas ás comunidades de veciños.

Ao abeiro do artigo 85 do Regulamento Orgánico Municipal, O Grupo Municipal Popular presenta para a súa inclusión no Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente coñeciamos unha sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago que anula un decreto do concelleiro delegado de Convivencia, no que se lle esixía a unha comunidade de propietarios o arranxo do tramo de beirarrúa correspondente á pasaxe ao garaxe do edificio.

Neste sentido, cómpre lembrar a advertencia exposta no seu día polo Grupo Municipal Popular de que non se lle pode esixir ás comunidades de propietarios o referido arranxo das beirarrúas, entre outros motivos, porque non resulta posible realizar unha clara e exclusiva imputación obxectiva do dano.

O criterio do Grupo Popular explica que o previsto na correspondente Ordenanza Municipal, cando menos desde 1998, ou incluso noutras normas, non fora de aplicación a estes supostos.

Sucede que entre a previsión incluída nunha norma e a súa aplicación debe mediar un proceso interpretativo, que é o que explica que con anterioridade, non se formulara esta esixencia. Foi o novo Goberno municipal o que propiciou o inxusto cambio de criterio do Concello na aplicación da norma.

O certo é que a referida sentenza anula a esixencia dirixida a unha concreta comunidade de veciños, pero o certo tamén é que foron varias as comunidades requiridas de maneira inxusta. Comunidades do Ensanche, pero tamén doutras zonas, como, por exemplo, Pontepedriña ou Salgueiriños.

Algunhas destas comunidades seguen sometidas ao requirimento para que reparen as beirarrúas e á advertencia dunha execución subsidiaria; algunha outra xa executou, a cargo dos propios veciños, obras de reparación do dominio público; e tanto as que xa executaron e pagaron o arranxo como as que aínda están sometidas ao requirimento viron como outros tramos de beirarrúa coincidentes con entradas e saídas doutros garaxes foron arranxadas con cargo ao orzamento municipal e no marco dun contrato “para a reparación dos pavimentos peonís” tramitado no verán, e sen que afortunadamente conste tal actuación como unha execución subsidiaria. Isto é: a inxustiza é diversa. Non só se actuou excedendo a lóxica normativa, senón que as inxustas esixencias de reparación se están a dirixir a unhas determinadas comunidades.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular propón para o seu debate e consideración no Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello insta ao Goberno municipal a estudar a viabilidade xurídica e, no seu caso, a tramitar con carácter inmediato a revogación dos actos administrativos de esixencia ás comunidades de propietarios do arranxo das beirarrúas, coa devolución tamén das cantidades que correspondan, así como a reparar e manter con dilixencia, e con cargo ao orzamento do Concello, os pavimentos peonís nos espazos públicos de titularidade municipal.

2.- Rexistro de entrada do día 16 de xaneiro de 2017, núm. 29, sobre o control e execución do programa “Compostela Máis”.

Ao abeiro do artigo 85 do Regulamento Orgánico Municipal, O Grupo Municipal Popular presenta para a súa inclusión no Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno do Partido Popular decidiu poñer en marcha no tramo final do pasado mandato un novo catálogo de recursos sociais dirixido aos colectivos máis desfavorecidos do termo municipal, co obxectivo de que ningunha persoa ou familia da cidade carecera dunha prestación para atender as necesidades básicas. Así xurdiu o programa de inclusión social activa “Santiago Suma”, afianzado en catro piares fundamentais: a renda da solidariedade, as axudas para distintas situacións de risco ou

emergencia social como as relativas a manutención ou vivenda, as axudas para a prevención e inserción social e o reforzo da coordinación coas entidades locais operantes na área de inclusión social.

A esta iniciativa, que supuxo instaurar por primeira vez no Concello diversos tipos de axudas específicas, destináronse no orzamento municipal de 2015 algo máis de 1,5 millóns de euros, o que significou un importante salto cualitativo e cuantitativo nesta materia na acción municipal.

Para facer efectivo esta programa “Santiago Suma” aprobouse unha ordenanza reguladora pola Xunta de Goberno e polo Pleno en marzo de 2015, unha norma que foi publicada no BOP do 3 de xuño de 2015 (co Goberno do Partido Popular en funcións) e que entraría en vigor o día 17 de xuño, abríndose desde ese momento o prazo para presentar e tramitar as prestacións sociais ao abeiro dese novo programa.

Cando apenas transcorreran tres meses da entrada en vigor da normativa reguladora que poñía en marcha o “Santiago Suma”, o novo Goberno de Compostela Aberta, a través da concelleira da materia, anuncia a mediados de outubro a intención de modificar esta ordenanza “para desbloquear as axudas pendentes”, aludindo ás “dificultades de aplicación do programa” para tramitar as 111 solicitudes que se tiñan presentado para concorrer ás distintas axudas convocadas.

A nova norma, que segundo o Goberno “quere superar as eivas da Santiago Suma”, transforma o seu nome para converterse en “Compostela Máis” e reduce as súas liñas de actuación a dúas, modificando a “Renda da Solidariedade” nunha nova “Renda de Garantía Básica Cidadá” e agrupando nas “prestacións de rescate social” as distintas axudas existentes no programa anterior.

Coincidindo coa aprobación do texto da ordenanza pola Xunta de Goberno Local en xuño de 2016, o alcalde xustificou a revisión deste programa “na ineficacia demostrada pola ordenanza actual”, facendo referencia “á longa tramitación administrativa que require a ordenanza Santiago Suma”, cun tempo de tramitación para a súa aprobación en 2015 cifrada en 96 días. Entre os datos ofrecidos a modo de balance do “Santiago Suma” entre xuño e decembro de 2015 informouse do rexistro de 149 solicitudes e a concesión de 82 axudas, mentres nos primeiros cinco meses de 2016 houbo 110 solicitudes, concedéndose unicamente 5 axudas “por mor da longa tramitación”. No tocante á execución orzamentaria deste programa sinalouse que dos 600.000 euros previstos para 2015 destinados á Renda da Solidariedade unicamente se gastarán “algo máis de 6.000 euros” e nos cinco primeiros meses de 2016, só 25.000 euros.

Logo da aprobación inicial polo Pleno no mes de xuño e da publicación da súa aprobación definitiva no BOP en data 31 de agosto, no mes de setembro entrou en vigor

a nova ordenanza que regula o programa “Compostela Máis”, aínda que non foi ata o mes de outubro cando desde o Concello se dou a coñecer a apertura do prazo para solicitar as súas prestacións sociais.

Desde entón, e segundo os datos que puidemos coñecer unicamente por unha información xornalística do pasado 15 de xaneiro, “co novo escenario normativo, no 2016 os composteláns solicitaron en total cincuenta axudas sociais”, das que “quinque corresponden a rendas municipais e 35 a prestacións de rescate sociais”. Seguindo a información dispoñible “de momento foron concedidas 14 axudas e outras 24 están en pendentes de documentación na fase final”. Polo que semella que se teñen reducido notablemente as solicitudes, mentres ten aumentado de forma importante o tempo de tramitación das concesións, cuestións que cómpre comprobar e valorar á vista dos datos oficiais que a estas alturas debería ter feitos públicos o Concello, en relación co remate dos exercicios de 2015 e 2016.

No texto da nova ordenanza, en concreto na súa disposición adicional terceira, contéplase a creación dunha Comisión de Seguimento “para avaliar periodicamente a implementación da renda” e o seguimento orzamentario; e unha Comisión Mixta, “como órgano de colaboración e control da execución da presente ordenanza”, na que estarán representados os partidos políticos da Corporación e que se reunirá con periodicidade semestral.

Así pois, transcorridos máis de seis meses desde a aprobación pola Xunta de Goberno e polo Pleno do Concello da ordenanza que regula o programa “Compostela Máis” aínda non se ten constituído a Comisión Mixta e non se ten informado da creación da Comisión de Seguimento, nin se ten ofrecido de forma oficial ningún balance sobre a tramitación das solicitudes para a renda básica nin para as distintas axudas sociais, cuestións que contraveñen os principios de participación, de transparencia e de eficacia. Unha información que sen dúbida repercutiría tamén nunha maior difusión e extensión destas prestacións entre as persoas que máis as necesitan.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular propón para o seu debate e consideración no Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

O Grupo Municipal Popular insta ao correspondente órgano de Goberno municipal a:

1.Constituír á maior brevidade posible a Comisión Mixta da Ordenanza de Garantía Básica Cidadá do Concello de Santiago de Compostela.

2.Elaborar, para a súa difusión pública e traslado aos grupos municipais, un informe cos detalles da execución dos programas “Santiago Suma” e “Compostela Máis”, indicando en cada un deles o número de solicitudes, o número de concesións, a tipoloxía da axuda, o seu importe, o seu estado de tramitación, o tempo transcorrido para cada aprobación e o grao de execución orzamentaria en cada un dos programas, en relación ao peche dos exercicios dos anos 2015 e 2016.

EMENDAS.-

1.- Rexistro de entrada do día 19 de xaneiro de 2017, núm. 34, emenda de modificación de moción do grupo municipal Socialista relativa á saturación no servizo de urxencias do CHUS.

O grupo municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte EMENDA DE MODIFICACIÓN Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA “RELATIVA Á SATURACIÓN NO SERVIZO DE URXENCIAS DO COMPLEXO HOSPITALARIO DE SANTIAGO (CHUS), de data 16 de xaneiro de 2017.

Proponse a modificación do acordo, de forma que o texto resultante sería o seguinte:

ACORDO

1.Solicitar a convocatoria inmediata e urxente do Consello Sectorial de Saúde de Compostela e que se inclúa na correspondente orde do día, como un dos seus puntos, a petición de información á Administración competente sobre a situación das urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) ante a epidemia de gripe producida no actual mes de xaneiro.

2.Instalar á Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) a que tome as medidas suficientes para garantir en todo momento unha atención axeitada no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS).

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG:

1.-Rexistro de entrada do día 16 de xaneiro de 2017, núm. 25, para esixirle a HEDEGASA, SL a aplicación dunha política laboral non discriminatoria por razón de xénero.

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, destinada a esixir da empresa de transporte

de viaxeiros HEDEGASA, SL a aplicación dunha política laboral non discriminatoria por razón de xénero.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa de transporte colectivo de viaxeiros HEDEGASA, S.L. mantén un extenso historial de condenas por acoso laboral, mobbing e danos morais a unha traballadora.

Desde o ano 2009, logo dun embarazo de alto risco e petición de redución de xornada para o coidado dunha filla, que foi denegada ilegalmente pola empresa, encétase unha situación de fustigamento e acoso contra unha muller traballadora, que foi amparada en diversas ocasións polos xulgados do social, a Inspección de Traballo, alén do apoio e respaldo sindical e a solidariedade expresada por multitude de traballadoras e traballadores.

Esta empresa foi condenada en 2010 por despedimento nulo por vulneración de dereitos fundamentais. Esa condena levou aparellada unha indemnización por danos morais, ademais da readmisión da traballadora a comezos de 2011. Porén, no canto de respectar os dereitos laborais e acatar as resolucións xudiciais, a empresa persistiu en imporlle condicións de traballo discriminatorias, que remataron coa intervención da Inspección de Traballo, levantando unha acta onde describiu a actuación empresarial como “mobbing, psicoterrorismo, hostigamento ou acoso laboral”, cualificándoa como infracción laboral moi grave, o que desencadeou unha condena de novo por vulneración de dereitos fundamentais que ademais impuxo á empresa unha indemnización de 10.000 euros en compensación dos danos causados á traballadora.

Hai apenas un mes, a empresa volveu emprender actuacións inxustas e opresivas contra a traballadora, ao instar á administración competente en materia de Tráfico a suspensión cautelar das licenzas de condución e, con iso, acordar a suspensión do contrato de traballo, sen ningún tipo de compensación nin acceso a prestación.

Nestes intres, tamén hai unha petición de investigación penal, con imposición de penas de cárcere, para a as persoas directamente responsábeis do abuso e acoso que vén padecendo a traballadora, que está pendente da decisión do Xulgado.

A empresa de transporte HEDEGASA, SL desenvolve a súa actividade no ámbito do transporte colectivo de viaxeiros, sendo concesionaria de liñas de transporte regular colectivo, alén de contratista da administración educativa para o transporte de alumnado a centros públicos na comarca de Compostela.

A normativa vixente en materia de transporte define o transporte colectivo regular de viaxeiros como un servizo público, titularidade das administracións e que pode ser

prestado en réxime de concesión por empresas de transporte. Polo tanto, HEDEGASA, SL desenvolve e executa unha actividade pública, ao xestionar unha liña de transporte que forma parte dun sistema de transporte público, que ademais está integrado nun sistema metropolitano de conexións regulares de transporte que ten financiamento da administración galega.

O Concello de Santiago de Compostela non pode ser alleo a esta situación, onde unha persoa traballadora dunha empresa concesionaria dun servizo público que empregan miles de veciñas e veciños deste concello e que, ademais, é sostido en parte con fondos públicos, sofre un acoso ilegal e insolente por parte de responsábeis empresariais. Non é simplemente unha desprezábel actitude que mereza a corrección por parte de autoridades laborais, como xa está a acontecer, senón que é a constatación de trato desconsiderado, irrespectuoso, ofensivo a unha empregada que desenvolve o seu traballo no eido dun servizo público.

Por iso, as administracións que interveñen, sexa por competencias directas, sexa por velar polo correcto servizo á veciñanza, sexa porque contribúen ao seu sostemento, non poden tolerar que se manteña esta lamentábel actitude empresarial e teñen a obriga de instar a que se respecten os máis elementais dereitos fundamentais, a lexislación laboral e, sobre todo, a dignidade humana.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Esixir da empresa de transporte de viaxeiros HEDEGASA, SL a aplicación dunha política laboral que respecte os dereitos das traballadoras e que cese nas actuacións discriminatorias por razón de xénero.
2. Instar a respectar a igualdade nas relacións laborais nos servizos de transporte público de viaxeiros que xestiona baixo concesión administrativa.
3. Trasladar este acordo á Dirección Xeral de Mobilidade, instando ademais a que inspeccione e tutele o cumprimento da legalidade en materia laboral e de igualdade de xénero nos servizos públicos concesionados a HEDEGASA,SL.

2.- Rexistro de entrada do día 16 de xaneiro de 2017, núm. 26, para realizar un convenio de colaboración con monicreques Kukas para a cesión, musealización, exposición e difusión do legado desta compañía histórica de teatro.

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, destinada a asinar un convenio de colaboración con Monicreques Kukas para a cesión, musealización, exposición e difusión do legado desta compañía histórica de teatro co fin de enriquecer a oferta cultural de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Monicreques de Kukas, primeira e máis antiga compañía de teatro contemporáneo con marionetas de Galiza, naceu en Compostela no ano 1979 e dispón dun patrimonio material fundamental da cultura galega.

Dispón de monicreques, máscaras, cabezudos, xigantes, *atrezzos*, escenografías, manuscritos de obras teatrais, deseños orixinais de marionetas, escenografías e figurinos, carteis orixinais, fotografías, vídeos dos espectáculos e máis de 30 instalacións de escenas completas de obras teatrais. Representan un legado que cómpre dar a coñecer, tanto para público especializado como para os propios habitantes da cidade, crianzas e visitantes a Compostela. De expoñerse, será un atractivo máis para a diversificación da oferta turística e cultural.

O teatro de Kukas é unha forma de expresión social que vai máis alá da arte ou do entretemento. Os seus textos e representacións reflicten formas de pensamento, épocas e vivencias sociais que funcionan como o retrato dun pobo, ademais de constituíren un instrumento educativo que durante décadas convidou á reflexión e ao pensamento crítico propio da dramaturxia.

Santiago de Compostela goza tamén do carácter universal do teatro con esta compañía de monicreques, que introduce nos seus espectáculos técnicas clásicas e modernas, grazas a un esforzo realizado durante décadas para a creación de público e para a democratización cultural. A isto hai que engadir o seu compromiso a favor da normalización do idioma galego, da creatividade artística e da cultura propia.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago realizará un convenio de colaboración con Monicreques Kukas para a cesión, musealización, exposición e difusión do legado desta compañía histórica de teatro co fin de enriquecer a oferta cultural de Santiago de Compostela.

3.- Rexistro de entrada do día 16 de xaneiro de 2017, núm. 27, contra a exclusión sanitaria imposta polo Real Decreto Lei 16/2012, petición da súa derogación e restitución universal ao sistema sanitario.

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, contra a exclusión sanitaria imposta polo Real Decreto Lei 16/2012, petición da súa derogación e restitución do acceso universal ao sistema sanitario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dereito á saúde queda recollido na Constitución española no seu artigo 43, capítulo terceiro (“Dos principios reitores da política social e económica”). A sanidade é unha das competencias que poden ser delegadas ás comunidades autónomas, e son varios os Estatutos de Autonomía que recollen o principio de universalidade do acceso á atención sanitaria.

O Consello de Ministros aprobou o 20 de abril de 2012 o Real Decreto-Lei 16/2012 de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, polo que se puxo en andamento unha reforma estrutural do Sistema Nacional de Saúde. Con data de 4 de agosto de 2012, publicouse o Real Decreto 1192/2012 que desenvolve os requisitos e condicións das figuras de persoas aseguradas e beneficiarias do Sistema Nacional de Saúde.

Esta disposición supuxo unha transformación profunda do noso sistema sanitario. Por unha banda, reduciu a carteira básica de servizos, reducindo a achega pública sobre medicamentos, prestacións e recursos sanitarios, co conseguinte incremento do gasto para as familias. Por outra banda, modificouse o dereito de acceso ao Sistema Nacional de Saúde, supeditando o mesmo á condición de “asegurado/asegurada” ou “beneficiario/a”. Desta forma, a nova lexislación rompeu co principio fundamental de Universalidade do Sistema Nacional de Saúde. Os efectos desta medida teñen sido devastadores sobre a poboación máis vulnerábel, tal como foi documentado ao longo dos últimos anos por diversas organizacións sociais. Algúns informes recentes advirten dos numerosos casos en todo o territorio do estado de persoas que viron vulnerado o seu dereito á saúde, como consecuencia da exclusión sanitaria. Neste senso a área sanitaria de Galiza non é unha excepción en son múltiples os casos de vulneración que reportan as organizacións sociais.

Xa dende o momento da súa aprobación, o RDL 16/2012, foi contestado dende algunhas comunidades autónomas que rexeitaron a súa aplicación ou proveron mecanismos para evitar que as persoas en situación irregular, fican totalmente fóra do sistema sanitario. Paulatinamente, ao longo de 2015, varias comunicades autónomas aprobaron decretos,

instrucións e ordes que ampliaban substancialmente o acceso ao sistema por parte destas persoas. Estas medidas non foron suficientes para reverter as consecuencias da exclusión sanitaria imposta polo Real Decreto-Lei 16/2012.

En vista da situación anteriormente descrita, faise evidente que o fin definitivo da exclusión sanitaria e a restitución dun sistema sanitario verdadeiramente universal só poden chegar a través dunha modificación lexislativa de alcance estatal que leve implícita a derogación do Real Decreto-Lei 16/2012.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a non aplicación do Real Decreto-Lei 16/2012 no noso país.
2. Instar ao Goberno do estado a derogar o Real Decreto-Lei 16/2012.
3. Enviar o presente acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do estado e portavoces dos grupos do Parlamento galego.

EMENDA:

1.- Rexistro de entrada do día 18 de xaneiro de 2017, núm. 33, emenda de adición á moción presentada polo PSdeG-PSOE para instaurar un día internacional en memoria das vítimas do Holocausto.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, segundo o disposto no artigo 86 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Santiago, presenta para o seu debate en Pleno, a seguinte emenda de adición ao acordo da moción do grupo do PSOE para instaurar un día internacional en memoria das vítimas do holocausto

Propón engadir un punto 3 co texto seguinte:

3. Solicita ás institucións que nesta data tamén sexan lembradas as vítimas do xenocidio de Israel contra o pobo palestino que loita polo dereito de autodeterminación e que se poña en práctica a recente resolución do Consello de Seguridade da ONU que condena os asentamentos israelís en territorios palestinos, que considera ilegais, e esixe ademais que deteñan os ataques.

Antes de pasar ao debate das mocións, apróbanse dúas declaracións institucionais, que substitúen as mocións do grupo municipal de Compostela Aberta, relativas ao cambio de denominación do aeroporto e ao pacto local pola mobilidade.

Xa que logo, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, aproba a seguinte Declaración Institucional, que ven asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais (Compostela Aberta, Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG), en substitución da moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, e que ten o seguinte contido:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA INSTAR AO CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO AEROPORTO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA QUE PASARÁ A DENOMINARSE ROSALÍA DE CASTRO, SANTIAGO DE COMPOSTELA-LAVACOLLA.

As identidades de Santiago de Compostela e de Galicia están historicamente ligadas e atopan na idade contemporánea a súa expresión xenuína grazas á condición de capitalidade cultural, política e administrativa do noso País.

Para a proxección internacional da nosa cidade e do país calquera estratexia digna de tal nome debe ter en conta por forza eses vieiros de relacións humanas, esas raíces históricas e eses fluxos de nutrinte cultural que son os Camiños de Santiago. Mais no presente outra vía de comunicación precisa ser considerada: o aeroporto internacional de Lavacolla, a porta que liga os novos camiños do aire ás antigas vías terrestres e marítimas.

Cando pensamos nunha imaxe icónica de Galicia aparécesenos unha persoa que brilla con luz propia, unha figura fundamental da literatura europea, a escritora máis representativa da lingua galega, unha muller que naceu en Compostela: Rosalía de Castro, de quen este ano conmemoramos o que sería o seu 180º aniversario do seu nacemento.

Rosalía viviu nunha constante loita persoal e profesional pola recuperación e forxa da identidade: da súa, da de xénero e da de Galicia, e logrando nese camiño unha manifestación artística única, precursora da nosa vida literaria e civil en innumerables aspectos. O Rexurdimento comeza coa publicación da obra *Cantares Gallegos*, que devolve o noso idioma á escrita tras séculos de proscripción e silenciamento.

Recoñecida por todas e por todos, inspiradora de novas manifestacións literarias, un dos piares das nosas industrias culturais e *leiv motif* dunha pluralidade de iniciativas sociais e educativas, é indiscutible a súa contribución á nosa cultura, á emancipación das

mulleres e a un mundo máis xusto. A súa figura e a súa obra préstanse e prestaranse a un amplo abano de lecturas e interpretacións. De aí a súa grandeza e a súa universalidade.

Rosalía de Castro, símbolo eterno da nosa terra, é a figura galega con maior recoñecemento interno e externo da nosa cultura. Que mellor símbolo para proxectar ao mundo a imaxe de Santiago de Compostela e de Galicia? Que edificio público da nosa cidade máis acaído que o aeroporto de Lavacolla para honrar a súa memoria ligándose para sempre ao nome de Rosalía?.

En todos os países é tamén unha práctica instituída que os aeroportos de referencia reciban o nome de personaxes ilustres: o Nikola Tesla de Belgrado, o Caravaggio de Bérgamo, o Américo Vespucio de Florencia, o José Martí da Habana, o John Lennon de Liverpool, o Ástor Piazzola de Mar del Plata, o JFK (John Fitzgerald Kennedy) de Nova Iorque, o Louis Armstrong de Nova Orleáns, o Giuseppe Verdi de Parma, o Galileo Galilei de Pisa, o Leonardo da Vinci de Roma, o W.A. Mozart de Salzburgo, o Fryderyk Chopin de Varsovia ou o Cristóbal Colón de Xénova... son só algúns exemplos das iniciativas que conxugan o recoñecemento ao mellor que deu de si a Humanidade coas modernas catedrais da aviación civil. Dáse a circunstancia de que en España os aeroportos Raíña Sofía do Sur de Tenerife, Adolfo Suárez de Madrid-Barajas e Seve Ballesteros de Santander mudaron a súa denominación nos últimos anos.

En moitas cidades a promoción da cultura atopa nas terminais aeroportuarias un espazo físico único e privilexiado. Tal é o caso da proxección da figura de James Joyce e das súas obras *Ulysses* e *Dubliners* na terminal do aeroporto de Dublín, o exemplo do museo da terminal 2 do aeroporto parisiense Charles de Gaulle de París ou a experiencia de realidade virtual sobre a cultura coreana no aeroporto de Incheon en Seúl.

O aeroporto de Lavacolla é ademais outro referente simbólico de importancia capital: a conexión coa diáspora galega en Europa e alén mar. Durante décadas, e tristemente de novo, o aeroporto é o lugar onde se despiden, e con sorte onde se reencontran, todas as persoas e familias que se vén obrigadas a procurar sustento lonxe dos seus e da terra que os criou. Do xenio e da man de Rosalía coñecemos ben como viviron o drama da emigración.

O aeroporto é tamén a vía de entrada e saída dos millóns de visitantes que nas últimas décadas se achegaron a visitar e coñecer Compostela. As autoridades aeroportuarias teñen a responsabilidade de fornecer aos visitantes a primeira e a última experiencia do noso país.

Como sabemos, Lavacolla vén de bater en 2016 o seu rexistro histórico de tráfico, con máis de 2 millóns e medio de pasaxeiros. É tamén o aeroporto galego con maior tráfico

de mercadorías. Desde 2008, ano en que comezou a gran recesión económica, é o único dos tres aeroportos galegos que medrou en número de pasaxeiros, un 30%, colocándose como o segundo en crecemento de todo o Noroeste peninsular, por diante do de Bilbao e só por detrás do Sá Carneiro do Porto.

Este recoñecemento da memoria de Rosalía de Castro enmárcase tamén no fomento dunha maior presenza simbólica das mulleres na cidade e en Galicia, promovendo unha maior representación da súa identidade grupal na memoria do espazo público co obxecto de acadar unha cidade e unha Galicia igualitaria e amigable coas mulleres.

Por todo isto, os Grupos Municipais do Concello de Santiago de Compostela:

ACORDAN

1.- Instar ao Ministerio de Fomento e a Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA) a que aproben e dean efecto ao cambio de denominación do Aeroporto de Santiago de Compostela, para pasar a denominarse Aeroporto Rosalía de Castro, Santiago-Lavacolla.

2.- Demandar das institucións e entidades culturais, empresariais, sociais, etc., da nosa cidade e do resto do país o apoio á presente declaración.”

A continuación dáse lectura a seguinte Declaración Institucional do Concello de Santiago para aprobación do Pacto Local pola mobilidade, que substitúe á moción do grupo de Compostela Aberta, relativa ao devandito tema, que ven asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais (Compostela Aberta, Partido Popular, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego) e que o Pleno da Corporación, aproba por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, co seguinte contido:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO PARA APROBACIÓN DO PACTO LOCAL POLA MOBILIDADE

A corporación do Concello de Santiago, aproba o Pacto Local pola Mobilidade co seguinte texto:

INTRODUCCIÓN

A mobilidade defínese como a capacidade de desprazamento que posúe unha persoa para trasladarse dun punto de orixe a un de destino. A diferenza do termo transporte, centrado na dimensión espacial do acto físico de portar mercadorías ou persoas entre dous puntos, a mobilidade leva implícita unha clara dimensión social que está en todo momento condicionada por un elemento clave: a accesibilidade.

Os espazos urbanos son un complexo escenario onde podemos observar incontables prácticas de mobilidade diaria, tanto de persoas como de mercadorías. A dimensión social anteriormente aludida reflíctese á hora de caracterizar os diferentes individuos que practican un desprazamento. Diferenzas como a idade dunha persoa, as súas capacidades físicas ou mesmo un medo particular poden marcar barreiras á hora de acceder a realizar un desprazamento. Camiñar cara á plena accesibilidade e a eliminación de barreiras debe ser un obxectivo fundamental na nosa sociedade e, en definitiva, un elemento clave na definición do noso modelo de cidade.

O desenvolvemento económico e tecnolóxico do último século implicou a implantación dun modelo de cidade fundamentado no emprego do vehículo privado. Este modelo está a denotar incapacidade á hora de responder ás demandas de mobilidade do presente e do futuro. As nosas urbes e o noso rural comezaron a deseñarse dun xeito claramente enfocado á integración deste medio de transporte, até o punto de que na actualidade máis do 50% do espazo público de calquera cidade está dedicado exclusivamente á circulación ou estacionamento do vehículo privado. Consecuentemente, os usos alternativos do viario público estanse a ver progresivamente marxinados. Neste senso resulta clave o rol da administración pública e da planificación urbana, capacitada para responder ás emerxentes demandas de mobilidade alternativa, así como de incentivar a recuperación dun modelo de cidade máis humanizada, dinámica e respectuosa co medio.

A inclusión plena da cidadanía nun modelo de mobilidade democrático espacialmente, onde os dereitos dunha persoa non se vexan reducidos polo feito de optar por un medio alternativo de desprazamento, será sinónimo de éxito na constitución dunha cidade accesible e aberta para todas as persoas que a conforman.

XUSTIFICACIÓN

O Pacto Local pola Mobilidade emerxe como unha ferramenta de traballo que ten como obxectivo establecer o mellor modelo posible de mobilidade para a cidade e o noso rural.

A constitución deste documento foi resultado dun proceso colectivo de participación, aberto a toda a veciñanza e colectivos implicados. A necesidade de chegarmos a un compromiso entre todas e todos para definir as dinámicas de mobilidade futuras implicará o comezo dunha nova andadura en común entre a administración, o tecido asociativo e a cidadanía en xeral. Deste modo, a posta en común das demandas colectivas facilitarán actuacións futuras en materia de planificación urbana.

As persoas e entidades que participaron neste espazo de consenso apostaron claramente por reformular o modelo actual de mobilidade, percibido como insostible social e ambientalmente, así como inoperante ante as demandas de mobilidade alternativa. Esta

complicidade colectiva á hora de cambiar o paradigma da mobilidade resulta imprescindible á hora de sentarmos as bases dos principios xerais e obxectivos de actuación presentados a continuación.

Entre as principais preocupacións manifestadas polos colectivos figuran: os problemas asociados á saúde pública (accidentes de tráfico, contaminación, sedentarismo, etc.); as carencias de accesibilidade, principalmente para as xeracións maiores e persoas con mobilidade reducida; a necesidade de incorporar un novo modelo enerxético respectuoso co medio ambiente e que favoreza a redución de emisións de CO₂, así como os problemas económicos derivados dunha mala ordenación do tráfico e os seus efectos na eficiencia do transporte colectivo.

Como resultado deste proceso de participación establecéronse uns principios xerais que sentarán as bases dos obxectivos deste Pacto:

PRINCIPIOS XERAIS

1.Polo dereito á cidade: este pacto guiarase polo principio da mellora da calidade de vida da cidadanía, recuperando o espazo público para usos sociais e de convivencia, así como reducindo na medida do posible os tempos empregados polas persoas nos desprazamentos urbanos. O aumento dos espazos para a convivencia enmarcaranse dentro dun contexto de xustiza social.

2.Por unha cidade inclusiva e accesible: tanto a adaptación dos espazos públicos á totalidade da poboación, como a adecuación dun modelo económico accesible para todos e todas. Poder moverse libremente polas nosas cidades non pode ser un problema de renda. Promovemos unha cidade que favoreza a elección dos medios de transporte non motorizados e que impulse unha tarificación social do transporte público. O obxectivo final é que a mobilidade non sexa un motivo de exclusión social.

3.Por unha cidade saudable e ecolóxica: as nosas cidades están a concentrar emisións de CO₂ e outros gases contaminantes moi por riba dos niveis recomendados. A principal fonte de emisións atópase no tráfico rodado, que se traduce en graves prexuízos para a saúde das persoas. Esta cidade comprométese a camiñar cara un futuro máis limpo e respectuoso co medio ambiente.

4.Pola soberanía enerxética: a mobilidade leva implícita as diferentes características de cada medio de transporte, os seus puntos fortes e débiles en canto á eficiencia operativa e enerxética para cada desprazamento. Este pacto avoga pola racionalización do uso dos diferentes medios e facilitar a súa utilización naqueles desprazamentos nos que sexa máis adecuado dende o punto de vista da súa eficiencia. En definitiva, potenciaranse na medida do posible os desprazamentos non motorizados.

5.Pola seguridade: tanto nos viarios de circulación como no espazo público en xeral. Cómpre incrementar a creación espazos de convivencia para que os nosos fillos, maiores e persoas con mobilidade reducida poidan facer uso das rúas e prazas e desprazarse de forma autónoma en condicións de seguridade. Este principio leva implícita a necesidade de calmar o tráfico de vehículos motorizados.

6.Por unha cidade de proximidade: tras a expansión urbana das últimas décadas, que tivo como resultado un entramado urbano pouco amigable co peón e co transporte público, procurárase reorientar o urbanismo cara un modelo de proximidade, de distancias curtas carentes de barreiras espaciais.

7.Pola garantía do dinamismo económico: a mobilidade debe permitir favorecer o atractivo das actividades terciarias, converténdose así nun instrumento para o desenvolvemento da cidade, contribuíndo en definitiva á dinamización da economía da mesma.

8.Pola integración de todos os colectivos e administracións: o pacto pretende integrar a todos os colectivos e axentes sociais presentes na cidade, intentando que as posibles demandas de todos os participantes teñan cabida nun marco de colaboración activa. Ao mesmo tempo, reclamamos ao resto de administracións con competencias sobre a cidade que se sumen a esta aposta e realicen os esforzos lexislativos, políticos e orzamentarios que merece un dereito que afecta á vida cotiá da cidadanía.

OBXECTIVOS

O presente documento pretende servir de guía na definición do modelo de cidade, así como exercer de marco facilitador na toma de decisións en políticas de mobilidade. Os obxectivos agrúpanse en tres grandes bloques, correspondentes ás temáticas tratadas nos Plenarios celebrados dentro do Pacto Local pola Mobilidade:

- Circulación e estacionamento
- Transporte colectivo
- Modos brandos de transportes

CIRCULACIÓN E ESTACIONAMENTO

A cidade do século XXI debe afrontar o reto de responder ás demandas actuais de mobilidade. O gran crecemento urbano experimentado nas últimas décadas, levou aparellado un aumento e unha concentración xeográfica dos fluxos de mobilidade. O modelo baseado no vehículo privado responde ante os incrementos de demanda ampliando a oferta de infraestruturas viarias. Este incremento nas capacidades do viario

estimula a presenza do vehículo privado nas cidades e un consecuente aumento na demanda de equipamentos de aparcamento e regulación.

Debemos optimizar o elevado esforzo orzamentario realizado en estruturas viarias nos últimos anos, de cara a formular alternativas reutilizando estas infraestruturas, con formulas mais sostibles para a mobilidade. Superar as capacidades de acollida de vehículo privado dentro das cidades, leva consigo: situacións de colapso nas dinámicas de circulación, unha dotación insuficiente de prazas de aparcamento, un costoso desgaste do viario urbano e elevados niveis de contaminación.

O obxectivo primordial debe ser acadar unha presenza equilibrada e racional do vehículo privado dentro da cidade, que garanta: **fluidez na circulación, suficientes dotacións de aparcamento, seguridade viaria e boa calidade do aire.**

Obxectivos

- Reducir o tráfico de paso no centro da cidade, en prol do tráfico de destino para residentes e carga e descarga de mercadorías e usuarios do comercio.
- Promoción dos aparcamentos de borde, mellora nas súas condicións de intermodalidade con transporte colectivo e modos brandos de transporte, así como estudo e avaliación de posibles ampliacións tanto en número como en capacidade.
- Promover entre a cidadanía a conveniencia dun uso racional do vehículo privado priorizando outros modos de desprazamento
- Redución da velocidade media ca fin de aumentar a seguridade para as persoas e permitir fluxos de circulación máis dinámicos.
- Afianzar o compromiso cas novas tecnoloxías da información aplicadas á circulación, en particular, no referente á xestión do aparcamento.
- Traballar e mellorar no aspecto informativo e educacional.
- Prestar especial atención ao coidado ambiental, con controis dos niveis de contaminación atmosférica e acústica provocadas polo tránsito motorizado, de cara a reducir en alomenos un 50% as emisións de efecto invernadoiro en 2030.
- Mellorar e transformar os hábitos de desprazamento ao traballo, con especial incidencia en grandes centros atraccións de mobilidade laboral.
- Mellorar a seguridade viaria reducindo o número de accidentes, respectando así o

espazo público en cada un dos seus usos.

- Garantir que o réxime sancionador no ámbito da mobilidade teña como único obxectivo disuadir prácticas inadecuadas e que non responda en ningún caso a un propósito recadatorio.

- Fomentar políticas de compartir o automóbil.

TRANSPORTE COLECTIVO

Un dos obxectivos principais do Pacto Local pola Mobilidade é fomentar un transporte público de calidade. As premisas baixo as que se basea a consecución deste obxectivo son as seguintes: **fiabilidade, puntualidade, accesibilidade e competitividade en tempos.**

Existen, na actualidade, relacións de causa-consecuencia entre a eficiencia do transporte colectivo e o uso indiscriminado do vehículo privado. Resulta pois, necesario incidir na mellor convivencia dos diferentes medios de transporte para optimizar as dinámicas de circulación. As limitacións espaciais do presente esixen dunha progresiva redución do automóbil no viario urbano, en prol de medios de transporte colectivo.

Obxectivos

- Promover o emprego do transporte colectivo fronte o vehículo privado.

- Deseñar unha rede de transporte de calidade, axustada ás necesidades de mobilidade da poboación e á morfoloxía actual do concello, tanto das zonas urbanas como do rural.

- Priorizar o espazo público adicado ao transporte colectivo no viario.

- Garantir o servizo de transporte en todas as zonas do Concello con independencia das súas especificidades, dentro duns marcos de eficiencia económica.

- Mellorar e aumentar a información a disposición do usuario, procurando sempre a achega de información adaptada a cada parada.

- Estudo, planificación e modificación do material móbil, no que respecta á redución de emisións contaminantes, tamaño dos vehículos e eficiencia enerxética dos motores.

- Aumento da fiabilidade e cobertura do servizo.

- Garantir a accesibilidade en todos os vehículos, procurando o uso de forma autónoma

do servizo de autobuses para todas as persoas con independencia das súas características de mobilidade.

- Aumento da velocidade comercial e redución do tempo de estancia en parada.

- Fomentar a intermodalidade con outros medios de transporte.

MODOS BRANDOS DE TRANSPORTE

Camiñar cara unha cidade accesible, saudable, inclusiva, segura e respectuosa co medio require dun novo paradigma no modelo de mobilidade. Faise necesario un cambio no reparto modal cara a utilización de medios de transporte sustentables, en definitiva, apostar polos denominados modos brandos de transporte.

Para acadar un modelo de cidade para as persoas, o obxectivo fundamental será **xerarquizar en orde de prioridade os modos brandos de transporte sobre os modos convencionais**; de maneira que os peóns, as bicicletas, o transporte colectivo, a carga e descarga de mercancías e por último o vehículo privado a motor formarán a pirámide de xerarquía da mobilidade urbana.

Obxectivos

- Fomentar un uso racional do automóbil, facilitando o “cambio” cara os medios de transporte alternativos.

- Xerarquizar e definir de xeito claro as funcións e o reparto dos espazo urbanos seguindo e aplicando criterios de rendibilidade social.

- Fomentar a mobilidade peonil.

- Mellorar a convivencia entre tránsito peonil e tráfico viario, con especial incidencia nas zonas de ocupación común.

- Mellorar as condicións de accesibilidade no deseño urbanístico.

- Fomentar o transporte en bicicleta.

- Mellora na intermodalidade da bicicleta con outros medios de transporte.

- Mellorar a seguridade para os desprazamentos en bicicleta.

- Impulsar a mobilidade eléctrica.

- Impulsar a distribución de mercadorías en vehículos de tracción humana ou eléctrica.
- Protección de lugares especialmente sensibles aos impactos do tráfico rodado, tales como centros educativos, centros sanitarios ou residencias da terceira idade.
- Prever nas futuras actuacións urbanísticas unha configuración do espazo público que teña en conta as necesidades do modelo de mobilidade definido neste pacto.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Para acadar os obxectivos do presente Pacto Local pola Mobilidade iniciouse o proceso cun primeiro plenario de presentación deste Pacto cidadán no mes de novembro de 2015 e posteriormente abriuse un proceso de consulta e participación cidadá a través dunha microweb instalada na páxina web do Concello.

Posteriormente celebráronse tres novos plenarios, entorno aos cales se estruturaron as temáticas a tratar: circulación e estacionamento, transporte colectivo e modos brandos de transporte.

O primeiro plenario celebrado no mes de xaneiro de 2016, avaliou a **circulación e o estacionamento**. Este plenario contou coa presenza de arredor de 80 persoas, en representación dos seguintes sectores e colectivos:

APETAMCOR
 Representante BNG
 Representante PP
 Representante PSOE
 AAVV Raigame
 AAVV Vedesma Santa Marta-Choupana
 AAVV As Marías
 AAVV Sandra Prego Rial
 AAVV A Xuntanza
 AAVV Amigos de San Pedro
 AAVV Pontepedriña
 Asociación Cultural Cidade Vella
 Profesor Xeografía e Historia
 Radiotaxi Compostela
 Asociación Profesionales del Taxi
 FANPA Compostela
 FEGATRAVI
 ADEGA

Tralusa
Autocares Mosquera
Ciclistas Asociados Galegos
Aucasa (Transportes máis aparcadoiro Galeras)
Aparcadoiro Praza Roxa
Cámara Comercio Santiago de Compostela
Comerciantes Compostela Monumental
Servizo Participación da USC
Grupo de Traballo de Mobilidade Compostela Aberta
Representante do Concello Santiago (Arquitecto)
Colexio Oficial de Psicoloxía de Santiago
Colexio Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia

O segundo plenario celebrado no mes de febreiro de 2016, avaliou a importancia do sistema de **transporte público**. Este plenario contou coa asistencia de arredor de 50 persoas, en representación dos seguintes colectivos e sectores:

Autocares Mosquera
Tralusa
Asociación traballadores transporte público
Aucasa
Ciclistas Asociados Galegos
Composclea Santiago
Asociación de Profesionales del Taxi
AAVV Enfesta
AAVV Sandra Prego Rial
Representante do BNG
Representate do PP
Representante do PSOE
AAVV Amigos de San Pedro
AAVV Montelongo de Grixoa
Asociación Cultural Cidade Vella
AAVV Pontepedriña
AAVV Raigame
AAVV A Xuntanza
Presidente Cámara Comercio Compostela
Asgatravi – Fegatravi
CCOO Santiago
Grupo Traballo Mobilidade Compostela Aberta

O terceiro plenario versou sobre **modos brandos** de transporte. Neste plenario contamos coa asistencia de arredor de 60 persoas, en representación dos seguintes

sectores e colectivos:

Representante PSOE
Representante PP
Representante BNG
Autocares Mosquera
Tralusa
Aucasa
Asociación traballadores transporte público
Ciclistas Asociados Galegos
Composclea Santiago
Asociación Profesionais do Taxi
AAVV Enfesta
AAVV Sandra Prego Rial
AAVV Amigos de San Pedro
AAVV Montelongo de Grixoa
AAVV Pontepedriña
AAVV Raigame
AAVV A Xuntanza
Cámara Comercio Compostela
Asgatravi – Fegatravi
CCOO Santiago
Grupo Traballo Mobilidade Compostela Aberta
Colexio Oficial de Psicoloxía (Grupo de Tráfico)
Asociación Cultural Cidade Vella

Resulta evidente que todo o tratado neste documento son temas de profunda complexidade que requiren un tratamento en numerosos departamentos tanto municipais coma de outras administracións.

O presente documento é froito dun traballo colectivo no que diversos colectivos cidadáns participaron de forma activa, ben de forma directa ou a través dos múltiples colectivos anteriormente citados. Habilitáronse diversas canles de participación para poder canalizar as achegas que son a base do presente documento.

Para que este pacto sexa punto de referencia para os próximos anos, precisará do consenso de todas as partes implicadas empezando desde a totalidade do goberno municipal ata os axentes sociais e por suposto a cidadanía, tal e como xa participaron no proceso de elaboración.

O concello deberá poñer nas mans deste proxecto todos os recursos que estean na súa man para a súa consecución e por suposto realizar un traballo de planificación para futuras actuacións e desenvolvementos da cidade.

Este documento, foi presentado o día 27 de decembro de 2016 e recolle as suxerencias e aportacións realizadas nese encontro no que participaron as seguintes entidades:

Representante da Universidade de Santiago de Compostela (coordinadora da Oficina de Desenvolvemento Sostible)

Presidente de ASGATRAVI (Asociación Galega de Transporte de Viaxeiros)

Presidente do Colexio oficial de Arquitectos de Santiago de Compostela

Representante da cámara de comercio de Santiago

Representante do colexio oficial de Psicoloxía

Representante de TRALUSA (operadora de transporte urbano de Santiago)

Representante dos condutores do transporte urbano de Santiago

Asociación ciclistas de Galicia

Composclela

Representante taxistas de Santiago

Representante do aparcadoiro Praza Roxa

Representante de Greenpeace

Grupo de traballo mobilidade Compostela Aberta

Representantes das seguintes ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS:

AAVV A GRACIA

AAVV MONTE DO GOZO

AAVV ARÍNS

AAVV A XUNTANZA (SAN PEDRO)

AAVV AS BRAÑAS

AAVV SANDRA PREGO (PONTEPEDRIÑA)

AAVV GUADALUPE

AAVV SANTA MARTA

AAVV FIGUEIRAS

AAVV DA PEREGRINA

AAVV SIONLLA

AAVV CONXO

AAVV BANDO

AAVV ROCHA FORTE

Asociación Cultural Cidade Vella

Ademais asistiron os seguintes representantes políticos:

Representante do Goberno Municipal (CA) do concello de Santiago
Representante do BNG do concello de Santiago
Representante do PSOE do concello de Santiago
Representante do PP do concello de Santiago
Concelleira de mobilidade do Concello de Teo

Tras a súa aprobación polo pleno do Concello de Santiago de Compostela, este documento pasará a ser unha guía e referencia para todas as decisións municipais que teñan que ver ca Mobilidade.

Para velar polo seu seguimento e avaliación establecerase unha comisión de seguimento na que figuren representantes dos diferentes colectivos presentes nas reunións do Pacto pola Mobilidade.”

O Sr. Alcalde, di que se pasa agora ao debate das mocións por orde de rexistro de entrada, e das que é declarada a súa urxencia segundo o acordado en Xunta de Portavoces.

En primeiro lugar correspóndelle a unha do grupo municipal Socialista relativa a instaurar un día internacional en memoria das vítimas do Holocausto.

Don Francisco Reyes Santiás, comeza a súa intervención dicindo, que a Asemblea Xeral das Nacións Unidas decidiu o 1 de novembro de 2005, na Resolución 60/7 designar o 27 de xaneiro Día Internacional de Conmemoración en Memoria das Vítimas do Holocausto.

A data elixida conmemora a liberación hai 60 anos do campo de exterminio de Auschwitz, símbolo como desgraciadamente tantos outros (Mauthausen, Dachau, Buchenwald, etc.) da depravación e a ignominia á que pode chegar o ser humano.

Nestes campos de exterminio xunto á poboación xudía sufriron e morreron máis de 10.000 españois que fuxindo da ditadura imposta tras a Guerra Civil, foron capturados polas tropas alemás cando vivían exiliados en Francia.

Tamén sufriron miles de cidadáns europeos e doutros lugares, por razón do seu creio, raza ou ideas.

Ao principio foron exterminados os discapacitados, xudeus, entre catro millóns e medio e seis millóns, rusos máis de catro millóns, polacos, iugoslavos, checos, gregos, franceses, italianos, españois, austriacos, e distintos grupos relixiosos, protestantes,

católicos, testemuñas de Jehová, homosexuais, presos comúns, partisanos e brigadistas, e grandes grupos de persoas de etnia xitana.

O tema das actividades de recordo e educación sobre o Holocausto en 2017, vai ser educar para un futuro mellor. Devandito tema establece un vínculo entre o recordo do Holocausto e os principios fundamentais das Nacións Unidas como dereito das persoas a vivir sen discriminación e gozar de igual protección ante a lei, dereito consagrado na Declaración Universal de Dereitos Humanos.

O Holocausto que supuxo o exterminio de case dous terzos da poboación xudía europea, segue sendo un dos máis dolorosos recordatorio do fracaso da comunidade internacional en protexer a tal poboación.

Por todo iso, o grupo municipal Socialista propoñen ao Pleno da Corporación, a aprobación dos acordos que figuran no texto da moción.

Don Rubén Cela Díaz, indica que vai ser breve, porque só vai explicar a posición de voto do BNG, que non vai ser favorable.

Engade que non vai ser favorable, e que vai por diante a total condena e repulsa do BNG aos crimes cometidos polo nazismo, e en concreto o xenocidio cometido contra o pobo xudeu.

Segue a dicir o señor Cela, que a ninguén se lle escapa neste pleno ten que ver con outra iniciativa tratada no pleno, a raíz dunha proposta impulsada por BDS de apoio ao pobo palestino, a posterior denuncia por parte da embaixada de Israel, e a posterior sentenza anulando o acordo dese pleno, e evidentemente está nese contexto.

Continúa a dicir o señor Cela, nese sentido, o BNG o que fixo foi propor unha emenda a moción do grupo Socialista, emenda de adición dun terceiro punto, que dicía literalmente:

“Solicitar ás institucións que nesa data tamén sexan lembradas as vítimas do xenocidio de Israel contra o pobo palestino que loita polo dereito de autodeterminación e que se poña en práctica a recente resolución do Consello de Seguridade da ONU, que condena os asentamentos israelís en territorio palestino, que considera ilegais, e esixe ademais que se deteñan os ataques.”

O BNG, por suposto que condena a barbarie cometida contra o pobo xudeu, pero tamén condena a barbarie que o estado de Israel está a cometer contra o pobo palestino.

O BNG se fose aceptada a súa emenda non terían ningún problema en votar a favor da moción do grupo Socialista, pero senón se acepta a súa emenda non o farán.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela, indica que o grupo popular podería ter presentado fai tempo esta iniciativa, pero sendo sabedores que os amigos de Israel se porían en contacto co grupo Socialista, pois o grupo Popular preferiu que fose o grupo Socialista os que asinasen inicialmente a iniciativa.

Entendía o grupo popular, que era unha oportunidade para que o grupo Socialista corrixisse a declaración non moi afortunada que subscribiron fai non moito tempo.

O grupo Popular valora esta nova sensibilidade do grupo Socialista, como tamén valoran a unidade didáctica publica polo departamento do señor Díos, que considera o señor Brunete, que ven a ser unha unidade didáctica sobre unha opera infantil, unha historia moi particular e moi sentida, e que ven a ser dun modo moi sutil, culto e elegante de corrixir tamén aquela declaración de odio promovida dende as bancadas de Compostela Aberta, que acabou cunha sentenza xudicial adversa.

Continua a dicir o señor Brunete, que tamén valoran que o señor alcalde lles parase os pes aos sectores máis duros ou agresivos de Compostela Aberta, impedindo o recurso a devandita sentenza.

O grupo Popular asume como propia a iniciativa do grupo Socialista, e a súa vez propóñenlle un engádego, piden que se concrete esa conmemoración, facendo o que o 27 de xaneiro de aquí en diante, e o señor Brunete concretaría a unha hora determinada, ás doce horas, se garde un minuto de silencio na Praza do Obradoiro.

Dona Concepción Fernández Fernández, toma a palabra e indica que apoiarán a moción, porque considera que é necesaria e actual.

Necesaria porque é sempre boa data para practicar a memoria histórica, e é unha obriga ética e moral para coas vítimas, recoñecer o sufrimento, a inxustiza é un principio básico para a reparación, e tamén o é para as comunidades e países.

De memoria séntanse as bases do presente e a construción doutro futuro, sen memoria repetiríase o pasado, como pasou no século XX cando se repetiron xenocidios despois do Holocausto en Camboia, en Sebrenica ou en Armenia, etc.

Saramago, dicía, que hai recuperar, manter e transmitir a memoria histórica, porque empezase polo esquecemento e rematase pola indiferencia.

Hoxe, como ocorreu na segunda guerra mundial cos xudeus, hai milleiros de persoas que buscan asilo e refuxio, que fosen da guerra, do terror, da tortura, da fame, exiliadas e perseguidas, e que chaman ás portas de Europa procedentes de Oriente, de Asia e Africa.

Así mesmo, dona Concepción, quere aproveitar para recordar o sufrimento, terror, violencia e barbarie que está a sufrir o pobo palestino nos territorios que ocupa o estado de Israel.

Engade, que por iso, compartían a emenda proposta polo BNG, xustamente, porque é necesario non esquecer o sufrimento das vítimas e ter claro que no futuro terase memoria do presente, e que seran xulgados como no caso do Holocausto pola crueldade e falta de humanidade que Europa está demostrando para garantir os dereitos humanos, e mostrar camiños para a paz, para o asilo e para o refuxio.

Continúa a dicir, a señora Fernández, que todos e todas teñen a obriga moral, ética e responsabilidade política de construír un futuro e unha memoria digna do século XXI.

En Compostela indica a concelleira, que como ben dicía o señor Brunete, en Santiago adiantase a conmemoración co acollida, promoción e publicación da ópera Brúndibar do compositor Hans Krasa que foi estreada no teatro Principal no mes de decembro, memoria aínda viva dos/as nenos/as que viviron o sufrimento e xenocidio no campo de concentración de Terezin.

Para que non se repita un holocausto compre non esquecer ningunha das inxustizas ningún día, e un día de colaboración o 27 de xaneiro.

Don Francisco Reyes Santiás, comeza dicindo que nesta segunda intervención, quere comezar por explicar o posicionamento do seu grupo.

Con respecto a emenda presentada polo Bloque Nacionalista Galego, di que cando a Asemblea Xeral das Nacións Unidas decide en novembro de 2005 que o 27 de xaneiro de todos os anos vai ser o día da memoria das vítimas do Holocausto, é dicir moito antes desta corporación, e moito antes do pleno no que se debateu un plantexamento que discutía e poñía enriba da mesa a situación que está a acontecer en Palestina, aquí tamén se debateu iso, pero non é a moción de hoxe.

Este pleno xa se ten posicionado con respecto ao cumprimento e a esixencia ao estado de Israel do cumprimento da Resolución das Nacións Unidas, tanto do Consello de Seguridade como da propia Asemblea, comezando polo recoñecemento de dous estados, o de Israel e o de Palestina, a petición de devolución dos territorios ocupados por Israel

durante a guerra dos seis días, Gaza, Cisjordania, Xerusalén Leste, e tamén o derribo dos muros, pero hoxe estase a falar doutra cuestión distinta.

A primeira pregunta que se fai o señor Reyes Santiás, é que responsabilidades tiveron aqueles millóns de persoas masacrados nos campos de exterminio nazis con respecto ao que hoxe pode estar a acontecer.

Insiste o señor Reyes que hoxe do que se está a falar e dun feito rexeitable, lamentable e como efectivamente di o lema, o que hai que facer é clarisimamente é educar para un futuro mellor e non esquecer o que aconteceu.

Por eses motivos, o seu grupo rexeita a emenda do Bloque Nacionalista Galego, porque hoxe se está a falar do Holocausto.

A respecto do Partido Popular opina o señor Santiás que están a dar pasos adiante, agora o Partido Popular decide ou cre saber os motivos das iniciativas dos demais grupos políticos.

Parécelle ao señor Santiás unha falta absoluta de respecto, é dicir, que o grupo popular crea saber cales son os motivos para que o Partido Socialista presente esta ou calquera outra iniciativa.

Por iso pídelles o señor Santiás que respecten ao resto dos grupo, como o seu grupo respecta ao Partido Popular, iso en primeiro lugar.

En segundo lugar con respecto á emenda que presenta o Partido Popular parécelle ao grupo municipal Socialista axeitada e polo tanto a aceptan, e engade, que se o señor secretario non ten inconveniente en que sexa as doce da mañá á hora na que se garde o minuto de silencio.

Don Rubén Cela Díaz, di que vai facer unha intervención breve.

Entende o señor Cela que cada un ten que aguantar coas súas responsabilidades, el entende que esa última crítica do portavoz do grupo Socialista non ía tanto dirixida ao Partido Popular como ao BNG, porque foi o seu grupo o que fixo un xuízo de valor, cre que fundado, a respecto de por qué, se traía hoxe aquí esta iniciativa, e subscríbea o señor Cela e mantena, o que non saca que teña o máximo dos respectos político, institucional e persoal cara ao portavoz do grupo Socialista.

Engade o señor Cela, que o Bloque Nacionalista Galego sempre estará do lado do recoñecemento das vítimas do nazismo, das vítimas do franquismo, das vítimas da

ditadura de Pinochet, e en xeral das vítimas da barbarie fascista e do imperialismo en calquera parte do mundo, sempre estaremos aí.

Continúa a dicir o señor Cela, o que sempre estará o Bloque Nacionalista Galego é ao lado dos pobos oprimidos do mundo que loitan polo seu dereito a autodeterminación e a vivir un futuro digno e en liberdade e en paz como é o caso do pobo Palestino.

Polo tanto, o BNG, non deixará de traer aquí a esta institución e a outras institucións, na rúa e nos sitios nos que faga falta a defensa deses principios políticos que para o BNG son básicos e fundamentais.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela, toma a palabra e di que agrade a aclaración do señor Cela, di que de todos é coñecida a importancia da culpa na tradición xudeo-cristiana, pero é que o señor Reyes estáballe a trasladar a culpa ao grupo Popular, engade que el mesmo non falou en ningún momento das motivacións, en todo caso, si falou das consecuencias positivas da súa moción, e a consecuencia positiva era que corrixía un erro e unha declaración desafortunada.

Insiste o señor Brunete que en ningún momento falou das motivacións, e agradécelle ao señor Reyes que aceptase a emenda presentada polo seu grupo.

Seguidamente, procédese á votación da moción do grupo municipal Socialista en relación con instaurar un día internacional en memoria das vítimas do Holocausto, o Pleno da Corporación, por 21 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, Compostela Aberta e Partido Popular (3 PSdeG-PSOE, 9 CA e 9 PP) e 2 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do BNG, acorda:

1.- Sumarse á conmemoración do Día Internacional en Memoria das Vítimas do Holocausto na data do 27 de xaneiro.

2.- Solicitar ás institucións que nesta data tamén sexan lembrados sempre, de maneira singular, os máis de 10.000 españois que sufriron e morreron nos campos de exterminio nazis, os exiliados e todos aqueles que foron deportados ou perseguidos polas súas ideas.

O Sr. Alcalde, di que toca agora a quenda a unha moción do Partido Popular relativa á revogación da esixencia do pagamento de arranxo de beirarrúas ás comunidades de veciños.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela, comeza a defensa da moción por eles presentada, dicindo que a esixencia que o goberno de Compostela Aberta dirixiu ás

comunidades de propietarios co fin de que arranxaran as beirarrúas no tramo correspondente ás entradas e saídas de garaxe, causou un inesperado prexuízo e sobresalto ás comunidades de veciños, non soamente pola contía da esixencia económica, senón tamén polo apremiantes que resultaban os prazos.

Con esa decisión quebrouse o principio de confianza lexítima na administración pública, posto que se esta a falar dun requirimento practicamente inédito na historia desta administración local.

En terceiro lugar forzábase unha previsión normativa vixente dende 1998, previsión normativa pensada para outros supostos. Previsión normativa aplicable só se o dano resulta obxectivamente imputable en exclusiva á comunidade, e só se non concorren outros factores como poden ser a presenza de vehículos pesados sobre a beirarrúa, ou a mala execución dos procesos de urbanización.

Esa previsión só é aplicable senón xeraba inequidades, como podían ser, situacións de dobre imposición de taxa e reclamación económica, ou a inequidade que se derivaría de que houbera comunidades que por estar asentadas en rúas cunha urbanización peor tiveran que afrontar cunha maior frecuencia as reparacións.

Todo isto xa foi advertido polo grupo Popular fai meses, e recentemente unha sentenza puxo negro sobre branco, na ilegalidade destes requirimentos.

O criterio do goberno de Compostela Aberta non soamente quedou en contradito por esa sentenza, o criterio do goberno quedou en contradito polo propio goberno, engade o señor Brunete, que di isto porque ao mesmo tempo que o goberno estaba a facer unha interpretación moi forzada da ordenanza e estaba a requirir o arranxo deses tramos de beirarrúa ás comunidades de veciños, sen acreditar como apuntou antes, a obxectividade do dano, ou sen acreditar unha imputación obxectiva ao tempo que facía isto tamén con cargo a un contrato específico de mantemento de beirarrúas aprobado sobre o verán, e estaba a arranxar beirarrúas noutros casos sen custe algún para as comunidades de propietarios.

Estábase, polo tanto, ante unha situación moi inxusta, por un lado unhas comunidades que a conta do concello foron arranxadas as beirarrúas, e por outro lado, outras comunidades ás que se lles esixiu unha responsabilidade económica, por certo di o señor Brunete, que quere pensar que aquelas comunidades que pagaron viron como o concello arranxaba os tramos de beirarrúa, pois sería o colmo que se tivera cobrado e non arraxado, e hai outros supostos, como o caso de comunidades que a día de hoxe aínda seguen sometidas ao requirimento para que arranxen pola súa conta a beirarrúa ou ingresen cartos no concello, e tamén como xa indicou o concelleiro que outras

comunidades con máis fortuna viron arranxadas as beirarrúa con cargo aos orzamentos municipais.

Visto o visto, di o señor Brunete, que hai que concluír que este goberno é en si mesmo unha bomba de fragmentación do principio de igualdade e do propio dereito.

Estase ante unha casuística moi diversa que agrava a ilegalidade dos requirimentos, e entende o señor Brunete, que é necesario reconducir a situación á lóxica, o grupo Popular pensou na posibilidade de acollerse a revogación dos actos administrativos, pero en todo caso, o que si di o grupo Popular é que se estude a viabilidade xurídica de revogar estes actos, e se é posible en termos xurídicos revogar estes actos, se devolvan as comunidades as cantidades que correspondan e se arquiven os expedientes, e que a partir de agora quede claro que a reparación das beirarrúas debe facerse con dilixencia a cargo do propio concello, agás que se poida acreditar obxectivamente que o dano é causado exclusivamente pola propia comunidade de propietarios.

Don Rubén Cela Díaz, sinala que vai ser moi breve, soamente para dicir que están de acordo coa proposta.

Indica que esta mañá na Xunta de portavoces se plantexaba algunha dúbida a respecto da viabilidade, pero o acordo plenario é instar ao goberno municipal a estudar a viabilidade xurídica e no seu caso tramitar con carácter inmediato esa revogación.

O BNG entende que a decisión no seu día tomada foi pouco acertada, que xa criticaron no seu momento.

Considera que as comunidades que teñan feito os pagos deben percibir as devolucións no menor tempo posible.

Remata anunciando o voto favorable do seu grupo.

Don Francisco Reyes Santiás, anuncia o voto favorable do grupo Socialista á moción do Partido Popular.

A continuación que o seu grupo xa dixo no seu momento, e mesmo presentaron unha moción para ser debatida na sesión plenaria de marzo de 2016, porque tiñan dúbidas de que o concello estivera lexitimado para aplicar a ordenanza sen demostrar que os perfectos se tiñan orixinado polo uso do vado, e por parte do autorizado, e polo que o concello despraza arbitrariamente o deber de mantemento dos seus bens a un particular.

Con respecto á sentenza que nese sentido dá a razón ás dúbidas legais que xa no seu momento do grupo Socialista manifestou no pleno, o que hai é que avaliar si

efectivamente estamos diante dunha devolución de ingresos indebidos; ingreso que sería indebido porque trae causa do pagamento dunha débeda tributaria da que non existe razón para a súa percepción.

Continúa manifestando o señor Santiás que hai que ver se é de aplicación o Real Decreto 520/2005 que regula o contido do dereito de devolución.

Remata dicindo o portavoz do grupo Socialista que lles parece acaído que se faga ese estudo e que se efectivamente os técnicos do concello, os técnicos de facenda así o entenden, se proceda de oficio á devolución das cantidades indebidamente cobradas.

Don Xan Duro Fernández, ben efectivamente hai unha sentenza, sentenza que di que ese caso concreto non estaba suficientemente xustificado, non fai un xuízo de valor do conxunto, independentemente diso, a normativa aplicouse porque estaba aprobada, e a súa concellaría pon en mans dos xurídicos do concello, e engade que estes mesmos acolleron con grande sorpresa o sentido da sentenza, para que emitan o informe oportuno con respecto á devolución deses cartos.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela, dille ao señor Duro, que o problema non estaba norma, o problema estaba na interpretación da mesma.

Engade que a interpretación da norma non cre que saíra dos técnicos, porque os técnicos son os mesmos dende fai vinte anos, e en vinte anos non se aplicou esta norma.

Con respecto á moción do Partido Popular, relativa á revogación da esixencia de pagamento de arranxo de beirarrúas ás comunidades de veciños, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda instar ao goberno municipal a estudar a viabilidade xurídica e, no seu caso, a tramitar con carácter inmediato a revogación dos actos administrativos de esixencia ás comunidades de propietarios do arranxo das beirarrúas, coa devolución tamén das cantidades que correspondan, así como a reparar e manter con dilixencia, e con cargo ao orzamento do Concello, os pavimentos peonís nos espazos públicos de titularidade municipal.

O Sr. Alcalde, indica que agora toca tratar unha moción de Compostela Aberta, que se solicitou que fose valorada a retirada da mesma, e de acordo co falado co concelleiro mantense a mesma, e que trata sobre as medidas para avanzar na laicidade do estado no eido municipal.

Don Manuel Díos Diz, fai defensa da moción presentada polo seu grupo e comeza expoñendo que a proposta de moción que traen para aprobación é un compromiso electoral de Compostela Aberta, e que veñen concretando dende o inicio do mandato,

esta directamente relacionada co apoio a progresiva laicidade do estado para facer real un principio constitucional de aconfesionalidade e, polo mesmo, no ámbito da administración municipal.

Fálase dunha laicidade positiva, é dicir de neutralidade, respecto e de recoñecemento efectivo do dereito constitucional á liberdade relixiosa e de conciencia de toda a cidadanía, de todas e cada unha das persoas, favorecendo, polo tanto, o seu exercicio e coa vontade de abandonar definitivamente a confesionalidade encuberta ou a discriminación por razóns relixiosas.

Engade o señor Díos, que se trata de facer efectiva a definición do estado como aconfesional tal e como establece a Constitución de 1978.

O propio Papa Francisco defendeu na súa viaxe a Brasil o concepto de laicidade positiva, a separación de papeis e ámbitos entre a igrexa e o estado, evitando confusións equívocas e interesadas e procurando actuacións de colaboración en contraposición aos modelos políticos confesionais, como o que estivo imposto e vixente en España durante tantos anos e que se coñece como nacional-catolicismo ou con aqueles outros modelos políticos de carácter teocrático que persisten nalgúns partes do mundo.

Continúa a dicir o concelleiro, Don Manuel Díos, que nada hai de antirrelixioso, nin de anticatólico na defensa que fai o grupo municipal de Compostela Aberta na súa moción en defensa da laicidade, propugnase na mesma a separación, a neutralidade, o respecto, máis tamén a colaboración con todas as confesións relixiosas, tal e como aparece reflectido no artigo 36.3 da Constitución Española, que reproduce:

“Ningunha confesión terá carácter estatal, os poderes públicos terán en conta as crenzas relixiosas da sociedade española, e manterán as conseguíntes relacións de cooperación coa igrexa católica e as demais confesións.

Segue a dicir o señor Díos, que son moitas as sentenzas do Tribunal Constitucional que identifican claramente a aconfesionalidade do estado co que entenden por laicidade positiva.

Con esta perspectiva o goberno municipal de Compostela Aberta, dende o inicio do seu mandato decidiu visibilizar esa separación de poderes e de ámbitos entre o público e o privado, así como de roles entre a igrexa e a institución municipal, ao tempo que se fortalecía, como é visible, os lazos de colaboración e de boa veciñanza cos representantes da igrexa católica en Santiago de Compostela.

Trátase de continuar avanzando nese camiño, no progresivo cumprimento da aconfesionalidade constitucional, evitando comportamentos e actitudes institucionais de

carácter público nunca persoais, que confundan ou identifiquen a toda corporación local como institución cunha confesión relixiosa ou cos seus símbolos.

Son moitos os concellos e as deputacións que nos últimos anos teñen dado pasos concretos na materialización práctica e simbólica da súa aconfesionalidade e que foron avanzando na defensa coas súas actuación de laicidade positiva.

Remata dicindo o concelleiro, que queren establecer compromisos de colaboración entre aquelas administracións que están dispostas a colaborar nesta materia e a avanzar, polo tanto, na laicidade do estado e de promover medidas xurídicas e lexislativas, tamén prácticas, que camiñen nesa dirección, con ese obxectivo solicitan o apoio dos demais grupos para que Santiago de Compostela, participe na construción da rede de municipios por un estado laico e para que participe tamén na súa próxima asemblea constituínte.

Don Rubén Cela Díaz, manifesta que van ter unha posición de voto polo fondo do tema, porque cre que se tiveran que atender á forma terían que votar en contra, por varias razóns:

A primeira delas, porque facía referencia o Alcalde na Xunta de Portavoces á proposta que expoñía o portavoz do grupo Socialista, que pedía a retirada do punto, e poder traelo no seguinte pleno doutro xeito, e agora vai explicar e supón que o portavoz Socialista tamén explicará, que considera o señor Cela que era absolutamente razoable, e vai explicalo.

Primeiro, porque non é lóxico ter que vir dúas veces ao pleno cunha cousa deste estilo, hoxe vaise tratar isto no pleno, e dille ao señor Díos, que cando haxa estatutos disto que algún día haberá estatutos, hai que volver traelo ao pleno.

E iso non pasou no Concello de Santiago na inserción de ningún tipo de rede, e son moitas as redes das que se forma parte.

Noutras redes deste tipo tráese unha proposta do grupo de goberno que pasa pola Comisión informativa, ten uns informes de secretaría e de intervención, no caso de que a incorporación a esa rede teña algún tipo de custe económico, en forma de cota, como se ten feito con infinidade de redes.

O BNG tampouco é moi favorable, ao que é un goteo permanente de adhesión a redes de concellos de ámbito estatal, engade o señor Cela, que iso daría para outro debate aparte.

En calquera caso, o BNG vai ter unha posición en base ao debate de fondo.

O debate de fondo, o BNG ten un compromiso inequívoco co laicismo e polo tanto, cunha nidia diferenciación do terreo público institucional do terreo privado e relixioso.

O BNG procesa un respecto escrupuloso por todas as crenzas e confesións relixiosas, ao igual que o ten con quen non procesa ningún tipo de crenza ou relixión.

O Sr. Cela, nese sentido, quere chamar a atención e sobre outro aspecto, que para o BNG o laicismo practícase, e nese sentido o seu grupo aplaude e respalda accións como a do goberno de Compostela Aberta e a decisión de non participar en determinado tipo de actos relixiosos, como pode ser o propio día do Apóstolo ou outro tipo de cerimonia e eventos que hai ao longo do ano, como ven facendo o Bloque Nacionalista Galego dende fai anos, pero aínda así cre o señor Cela, que hai outras moitísimas cousas que dende a perspectiva do concello se poden facer e non se fan ou non se fan con toda a intensidade coa que se debera.

Cre o señor Cela que hai que facer un maior esforzo en cobrarlle, efectivamente, o imposto de bens inmobles dos bens da igrexa católica que non están exentos dese pagamento, e facendo prioridade sobre aqueles establecementos que están facendo competencia desleal hoxe con outro tipo de establecementos comerciais que si que pagan os seus impostos.

Segundo, o papel que pode ter a administración local no ámbito da devolución dos bens matriculados e rexistrados.

Atender algunhas peticións que son reiteradas a respecto dos colexios electorais, hai colexios electorais e xa se ten falado diso na comisión de queixas e suxestións, por exemplo no caso do Seminario que ademais incumpre todas as medidas en materia de accesibilidade, e iso de oficio o concello pode demandar á Xunta Electoral un cambio de ubicación como xa se ten feito, por exemplo, recentemente con Marrozos para trasladar o colexio electoral ao centro sociocultural.

Cre o señor Rubén, que hai outro tipo de actuacións no que ten que ver no terreo da concellaría de educación, á hora de priorizar os colexios de ámbito público, priorizar ou exclusivizar os colexios públicos sobre os privados ou tamén os concertados en moitas materias, e incluso outro tipo de cuestións que foron anunciadas pero que non se chegaron a executar.

En novembro de 2015, adiantábase cousa que o BNG compartía, aínda que de feito lles sorprenderon algunhas cuestións que se dicían, que ía ser eminente a retirada de determinado tipo de condecoracións, distincións, medallas de honra, fillos predilectos,

etc., a toda unha serie de persoeiros e moitos deles vinculados, precisamente, ao franquismo, cousa que o BNG secundará.

Pon o señor Cela, o exemplo do dato que se daba de que a Virxe do Pilar era alcaldesa perpetúa e que todo iso se ía modificar.

Todo iso foi anunciado en novembro de 2015, e a día de hoxe, séguese igual.

Engade o señor Cela, que hai outra cuestión que se pode facer, e cre que se debe facer, que é que naqueles inmobles onde hai un investimento de diñeiro público se esixa a obrigatoriedade e senón que non se actúe sobre eles, que sexan visitables cando menos un mínimo de veces ao ano, considera o señor Cela que non é de recibo que en determinado tipo de inmobles, que considera o señor Cela que se deben rehabilitar porque teñen un contido patrimonial, artístico, histórico moi importe, e pensa o señor Cela que dende o momento en que se gasta diñeiro público de todos e todas, que o mínimo é que unhas veces ao ano poida ser visitado por todos e todas.

Don Francisco Reyes Santiás, manifesta que non van entrar no fondo do asunto, o grupo Socialista entende que tal e como esta o asunto non se pode aprobar, e por iso plantexaba el mesmo en Xunta de portavoces a retirada para que puidera vir a outro pleno en forma.

Le textualmente o acordo que figura na moción:

“Acorda apoiar a constitución dunha Rede de municipios por un estado laico, adherirse a ela e participar na súa Asemblea constituínte.”

Continúa o señor Santiás sinalando, que o acordo é adherirse a unha rede que non está creada, da que se descoñecen os estatutos, fins e obxectivos, polo tanto o señor Reyes entende que para adherirse a unha rede ten que estar creada, e preguntalle ao señor secretario se é así ou non, pero entenden, xa como sinalou tamén o portavoz do BNG, ten que ir como proposta do goberno a unha comisión, e entende o grupo Socialista que é preceptivo aínda que non sexa vinculante, ir acompañando aos estatutos informe do secretario onde se sinala se é posible adherirse, e no caso de que exista un custe, cota, pois o informe tamén de intervención, iso é algo que sempre se fixo.

O grupo Socialista, entende que este acordo así non é posible votalo, e insiste, cómo se poden adherir a unha rede que non está creada, por iso eles plantexaban retirala e traela a unha sesión plenaria posterior con outra redacción.

Recalca que non entran no fondo do asunto, é neste caso unha cuestión de forma.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, comeza a súa intervención dicindo que é complicado debater co señor Díos de laicidade, e máis se pon á mesma un adxectivo, positiva e negativa, tería que explicar que é cada unha.

Segue a dicir, que en todo caso o grupo municipal de Compostela Aberta volve a traer unha iniciativa de corta e pega, de inspiración e mesmo de textos alleos, que o único que concretan é a intención de adherirse a unha suposta rede da que non se explica nin alcance, nin contido, nin obxectivos, custes, beneficios para a cidade.

O señor Hernández quere que quede claro que o grupo popular esta por unha nidia división dos ámbitos civís e relixiosos. Son partidarios da igualdade, do pluralismo e da aconfesionalidade do estado e das institucións, que por certo, xa está reflectido na Constitución e que consideran positiva e necesaria para a convivencia social a todos os niveis.

O grupo Popular é defensor do respecto á diversidade, da liberdade de culto e de conciencia das distintas crenzas e, en definitiva do todo aquilo que afecta ao máis íntimo de todas as persoas, e por suposto de todos os membros da corporación, pero tamén, pretenden actuar en política con rigor e con claridade.

Por todo iso, están en conta de tratar estes temas dende unha superficialidade, dende o postureo e dende unha óptica simplista e afastada da concreta realidade.

Dilles ao grupo de Compostela Aberta que poden traer unha moción xenérica e allea, pero o grupo municipal Popular débese a esta cidade, ante todo a esta cidade, non poden esquecer, nin deben esquecer que esta cidade se chama Santiago de Compostela, e é evidente que a dicotomía da cidade, non admite comparación, nin por suposto rede algunha.

Santiago ten unha historia e un simbolismo singular que non se pode obviar e que compre coidar e respectar.

Dilles ao grupo municipal de Compostela Aberta, o señor Hernández, que se queren articular unha proposta respectuosa coa realidade da cidade, e consecuente coa súa historia, na que se delimiten con claridade os espazos e os roles que lle corresponden ao Concello e a igrexa, fágano porque sobre iso, igual poden ter puntos de coincidencia.

Insiste o señor Hernández, que pola contra, non pensen que lles van dar unha entrada para un clube de amigos, para viaxar e ostentar unha simple postura sen contido.

O grupo Popular é consciente de que a laicidade é positiva e que leva anos presente na cidade de Santiago de Compostela, apréciase na educación laica, na liberdade de

investigación, no matrimonio civil, no divorcio, nos matrimonios homosexuais, na igualdade de xénero, na regularización do aborto, etc.

Continúa a dicir o señor Hernández, que mesmo a propia igrexa, dende Pío XII ata o actual Papa Francisco, teñen valorado en positivo o laicismo.

Pregúntalles o señor Hernández ao grupo municipal de Compostela Aberta, qué laicismo pretenden para Santiago de Compostela, e formúlalles unha serie de preguntas, como:

Van deixar de realizar visitas privadas a catedral empregando recursos públicos?

Van deixar de mediar para modificar as condicións de expedición dos certificados de peregrinación emitidos pola igrexa?

Van deixar de colaborar coa igrexa no protocolo e na organización de cerimoniais de marcado carácter relixioso, como se veu facendo ata o de agora?

Van propoñer un tratamento igualitario da igrexa revisando a súa situación tributaria?

Van prescindir vostedes da imaxe corporativa que ten o concello?

Van invitar a representantes de todas as confesións aos actos protocolarios?, porque hai quen entende que iso é imprescindible no laicismo, a propia rede na que pretenden entrar, ofrece un texto de máximos que inclúe concrecións deste cariz, que polo que se ve o grupo de goberno desbotou, presentando aquí un texto de mínimos.

O señor Hernández dille ao grupo de goberno, que lle gusta moverse na indeterminación xurídico existencial, no terreo da ambigüidade calculada, na alerxia aos prazos e compromisos, no terreo das xeneralidades e tamén da superficialidade.

Así mesmo, dille ao grupo de goberno o concelleiro do grupo popular, que deberían baixar á realidade e traballar polo que consideran xusto e necesario deixando a un lado as proclamas e mostrando feitos.

Continúa a dicirlles o señor Hernández, que non se enmarañen en redes alleas, mostren con claridade o que vostedes entenden por laicismo, e se así o consideran formulen unha proposta para aplicala en todos os ámbitos do concello, só entón se podería tomar en serio a proposta formulada.

Remata o señor Hernández a súa intervención, e dille ao grupo de goberno, que seguramente en moitos aspectos poderán coincidir, e así mesmo, recórdalles que en política hai que mollarse.

Anuncia que o grupo municipal Popular non vai apoiar a adhesión.

Don Manuel Díos Diz, manifesta que o BNG plantexa fundamentalmente unha cuestión de forma, no fondo coinciden.

Quere dicir o señor Díos, que o grupo de goberno comprometeuse fai aproximadamente un ano, en participar no proceso de construción da rede de municipios por un estado laico, é un compromiso con outros municipios e entidades, ten un carácter simbólico que Santiago participe nese proceso de construción, como o é que xa estean incorporadas a esta rede Xixón, Sagunto, Oviedo, San Feliu de Llobregat e outros quince ou vinte concellos máis.

É un proceso en construción e Santiago é moi importante que participe dese proceso.

O grupo Socialista tamén plantea un problema de que como é unha rede en construción, vai ter estatutos no seu futuro, probablemente si os teña, pero neste momento do que se trata é de adherirse a unha rede que está en construción, participar xunto con outros concellos nesa construción.

Non ten ningún tipo de carga económica.

Engade o señor Díos, que non quería o grupo de goberno con esta proposta abrir un debate xeral e moito menos un xuízo moral, pretendían un debate sosegado sobre unha cuestión moi concreta e afastado dese debate que planteaba don Agustín.

O señor Díos di que o propio Monseñor Barrio apostou publicamente por un diálogo construtivo e sentido ético nas cuestións da confesionalidade, da laicidade e do laicismo, dixo publicamente, para ver como se avanza e se entenden os diferentes posicionamentos.

Dende o grupo municipal de Compostela Aberta, respectan as crenzas individuais, por iso pensan que o actuar do concello na vida civil debe ser unha esfera separada da vida relixiosa.

O programa de Compostela Aberta contemplaba ese aspecto e foi apoiado maioritariamente, polo tanto, aínda que non sexa coincidente coas opinións dos outros grupos, debe respectarse tamén a vontade desa parte importante e maioritaria da cidadanía.

Ao igual que a lei protexe a liberdade de culto, tamén recolle o dereito de toda persoa, mesmo dos/as alcaldes e concelleiros/as a non ser obrigados a practicar actos de culto contrarios as súas crenzas persoais, artigo 2.1 da Lei orgánica de 1980, de 5 de xullo.

Di o señor Díos, que cabería preguntarse, por exemplo se ten sentido que no século XXI que se celebren funerais relixiosos de estado, isto non quita que se honre de maneira civil ás persoas falecidas.

A liberdade de culto está garantida pola Constitución e pola Lei, co único límite a ese exercicio desa liberdade é a protección dos dereitos dos demais, etc.

Dende Compostela Aberta manteñen unha moi boa relación co Arcebispado en moitas cuestións visibles e coñecidas, e enumera algunhas delas.

Remata dicindo o señor Díos que o propio Deán da Catedral defendeu publicamente a liberdade do alcalde de non acudir aos actos relixiosos, e manifestou o seu respecto.

Acaba insistindo que o que se propón unicamente, é participar na construción e na asemblea constituínte da rede de municipios por un estado laico.

E indica en último lugar, que cando haxa máis novidades con respecto a este asunto, o grupo municipal de Compostela Aberta serán dadas a coñecer en Xunta de portavoces, na sesión plenaria, etc.

Don Rubén Cela Díaz, indica que eles teñen unha cuestión formal e outra que non o é tanto, e dille ao señor Díos, que el pode ir en calidade de concelleiro a unha reunión a que convidan ao Concello de Santiago a participar, non fai falla unha autorización, nin acordo plenario para poder facer iso.

E pola contra, di que mentres algo non está creado, non ten estatutos, non ten entidade xurídica de ningún tipo, non existe a efectos do concello, non existe.

Entón aquí estase a facer unha cousa un pouco rocambolesca, en termos xurídico-administrativos, que é aprobar a adhesión a algo inexistente.

O lóxico sería ir as reunións, facer o que haxa que facer, e o día que haxa uns estatutos e se pida unha adhesión formal do Concello de Santiago, entón é cando ten que vir ao pleno, o secretario fará un informe sobre se se pode ou non, e se hai cota, pois pasará por intervención, comisión informativa e pleno.

Aquí agora faise isto, e cando haxa estatutos haberá que volver outra vez, e volverase a dar este debate.

Ten entendido o señor Cela que a reunión fundacional aínda é en marzo, co que había tempo para poder atender a petición que facían dende o grupo Socialista.

Dito isto, e pasando do tema das formas, engade o señor Cela que escoitando a relación que facía agora o señor Díos da colaboración, pola contra pensa o señor Cela que aínda que non se colaborase tanto non pasaba nada.

E iso, remata dicindo don Rubén, que ten que ver co que o laicismo se practica, parécelle ben que se estea nos foros que se queira, pero considera que o importante é dar pasos prácticos e concretos nese ámbito.

O señor Rubén na súa primeira intervención apuntaba a algunhas cuestións que están pendentes e que considera que teñen interese, e facendo autocrítica como Bloque Nacionalista Galego, que tamén ten as súas contradicións.

O BNG tivo moi claro neste concello que tipo de actuacións seguir a ese nivel, pero recoñece que hai cousas que sempre son mellorables.

O único que di o señor Cela, que se apuntan unha serie de cuestións que teñen que ver con temas fiscais, que teñen que ver con temas patrimoniais, e outros debates que tamén algún día se terán que dar, sobre a titularidade do Panteón de Galegos Ilustres e o uso dese espazo despois de perder a sentenza sobre a titularidade.

Don Francisco Reyes Santiás, volve a insistir que o seu grupo non vai entrar no fondo do asunto, porque o posicionamento do partido Socialista a respecto do que se está a tratar xa é coñecido por todos/as, foi fixado na conferencia política de novembro de 2014.

Quere dicir novamente, que o que se trae a pleno para aprobación non é apoiar a constitución dunha rede de municipios por un estado laico, e participar na súa asemblea constituínte, senón que o acordo de resolución di, adherirse a ela, adherirse á rede, e segue a dicir o señor Reyes, como é posible adherirse a unha rede que non existe, e vólvelle a repetir a pregunta ao secretario.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, o grupo popular ten claro que non poden apoiar algo que non está ben plantexado baixo ningún concepto.

Rematado o debate, procédese á votación da moción do grupo municipal de Compostela Aberta, sobre as medidas para avanzar na laicidade do estado no eido

municipal, o Pleno da Corporación, por 11 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (9 CA e 2 BNG), e 12 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e Partido Socialista (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), acorda apoiar a constitución dunha Rede de municipios por un estado laico, adherirse a ela e participar na súa Asemblea constituínte.

Dona Goretti Sanmartín Rei, toma a palabra para facer defensa da moción presentada polo seu grupo, e antes de nada, di que quere saudar á traballadora afectada que se atopa no salón de plenos, e tamén, a Nacho Pavón como representante sindical da CIG, e expresarlles antes de nada, a solidariedade do BNG como grupo político por esta situación.

Situación absolutamente dramática e que causa rabia e carraxe, e que a estas alturas non se debería estar aquí discutindo unha situación de acoso laboral, unha situación de mobbing, etc.

Trátase dun tema que esta relacionado directamente co Concello de Santiago por ser a empresa HEDEGASA, máis coñecida como Autobuses de Calo, que presta os seus servizos no Concello de Santiago, e onde arredor duns corenta mil persoas circulan diariamente nela no concello.

Ten relación coa administración porque realiza unha actividade pública, ten financiamento tanto da administración galega como da administración local, forma parte, dese transporte público colectivo.

Empresa cunha historia longa, de condenas por acoso laboral, por mobbing, por danos morais, por unha serie de violencias, e das que hai sentenzas que están a dispor de todos e todas por se alguén as quere ver, foi condenada por diversas sentenzas, pola Inspección de Traballo, por algo que comeza como en moitas ocasións e en moitas empresas e se quere pechar os ollos, e que non pode ser, o Concello e esta Corporación ser alleos a estas cuestións, non se pode falar de cuestións que teñen que ver con violencia de xénero, e facer actos que ao final, por desgraza acaban quedando no simbólico e non preocuparse cando hai cuestións que teñen que ver directamente con esa violencia, con esa loita contra a igualdade do día a día.

Continúa a dicir, dona Goretti, que o problema da traballadora de HEDEGASA, acontece xustamente cando vai ter unha filla, e iso acontece despois dunha situación de embarazo de risco, dunha petición de redución da xornada laboral á que ten dereito, unha vez que xa acontece o nacemento da filla, e cando solicita esa redución de xornada a empresa non lla concede; a empresa o que quere é o que se lle está a pedir a tantas

mulleres deste país, que volvan para a casa a criar os fillos/as, e cando os fillos/as sexan maiores xa volveran traballar.

Esa é a idea, a hipocresía é dicir que se apoia a maternidade, e despois non se garanten, xustamente, os dereitos das mulleres nesas situacións, situacións tan vulnerables, e que deberían ter un apoio social e da administración inmenso.

A traballadora de Hedegasa, despois dunha serie de reclamacións lexítimas, e que por dignidade quere levar a cabo para a redución da xornada a empresa comeza cunha serie de ostigamentos e despedimentos contra ela.

Despedimentos que ao final acabaron sendo recoñecidos como nulos. Situación que fixo que a devandita empresa nalgún momento tivese xustamente que readmitila.

A Inspección de Traballo acaba denominando o que acontece na empresa como algo que cualifica de psicoterrorismo, hostigamento, de acoso laboral, de infracción laboral moi grave, e polo tanto a empresa acaba sendo sancionada, sancionada cunha indemnización de dez mil euros en compensación polos danos causados.

Recalca dona Goretti que o desta empresa é un incumprimento sistemático e constante, que comeza no momento no que a traballadora vai ser nai.

Fai unhas semanas que a empresa volve a carga, volve a intentar, porque despois de pretender que esta traballadora abandonase de maneira voluntaria a empresa, cando ela se nega a facer ese abandono, a empresa decide instar á administración competente en materia de tráfico a suspensión cautelar das licenzas de condución e, con iso, acordar a suspensión do contrato de traballo, sen ningún tipo de compensación, sen acceso a prestación, sen cuestións que aparecen recollidas no convenio.

A empresa esta atentando contra a potenciación do emprego feminino, que tanto se vende, e que finalmente habería que respectar por riba de todo, pero a empresa de maneira sistemática non o fai, e non se toman accións contra a mesma, e isto esta a chegar a momentos insostibbles, e por iso se decide saír e facer pública toda esta situación, e levar adiante unha visibilización para que situacións como estas por cuestións de dignidade non se produzan.

Polo tanto dona Goretti, en base a todas cuestións que aparecen reflectidas no texto da moción, solicita a todos os grupos que voten favorablemente o acordo que se expón na mesma.

Que é esixir da empresa de transporte de viaxeiros HEGASA, SL que se aplique unha política laboral que respecte os dereitos das traballadoras, que cese nas actuacións discriminatorias por razón de xénero.

Instar e respectar a igualdade nas relacións laborais nos servizos de transporte público de viaxeiros que xestiona baixo concesión administrativa.

Trasladar o acordo á Dirección Xeral de Mobilidade, para que inspeccione e tutele o cumprimento da legalidade en materia laboral e de igualdade de xénero nos servizos públicos dos que ten a concesión Hedegasa.

Dona Milagros Castro Sánchez, comeza a intervención saudando a traballadora presente no salón de plenos e máis ao seu acompañante.

Engade a señora Castro que vai facer unha serie de consideracións que ao seu grupo lle parecen importantes antes de anunciar o sentido de voto en relación á moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego.

Segundo un estudo realizado en outubro de 2016, a taxa de participación laboral das mulleres é duns catorce puntos inferior a dos homes.

O mesmo estudo indica que a fenda entre o paro masculino e o feminino volveu a medrar coa incipiente recuperación económica, e tamén di, que o cincuenta e sete por cento das traballadoras están ocupadas a tempo parcial pola imposibilidade de atopar ocupación a tempo completo.

Porcentaxe que duplica a dos homes.

Tamén recolle o mesmo estudo que as mulleres cobran de media por hora un vinte por cento menos que os homes, e que unha maior porcentaxe de mulleres que homes está sobrecualificada para os postos que ocupa.

Segue a lembrar dona Milagros que con data 15 de marzo de 2007, e baixou mandato dun presidente do goberno do Partido Socialista, o Congreso dos Deputados aprobou a Lei Orgánica para igualdade efectiva de mulleres e homes.

Con todas as reflexións, di a concelleira no uso da palabra, que o grupo municipal Socialista quere deixar patente, o seu rexeitamento hoxe e sempre ante calquera política laboral que amose discriminación por razón de xénero.

Quere explicar dona Milagros, que o relato que se fai na moción do BNG, sobre un caso particular, relato no que se comunica que a empresa de transporte colectivo á que se fai

referencia, primeiro ten un historial de sentenzas por acoso laboral, e segundo, que a día de hoxe esta aberta aínda unha investigación penal.

O grupo Socialista nese sentido quere explicar, que lles parecería acaído ter coñecemento das citadas sentenzas, e que as mesmas foran aportadas a todos os grupos municipais, porque o grupo Socialista ao non dispor delas descoñéceas totalmente.

Por outra banda a afirmación de que aínda neste momento hai un proceso de investigación penal aberto, fai que dende o grupo municipal Socialista lembren que a súa posición nestes temas é sempre a de respectar, como non podería ser doutro xeito, todas as actuacións e procesos xudiciais que ese atopen abertos.

Continúa a dicir dona Milagros, por todo iso, o grupo municipal Socialista sendo coherentes co dito, pídelle a concelleira dona Goretti, se é posible votar por separado os puntos ou hai que votalos en conxunto.

Anuncia que se a votación é conxunta a posición de voto do grupo Socialista será de abstención, e se se vota por separado, absteríanse nos puntos 1º e 3º, e votarían a favor do 2º.

Remata a concelleira dicindo que votarían da maneira anunciada, sen prexuízo de que unha vez resoltos todos os temas coa xustiza, o grupo municipal Socialista comprométese e poderá tomar parte activa condenando publicamente as actuacións da empresa que se puideran producir en contra da traballadora.

Dona Mª José Corral López, toma a palabra para facer defensa da posición do grupo municipal do Partido Popular con respecto á moción do BNG.

Comeza dicindo que se lle fai algo complicado entender e afrontar o contido da devandita moción, para non caer en apoios de causas como esta, que considera que son absolutamente loables e dignos das máis encarnizadas loitas noutros foros e noutros termos, pero aquí considera, que quizás sexa algo estéril e tamén un pouco irresponsable.

Avanza dona Mª José que a súa intervención hoxe vai ser cauta e reflexiva, pero a súa integridade, honra e a súa coherencia como profesional do dereito considera que ten un valor.

Segue a dicir a concelleira, que se non entende mal a exposición de motivos versa sobre a existencia dun conflito laboral entre unha traballadora que non vai nomear, porque saben todos e todas que a ela os casos particulares e xudicializados non é moi partidaria que veñan a este pleno.

Continúa a dicir que devandita traballadora e a referida empresa, está sementada de numerosas resolucións xudiciais e administrativas derivadas doutros tantos procesos, uns rematados e outros vivos, mesmo na xurisdición penal.

Repíte dona M^a José que non lle gusta falar de situacións persoais de cidadáns, sobre todo cando existen procedementos xudiciais abertos, e tamén xa se coñece, cal é a opinión da concelleira da posición da corporación no apoio a certas causas, que poidan xerar un agravio comparativo con outras de tanta, de menos ou de máis consideración, de tantos traballadores e traballadoras veciños/as do concello que pasan por situacións laborais complexas.

Di dona M^a José, que sen ir máis lonxe hoxe veu aquí o conflito dunhas traballadoras dunha empresa contratada polo concello, que fixeron manifestación aquí no Obradoiro, que están supostamente e presuntamente vendo violados os seus dereitos laborais, é unha empresa contratada polo Concello.

Recorda, así mesmo, Dona M^a José Corral, que este Nadal empregados da UMAP mandaron un correo electrónico aos empregados/as do concello para recadar cartos para os empregados dunha empresa que traballa para o concello e non cobran, polo tanto, non se pode facer traballadores de primeira, de segunda.

Lembra a concelleira que o pleno non é unha instancia laboral, non é unha segunda instancia que poida revisar situacións doutros órganos, non ten a facultade de valorar en termos de denuncia e condena, segundo que feitos e que termos, por xa non falar dunha cuestión de responsabilidade.

O acordo que se solicita na moción pide literalmente:

Que se lle esixa á empresa, que respecte os dereitos das traballadoras, que cesen as actuacións discriminatorias por razón de xénero, que respecte a igualdade nas relacións laborais, e que lle pide unha inspección a cargo da Dirección Xeral de Mobilidade.

Engade a concelleira que á última parte do que solicitan na moción para ela é o único aceptable, e tamén pide, coñecer se existe algunha relación contractual da devandita empresa co concello.

Continúa a dicir que o que se debería facer na sesión plenaria, e o que fixo ademais a señora dona Milagros, é solicitar de todas as empresas que respecten os dereitos das traballadoras e traballadores en todas as dimensións dos dereitos laborais, e rexeitar a práctica de calquera actuación discriminatoria, e animar aos traballadores e traballadoras a facer valer os seus dereitos con todas as armas e ferramentas legais ao

seu alcance, e como administración local exercer con rigor as potestades que hai en materia laboral.

Insiste a concelleira dona M^a José que dende o concello hai que facer política con máis rigor, con máis ética profesional e máis responsabilidade, e o factor trepidante hai que deixalo para o tempo de ocio, porque pode ocorrer que un grupo de concelleiros/as lle estean a imputar neste documento un delito a unha empresa, e dilles que deberían saber que imputar un delito é constitutivo de delito.

Dona M^a José tamén acaba de coñecer agora aquí o acceso as sentenzas, pero non hai acceso ao que está a acontecer neste preciso momento, polo tanto non están en condicións de asegurar e afirmar que todo é verdadeiro, e pode darse o caso, que se estean a imputar uns feitos, que non sexan tales e que traia consecuencias.

Engade que a empresa ao coñecer isto pode denunciar ou querellarse contra o concello.

Remata pedindo cautela, porque hai que se moi cauto cando un se move perigosamente entre a liberdade de expresión e a calumnias ou dereito a honra, e pregunta, cal é axuda que se lle pode reportar a esta cidadá con este acordo, que non poida obter con máis eficacia a través doutras vías.

Dona M^a José, comparte a sensibilidade do grupo político do BNG, pero dende logo, opina que se debería ter traído ao pleno cun enfoque distinto que non confunda no papel que están a facer no concello, e que non personalice os apoios máis aló de excepcións para evitar innecesarios agravios comparativos, e que sexa un foro de debate sen perigos inútiles.

O posicionamento do grupo municipal do Partido Popular, vai ser de abstención entendida como cuestionamento da oportunidade de tratar este tema aquí nestes termos, e non entra a concelleira a valorar o contido, pero como María Corral e muller, fora ten todo o seu apoio.

O Alcalde, anuncia un receso de 5 minutos.

Dona Goretti Sanmartín Rei, anuncia que van permitir que se vote por puntos, e suprimir para intentar non manter cuestións que lle poidan supoñer problemas ao concello, van suprimir a parte final do acordo un, “e que cese nas actuacións discriminatorias por razóns de xénero”, elimínase iso do acordo.

O Sr. Alcalde, di que se suscitan unhas dúbidas durante o debate, e consultado o secretario, e da a recomendación para que o campo legal da toma de posición política,

teña todas as garantías, e por iso se fixo eses cinco minutos de receso, para que fose aclarado por parte do secretario.

O Secretario, aclaro que o grupo que presenta a moción pode retirar unha parte da mesma.

Dona Marta Lois González, toma a palabra e di que dende o grupo municipal de Compostela Aberta queren mostrar o apoio á traballadora afectada e saúdaa a ela e ao seu acompañante que están presentes na sesión plenaria.

Continúa a dicir a señora Lois que dende o grupo de Compostela Aberta, e feitas estas pequenas modificacións ante as dúbidas legais, están de acordo na totalidade coa moción presentada polo BNG, tanto coa argumentación esgrimida na exposición de motivos, como cos acordos propostos.

Engade que o comportamento da empresa a que se fai mención, vulnerando dereitos da traballadora, discriminándoa e acosándoa por razóns de xénero, especialmente pola condición de ser nai, a parte de condenable, lamentable e incrible no século XXI, que unha empresa poida actuar desa maneira, negar o dereito a unha traballadora á redución de xornada de traballo por motivos da crianza dun bebe, e ademais neste caso, con importantes problemas médicos, e pedirlle a esa mesma traballadora que abandone voluntariamente o seu posto de traballo, e que regrese cando teña a filla criada.

Cando a traballadora defende os seus dereitos, a empresa recorrer directamente ao exercicio da violencia sobre ela, xerando o que a inspección de traballo denunciou como situación de mobbing, psicoterrorismo ou acoso laboral.

Segue a dicir dona Marta, que hai que lembrarlle á devandita empresa que non só está atentando contra os dereitos dunha muller traballadora, se non que está a atentar contra os dereitos de todas as mulleres que defenden o seu dereito á maternidade e a participar no mercado laboral.

Ás mulleres do presente, e a moitas antecesoras, que levaron a cabo unha loita incansable pola igualdade.

A empresa está a atentar contra todas as persoas, homes e mulleres que loitan pola igualdade.

Os poderes públicos, cre dona Marta, que teñen que reaccionar, deben esixir o cumprimento estrito da lexislación nesta materia, e facer todo o que está ao seu alcance, para que a terrible situación que leva vivido a traballadora cese.

Remata dicindo dona Marta, que a Dirección Xeral de Mobilidade debe actuar e revisar a súa actuación.

Apoia o grupo municipal de Compostela Aberta os acordos propostos, coa pequena corrección que se fixo.

Dona Goretti Sanmartín Rei, quere agradecer os apoios á moción.

Quere comentar soamente, dona Goretti, dúas cuestións:

A primeira, é que non pretende o BNG traer aquí conflitos laborais particulares. Entende que este é un caso, que o BNG, que ten que ver cos dereitos humanos básicos, que se inscriben tamén na loita pola igualdade.

É un conflito que está a sufrir unha traballadora, máis xa dixo dona Goretti na súa primeira intervención, que cantas mulleres, cantas traballadoras deste país lles está a pasar absolutamente o mesmo.

Pensa o BNG que por iso é o momento de poñerlle cara, e engade que isto ten que resolverse a través doutras vías, por suposto, da mobilización da rúa, da mobilización sindical e dos recursos que se poidan interpoñer a nivel xudicial.

Engade que todo o tema do acoso laboral está pechado, o único que está aberto é un proceso penal non menor, pero todo o tema de acoso laboral está pechado, son sentenzas firmes de fai anos, cun conflito máis que recoñecido, sendo a Inspección de Traballo quen fai uns cargos, acusacións que son gravísimas, e polo tanto, engade dona Goretti, que están por só enriba da mesa, é un conflito, dun dereito humano básico.

Aclara que aínda que se lle pon cara a este conflito, á algo que ten que ver cun dereito humano básico, e que ten que ver coa loita pola igualdade e con non consentir a violencia contra as mulleres, e moito menos contra as mulleres, cando toman a decisión libre de querer ser nais.

Dona Milagros Castro Sánchez, di que o grupo municipal Socialista votará favorablemente os puntos 1º e 2º, e no 3º absteranse.

Dona Mª José Corral, anuncia que o grupo municipal do Partido Popular vaise abster no conxunto da moción.

Trás o debate da moción do BNG para esixirlle a Hedegasa, SL a aplicación dunha política laboral non discriminatoria por razóns de xénero, o Pleno da Corporación acorda:

a) Por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, Partido Socialista e BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do Partido Popular:

Esixir da empresa de transporte de viaxeiros HEDEGASA, SL a aplicación dunha política laboral que respecte os dereitos das traballadoras.

Instar a respectar a igualdade nas relacións laborais nos servizos de transporte público de viaxeiros que xestiona baixo concesión administrativa.

b) Por 11 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (9 CA e 2 BNG) e 12 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as correspondentes ao Partido Popular e PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE):

Trasladar este acordo á Dirección Xeral de Mobilidade, instando ademais a que inspeccione e tutele o cumprimento da legalidade en materia laboral e de igualdade de xénero nos servizos públicos concesionados a HEDEGASA, SL.

O Sr. Alcalde, di que toca a quenda a outra moción do BNG, relativa a realizar un convenio de colaboración con monicreques Kukas.

Dona Goretti Sanmartín Rei, toma a palabra e comeza saudando a Don Marcelino Santiago e Dona Isabel Rey que están entre o público asistente á sesión e, así mesmo, tamén lles agradece que entregaran ao BNG e ao resto dos grupos un proxecto que trata de conseguir unha maior difusión, pero sobre de todo tamén, unha posibilidade de musealización, exposición e difusión, da realización de actividades e obradoiros e de por en valor un legado inmenso acumulado durante case corenta anos.

Os monicreques de Kukas, como todos e todas saben, foi a máis antiga compañía de teatro contemporáneo con marionetas de Galiza que nace xustamente en Compostela no ano 1979 e que ten un patrimonio e unhas potencialidades inmensas que están aí, que parece que poderían ser única e exclusivamente para cando haxa algunha actividade teatral, máis poderíase tirar de todo ese réditto que podería producir a cesión de todo ese material para o goce e as posibilidades que ten tanto dende o punto de vista educativo, dende o punto de vista pedagóxico, dende o punto de vista cultural, dende o punto de vista turístico e de conseguir un maior dinamismo.

Polo tanto, dende o BNG, coñecedores de que teñen a intención de facilitar que o Concello de Santiago se poida facer cargo, poida ter un espazo onde estean recollidos

todos estes monicreques, máscaras, cabezudos, xigantes, escenografías, manuscritos de obras.

Conxunto enorme de todo o traballo intenso feito pola cultura galega, feito dende unha perspectiva de universalizar o teatro galego, de compromiso co idioma e a cultura galega, coa súa creatividade, e xustamente, dende esa perspectiva, pensan que é moi interesante que dende o Concello de Santiago, se poida realizar ese convenio colaboración, que se estude, para que se poida chegar canto antes a ese convenio, para que todo ese material sexa cedido, para poder ser difundido, e poder organizar unha serie de obradoiros e de actividades, de facer que haxa unha relación directa, con toda a veciñanza de Santiago de Compostela, sobre de todo, coa xente máis nova, que pode descoñecer en parte todo este legado, e o que significou historicamente para o país, viveza do país, diversificación da oferta cultural e, polo tanto, solicitan o apoio de todos os grupos con presenza na corporación.

Don Francisco Reyes Santiás, explica a postura do grupo municipal Socialista con respecto a moción presentada polo BNG.

Di que efectivamente, como ben explica a propia moción, estase ante unha das compañías máis senlleiras da cidade e sen dúbida unha das máis estables do panorama teatral galego.

Son trinta e oito anos de percorrido da compañía de teatro con marionetas, fundada en 1979, por Marcelino de Santiago e Isabel Rey Pousada, aos que lles dan a benvida e agradecen a súa presenza nesta sesión plenaria.

Monicreques de Kukas é moito máis que unha compañía de teatro con marionetas ao uso, xa que o seu traballo centrase na investigación e na creación de novos prototipos de marionetas, o que lles permite por en escena espectáculos de gran formato dirixidos a todo tipo de público.

Engade o señor Santiás, que o grupo municipal Socialista comparte a exposición de motivos do Bloque Nacionalista Galego, e tamén do punto de acordo da moción.

Consideran axeitada a redacción e aprobación dese convenio de colaboración co compañía de Kukas, e pensan que a musealización e difusión do legado da compañía non só debe servir para enriquecer a oferta cultural de Santiago, senón que tamén pode constituír unha ferramenta educativa e de lecer nas escolas tanto infantís como de niveis superiores, así como nos centros socioculturais de todo o concello.

O seu vencellamento con Galicia, coa cultura, coa historia e idioma galego, permiten afirmar que esta compañía conta con todos os requisitos para se converter nun referente para o conxunto da veciñanza de Santiago.

A cesión do legado de monicreques Kukas permitirá que o concello contase cun patrimonio de indudable valor e que de chegar a bo fin, poderá empregar para a realización de exposicións fixas e itinerantes, aínda que se pretenda dispor dun centro que xunte toda a súa obra, e para ensinar as nenas e nenos deste e doutros concellos, posto que se está ante un instrumento educativo e cultural.

Remata o señor Reyes a súa intervención manifestando o voto favorable agardando que o convenio sexa unha oportunidade para que o concello incremente a súa oferta cultural e educativa, cun patrimonio que ademais ten marca de carácter galego e de xeito específico compostelá.

Dona María Antón Vilasánchez, comeza a súa intervención dicindo que no ano 1979 Marcelino de Santiago, Kukas, e Isabel Rey Pousada fundan en Santiago de Compostela Monicreques de Kukas, compañía de teatro de marionetas máis antigas de Galicia, e unha das máis estables do panorama teatral galego.

O seu traballo centrase na investigación e creación de novos prototipos de marionetas que lles permiten realizar espectáculos de gran formato dirixidos a todo tipo de público.

Quen non coñeza Monicreques de Kukas, estas liñas textuais da páxina web de Incolsa, ao fío do espectáculo Quiquirixote estreado no Teatro Principal en maio de 2013, daranlle unha idea do que é e o que representa Kukas, e quen queira profundizar un pouco máis o facebook de Kukas ilustra o que é perfectamente a compañía.

Di dona María que coincide co señor Reyes, en que Kukas non é unha compañía ao uso, sempre se ocupou e preocupou de innovar e desenvolver, de tecer redes de colaboración con outros entes e organismos do campo das artes escénicas para ofrecer espectáculos vangardistas, diferenciados e para todos e todas, grandes e pequenos.

Kukas é un fixo da programación cultural da cidade de Santiago de Compostela.

O seu fondo de armario daría para coñecer o acontecido en Santiago e mesmo en Galicia nas últimas tres décadas, podendo facerse case un repaso da historia de Galicia dende o seu patrimonio.

Un espectáculo de Kukas sempre é unha sorpresa, e todas esas sorpresas fixeron deleite de todos e todas nun momento determinado e forman parte da historia da programación cultural de Santiago.

Lembra, a señora Antón, o espectáculo “Castelo da Rocha Vella”, onde Kukas visibilizaba o conto de Luciano García Alén, a quen queren lembrar dende aquí, mentres a Real Filharmonía interpreta a música de Amador Santos Bartolome baixo a batuta de Maximino Zumalave, non pode haber máis cidade no devandito espectáculo.

Por iso, ao grupo municipal do Partido Popular parécelles acaído que o goberno municipal realice as accións necesarias para que todo o legado da compañía poida engrosar a oferta cultural de Santiago, coa súa exposición, difusión e musealización, e por todo iso, darán o voto favorable do seu grupo á moción do Bloque Nacionalista Galego, a pesares de non contar o seu grupo coa documentación que comentaba a señora Goretti ao principio da súa intervención.

Dona Marta Lois González, di que en primeiro lugar quere sumarse á benvida a Isabel Rey e a Kukas.

A situación do legado da compañía de Monicreques Kukas, é un exemplo característico do que sucede co patrimonio escénico das compañías da cidade, que polas súas orixes e traxectorias son pezas claves para contar a historia do teatro galego, por en, reivindicar e gardar o seu legado é motivo de fonda preocupación para o goberno de Compostela Aberta e anuncia o seu voto favorable.

Quere facer dona Marta Lois unha breve contextualización da situación.

Kukas e Cachirulo son dúas compañías senlleiras do teatro de títeres e obxectos.

As dúas compañías custodian un gran patrimonio escénico, froito do seu labor durante décadas de actividade constante, e ambas as dúas propuxeron ao Concello de Santiago a posibilidade de cesión do seu patrimonio para crear un proxecto ambicioso, necesario e tamén custoso. A casa, o museo do monicreque en Compostela.

Esta reivindicación concrétase nun intre de celebración dos trinta anos de traballo do teatro do Noroeste e da compañía Chévere.

Segue a dicir a señora Lois, que o ano pasado a compañía Matarile teatro celebrou durante unha semana de programación continúa, o seu trinta aniversario no Teatro Principal.

Hai dous anos celebrouse a trintena do Teatro do Atlántico, e dentro de dous celebrárase o trinta aniversario do Teatro do Morcego.

Ademais de celebrar, o goberno de Compostela Aberta, quere impulsar unha fonda reflexión sobre o patrimonio escénico das compañías históricas e que dita reflexión sexa extensiva a todos os grupos da Corporación.

Débese, entre todos, pensar e accionar sobre a memoria e legado de diversos proxectos artísticos ligados vitalmente aos seus creadores, e que están reivindicando a necesidade de buscar e conseguir entre todas as administracións unha resposta conxunta para impulsar a garda, protección e difusión do patrimonio das compañías históricas de Compostelas.

Compañías que son claves para entender a memoria histórica do teatro galego contemporáneo.

Compostela Aberta propón un acordo de apoio decidido e conxunto entre administracións, que ten que consolidarse coa entrada no futuro convenio da Xunta de Galicia, nomeadamente coa Consellería de Cultura a través do AGADIC e do Centro Dramático Galego, coa Deputación da Coruña e tamén incluír o Ministerio de Cultura.

Os catro niveis institucionais municipal, provincial, autonómico e estatal deberán sumar esforzos para poder abordar a situación complexa do patrimonio escénico das compañías históricas.

Dende o goberno de Compostela Aberta, acreditan esa vía de colaboración, para lograr entre todos, asumir un proxecto posible, e no futuro lograr salvar o patrimonio escénico contemporáneo ligado a Santiago de Compostela.

En relación a esa liña de acción e a futuras decisións vencelladas a convenir coa compañía de Monicreques Kukas a concellaría de acción cultural mantivo unha reunión o pasado mes de setembro cos seus directores, onde se comprometeu a atopar e posibilitar un espazo municipal para asumir un traballo de mostra sobre o legado da compañía, e reforzalo cun ciclo de actividades didácticas para difundir a mostra.

A administración municipal non pode facerse cargo en solitario dun convenio que abrangue a cesión, musealización, exposición e difusión continuada da compañía Kukas ou de Cachirulo.

Os legados destas compañías precisan dunha resposta conxunta das administracións para salvar o seu patrimonio e que sexa difundido no tempo, precisan dunha resposta colaborativa, por iso dende o grupo municipal de Compostela Aberta piden a resposta de todos os grupos do pleno para que ese acordo sexa unha realidade, e atopar un proceso de apoio compartido que posibilita unha acción de colaboración conxunta.

Remata a señora Lois dicindo que queren un acordo para impulsar unha acción compartida entre distintas administracións, para salvar a memoria íntegra do teatro galego contemporáneo en Compostela.

Dona Goretti Sanmartín Rei, agradece apoio de todos os grupos, pensa que se esta a dar un gran paso, e un gran paso na liña que comentaba dona Marta Lois, considera dona Goretti que é importante para este e para moitos dos proxectos apoiados nun lugar como Santiago de Compostela, é necesaria a colaboración entre as distintas administracións, por suposto, que ese ten que ser o camiño, pero cre, que dando o primeiro paso, dialogando, falando con toda esa vontade que teñen as persoas que están aquí hoxe, e seguramente, tamén, as persoas doutras compañías, que tamén estean con esa mesma disposición, dese legado importante, buscar eses locais posibles, esas posibles maneiras de xestionar, de coordinar, de facelo.

Engade dona Goretti que hai que empezar por algún lugar, e cre que comezar con Monicreques de Kukas, é un luxo para a cidade.

A moción do BNG o que pretende é deixar en evidencia que cousas como esta non poden quedar nun caixón, teñen que converterse en realidade, e para iso hai que comezar a traballar.

Remata dicindo a concelleira que espera que a partir de hoxe, acaben todos e todas remando na mesma dirección.

Dona María Antón Vilasánchez, soamente quere darlle a benvida a Marcelino e a Isabel, que non o fixo na súa primeira intervención.

Tras o debate da moción do BNG relativa a realizar un convenio de colaboración con monicreques Kukas, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda realizar un convenio de colaboración con Monicreques Kukas para a cesión, musealización, exposición e difusión do legado desta compañía histórica de teatro co fin de enriquecer a oferta cultural de Santiago de Compostela.

O Sr. Alcalde, di que toca a quenda a outra moción do BNG, contra a exclusión sanitaria.

Dona Goretti Sanmartín Rei, en primeiro lugar quere dicir que este tema non é a primeira vez a este pleno, e un tema como este reitérase por varias razóns:

Unha delas que non deben esquecerse das consecuencias do que supuxo a reforma sanitaria a que fai mención a moción, do que supuxo de vulneración dun principio

fundamental, ese principio de universalidade no acceso á atención sanitaria, e ademais porque coñécense casos graves de vulneración dos dereitos, dos dereitos básicos sanitarios que están a acontecer na área e no Concello de Santiago de Compostela.

Saben que se están a reiterar, que non se solucionaron, os problemas que poderían existir arredor, xustamente, da reforma, e cre que deben ser todos e todas conscientes, e porque existe unha petición clara por parte de distintos colectivos, de distintos movementos, de distintas organizacións que están a levar a cabo unha campaña de visibilización dos problemas que causa a aplicación do Real Decreto, as súas consecuencias no caso concreto de Galiza, e a necesidade de que todos e todas sexan conscientes, e tamén dende as institucións da necesidade da súa derogación, da necesidade de seguir insistindo nesa liña, concretamente e neste caso, SOS sanidade pública aquí tamén representada por Xosé Díos, e agradecéselle a súa presenza.

O certo, é que o Real Decreto Lei 16/2012, para moitas persoas, e para moitos grupos políticos que defenderon a súa derogación, baseouse en dous elementos que son falsos.

Un elemento de intentar ver, que era insustentable por completo a atención sanitaria universal tal e como estaba, que era insustentable ese sistema como se fose mellor ou máis barato ir ao sistema de facer a prestación por urxencias de maneira extraordinaria e non nunha situación absolutamente normalizada, e tamén, pola outra falacia que continuamente están metendo e facer que se crea, de que a xestión privada é máis eficiente.

Todos e todas saben que iso non é así, e estase a xerar unha situación dramática que deixa a cantidade de persoas sen dereitos sanitarios básicos e nunhas situacións de exclusións sociais fortísimas.

Polo tanto, a exclusión, mesmo que alguén a queira presentar como legal, o BNG considera que non é lexítima, dende logo non é ética, e non pode ser invisibilizada, e hai que conseguir entre todos e todas contrarrestala.

Engade dona Goretti, que moitas comunidades autónomas xa puxeron en marcha distintas ordes e instrucións para que fora contrarrestada, o certo é que no caso galego o programa galego de protección social e da saúde pública non é máis que un parche, un parche que non funciona ben, porque hai vulneracións constantes, tanto por falta de formación e información do persoal administrativo, falta de protocolos, un absoluto tratamento que acaba sendo moitas veces caótico, e non existe realmente unha cuestión que solucione un problema, que é un problema gravísimo, que é un problema que ademais atenta contra dereitos básicos.

Non se debería estar falando a estas alturas deste século, falando dun sistema de saúde que exclúe a persoas, que non atende ás necesidades das persoas que non teñen recursos, que é un sistema discriminador completamente.

A única maneira de abordar este problema, é ir á raíz, a raíz do problema, e iso é o que están a pedir moitos colectivos, e o que quere tamén unha parte moi importante do persoal sanitario, das persoas que se enfrontan día a día a esta situación.

Por todo iso o BNG propón, e máis sabendo que o problema esta a ser constante, e son coñecidos diferentes casos nas proximidades, de dramas humanos a este respecto, queren facer chegar ao conxunto da corporación, que se adopte o acordo que aparece reflectido no texto da moción.

Don Francisco Reyes Santiás, quere agradecerlle en primeiro lugar a súa presenza a Xosé Díos como coordinador da plataforma Sos-Sanidade Pública para a área de Compostela.

Dille o señor Reyes a Goretti, que efectivamente non é a primeira vez que isto ven aquí, tense debatido bastantes veces.

Engade que dende o punto de vista do PSdeG-PSOE, isto volve unha vez máis, porque non se resolveu o problema, esa é a realidade.

O día 1 de setembro de 2012 entrou en vigor o RDL que regulaba a condición de asegurado ou beneficiario da asistencia sanitaria pública en España, o que era unha auténtica regresión sanitaria, porque o que facía era deixar de ser un sistema nacional de saúde, para voltar a ser novamente, un sistema de seguridade social.

Excluía aos chamados inmigrantes sen papeis, os que soamente se lles atende en caso de urxencia por enfermidade ou accidente, durante o embarazo, parto ou postparto, aos menores de idade ata cumprir os dezoito anos.

Segue a dicir o señor Reyes, que hai que engadir que os que xa recibían ata aquel momento un tratamento crónico, continuaron sendo atendidos, pero iso, non foi garantido a partires de setembro dese ano.

Médicos del mundo ten feito unha valoración de que hai aproximadamente, en base a datos do INE, seiscentas mil persoas sen papeis no país, ese é o drama humano que existe e ten número.

O Real Decreto 576/2013, estableceu un sistema de convenio mediante unha póliza privada para acceder ao sistema de sanidade público español dirixido aos inmigrantes

que estiveran empadroados un ano como mínimo nalgunha comunidade autónoma e que non foran beneficiarios do sistema de sanidade pública.

A cota que se establece no devandito Decreto, para recibir a cobertura sanitaria pública é máis cara que a de moitos seguros privados do país.

A medida adoptada non ten xustificación, en primeiro lugar, porque non é certo que os inmigrantes sen papeis non paguen impostos, porque pagan o IVE en todos os produtos que consumen, ao igual que pagan os impostos sobre hidrocarburos porque están repercutidos.

Non é certo para nada o gasto sanitario que supoñen, Médicos del Mundo fai un cálculo aproximado duns 778 millóns de euros para esas seiscentas mil persoas, pero hai que dicir que moitos deles xa serían para menores de idade, mulleres embarazadas, etc., e é certo que a maior parte do gasto sanitario atribuído corresponde a gastos fixos, que se atenda a estes inmigrantes ou non hainos que pagar, polo tanto iso, segundo o señor Reyes, é unha falacia.

Como outra falacia é que hai un abuso da asistencia sanitaria por parte do colectivo.

Con respecto a isto hai varios traballos, un deles na Comunidade de Madrid, que é máis que rotundo, en todas as partidas estudadas, consumo de medicamentos, visitas a consultas e hospitalizacións, as persoas estranxeiras consumen menos que a poboación española.

Un estudo de fondo de investigación sanitaria mostra as diferenzas de utilización e impacto nos servizos sanitarios da poboación inmigrante e autóctona en Madrid. A investigación deu como conclusión que o colectivo de inmigrantes en situación irregular, está constituído polos individuos máis xoves e con menor carga de enfermidades, e consecuentemente son doentes con menor consumo de recursos en todos os parámetros analizados, sendo o seu impacto nas proporcións dos diferentes consumos moi inferior ao peso real e ao volume dos pacientes atendidos.

Fronte ao 58% da poboación española e que ten acudido polo menos unha vez no período dun ano nos servizos de atención primaria, só o fixo o 13% da poboación inmigrante.

A poboación inmigrante, por non ter acceso á sanidade teñen aumentado, por exemplo o nivel de tuberculose, que é particularmente prevalente en Latinoamérica, e todos e todas saben, que a detección, tratamento e investigación se podería ter detectados nas consultas primarias. Resulta lamentable que un inmigrante sen papeis morra no país, e

figure España na revista médica Lancet, insiste o señor Reyes, e di que é lamentable ter que pasar por iso.

Fálase de tuberculose, do virus de hepatite B, ou fala de infeccións de transmisión sexual.

Dille o señor Reyes a Goretti que a proposta que esta a facer o BNG non é ilegal, nin alegal, porque mentres que algunhas comunidades autónomas como Andalucía, Asturias, Baleares, Extremadura, prestar os servizos das tres carteiras, a básica, a accesoria e a suplementaria; outras como Galicia soamente dan a básica e a suplementaria, e hai algunhas que non dan, nada máis, que a básica.

Polo tanto, iso quere dicir, que si existe posibilidade de cumprir a lei atendendo a todas estas persoas.

Remata dicindo o señor Reyes, que o grupo municipal Socialista vai votar favorablemente a moción do BNG.

Don Claudio Montiel Carracedo, comeza a súa intervención dicindo que en Galicia é preciso lembrar que se deseñou un instrumento que é o programa galego de protección social da saúde pública, que dende a entrada en vigor do Real Decreto Lei 16/2012, permitiu seguir atendendo ás persoas que non reunían a condición de aseguradas ou beneficiarias, e que non tiveran acceso as prestacións sanitarias por outros medios.

Continúa a dicir o señor Montiel, que foi Galicia en setembro de 2012 a primeira comunidade en desenvolver un programa para dar cobertura sanitaria á poboación inmigrante que non teña regularizada a súa situación, isto é para garantir a continuidade asistencial das persoas que non estaban autorizadas nin rexistradas para residir en España, pero si residían en Galicia.

Dende esa data na Consellería de Sanidade estase a traballar con ONGs entre as que se atopa Médicos do Mundo, e o Foro Galego de Inmigración, para mellorar a información e disposición do colectivo de persoas inmigrantes que se atopan en Galicia e no seguimento do programa.

A implantación do programa priorizou en todo momento a continuidade asistencial dos inmigrantes, asegurando que quen o precisara puidera recibir a asistencia necesaria.

A solicitude de inclusión no devandito programa pódese levar a cabo de forma sinxela en calquera dos centros de saúde do SERGAS.

Por outra banda as distintas ONGs que colaboran coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia teñen facilitados os contactos telefónicos das unidades de tarxeta sanitaria periférica ou dos servizos centrais para resolver calquera dúbida ou incidencia que se poida producir no proceso, non quedando sen resolver ningunha das consultas trasladadas ata a data.

Os requisitos esixidos para poder acceder ao Programa Galego de protección da saúde pública son: non ter dereito á asistencia sanitaria coa condición de asegurado ou beneficiario, nin ter subscrito un convenio especial, nin poder exportar o dereito dende o seu país de orixe ou procedencia, ter residencia estable en Galicia con empadramento igual ou superior a 183 días e non dispor de ingresos anuais superiores ao IPREM que en 2016 a contía era de 7455 euros.

Segue a dicir, que as cifras de persoas que se incorporaron aos programas de acollemento para ter acceso á sanidade pública galega, hai que lembrar que dende a súa creación, 2904 inmigrantes participaron no programa, deles 1645 teñen na actualidade acceso á sanidade pública en Galicia a través do devandito programa, e ademais, 1177 máis accederon dende o devandito programa ao aseguramento ordinario como traballadores do réxime xeral, autónomos activos e perceptores de rendas de integración social ou beneficiarios.

Existen outros programas complementarios do Plan galego de protección social, salientando o de atención aos menores estranxeiros, en situación administrativa irregular, que teñen acceso directo ao sistema sanitario público de acordo co previsto no Real Decreto 16/2012, 6248 menores están baixo esa cobertura na actualidade, así como o programa de enfermidades transmisibles, polo que calquera inmigrante en situación irregular que non teña, nin poida ter cobertura por outro medio, e con sospeita dunha enfermidade infecciosa, recibe asistencia sanitaria pública.

Continúa a dicir o señor Montiel, que cando o Partido Popular chegou ao goberno do estado español no ano 2012, todos os países da contorna desenvolveron programas de eficiencia para facer sostibles os seus sistemas sanitarios, con todo en España sete anos de goberno Socialista non deron resposta a este reto, e con iso, puxeron en serio risco a pervivencia do sistema de saúde, a débeda sanitaria tivo un aumento do 173%, e superáronse os dezaseis mil millóns de euros.

Non existía marco legal que regúlase o acceso a sanidade pública e douscentos mil españois non tiñan dereito a asistencia sanitaria, fundamentalmente quen peor o estaba a pasar eran os parados sen prestacións e profesionais con mutualidades alternativas á Seguridade Social.

O que fixo o goberno do Estado foi afrontar a situación, simplificando estruturas e eliminando duplicidades e racionalización do gasto, pero sempre preservando os recursos directamente destinados á atención das persoas.

España conta nestes momentos cun dos mellores sistemas sanitarios do mundo, e por fin, sentáronse bases sólidas para garantir o seu futuro.

Así mesmo, España conta cun sistema sanitario máis xusto, no que un millón de persoas desempregadas e as súas familias, que antes pagaban o 40%, están por primeira vez exentos de pagar as medicinas.

España conta cun sistema sanitario máis universal, ao que teñen acceso todos os españois e residentes no país con setecentas mil tarxetas sanitarias máis, que ao principio da lexislatura.

Púxose freo ao turismo sanitario.

Garántese o acceso dos máis vulnerables á asistencia sanitaria máis xenerosa de toda Europa.

Así mesmo, España conta cun sistema sanitario máis equitativo, cunha nova carteira común básica da servizos, que garante as mesmas prestacións para todos os pacientes en base a criterios exclusivamente científicos e técnicos.

Remata a súa intervención o señor Montiel, afirmando que en definitiva, o servizo nacional de saúde, é o que ofrece a cobertura máis ampla de toda Europa, e aínda que a vía de acceso sexa a través da atención primaria, no caso de requirirse asistencia especializada ou hospitalaria, ou un tratamento farmacolóxico durante un ingreso, será facilitado en todos os casos.

Dona Concepción Fernández Fernández, manifesta o seu total acordo coa moción do BNG, que efectivamente ven a sumarse como xa expuxo dona Goretti, ven a sumarse a outras mocións xa presentadas neste pleno tanto polo BNG, como polo PSdeG e CA, en apoio á Rede Galega en defensa do dereito a saúde, a SOS Sanidade Pública, que aproveita para saudar a Xosé Díos, e ao Foro Galego de Inmigración.

A exposición de motivos do texto da moción do BNG pon en evidencia, unha vez máis, que o Real Decreto 16/2012 vulnera a declaración universal dos dereitos humanos no tocante a un dereito fundamental como é o acceso a saúde a coidados sanitarios e tamén vulnera os principios constitucionais de igualdade e non discriminación.

Ademais de ser inhumana e cruel, é inxustificable dende un punto de vista técnico e tamén económico.

Os informes cualificados, como o da Axencia Europea de dereitos fundamentais non só din que os sistemas públicos de saúde e cobertura universais son os máis xustos e garantes de dereitos fundamentais, pero tamén din, que son os menos custosos, os máis baratos a longo prazo en termos económicos, porque protexen a saúde, e está comprobado que a atención primaria é máis barata que a atención en urxencias ou en agudos.

O Real Decreto 16/2012, vulnera os principios de igualdade e universalidade no acceso, e crea desigualdades e exclusións sanitarias intolerables, que foron obxecto de denuncias en diversas comunidades autónomas, e que foron corrixindo as vías tortuosas de acceso.

En Galicia Médicos do Mundo di que hai nestes últimos catro anos máis 2500 persoas que ven vulnerado o seu dereito de acceso á saúde, e por iso que o Concello de Santiago de Compostela asinou un convenio con Médicos do Mundo para acompañar e superar nos tortuosos obstáculos que padecen diariamente as persoas inmigrantes, que están sen regularizar.

Son as comunidades autónomas con competencias as que poden mudar as cousas, non aplicando o Real Decreto, e instando ao goberno do Estado a derogalo.

Remata dando o apoio total do grupo municipal de Compostela Aberta á moción do BNG.

Dona Goretti Sanmartín Rei, agradece os apoios dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e de CA.

Quere dona Goretti facer dúas pequenas aclaracións con respecto ao comentado polo señor Montiel.

Por un lado, é evidente que hai persoas que non cumpren os requisitos do Programa Galego de Protección Social e Saúde Pública, e o BNG está a falar da necesidade de que o acceso ao sistema sanitario sexa universal, e de por qué foi eliminado o dereito.

Aclara dona Goretti, que se o que quixeron facer con este Real Decreto foi crear distintas celas, distintos tipos e dividir a sanidade pública, pero é evidente que hai xente que queda fora da sanidade pública, e insiste que o problema dos menores é gravísimo, hai moitísimos menores que quedan fora das posibilidades que hai de asistencia, e logo hai persoas para as que é unha peregrinaxe continúa andar buscando, falta para acollerse

ao programa que estableceron, como xa comentou na súa primeira intervención, información, formación, protocolos, etc.

O problema segue a estar no fondo, recalca dona Goretti, e xa o comentaba ela cos compañeiros do grupo Socialista e de Compostela Aberta, o problema é que detrás da exclusión das persoas inmigrantes está todo nunha formulación máis global que hai anos que se ven padecendo, que é a destrución da sanidade pública.

O que se está a facer é promover sen ningunha vergoña, sen ningunha ocultación, o aseguramento privado como solución, e deixar deteriorar os servizos públicos, ese é o problema de fondo.

A solución é moito máis doada, acceso universal, sistema non discriminatorio e que se atendan as necesidades de todos e todas.

Don Francisco Reyes Santiás, lembra que as primeiras comunidades autónomas que ditaron instrucións e que ademais deron dende un principio cobertura total foron Asturias e Andalucía, pero non Galicia.

En Galicia, por parte de Médicos del Mundo, identificaron practicamente 2500 casos de vulneración, que a universalidade total coa incorporación desas duascientas mil persoas ao sistema público non se debe ao Partido Popular se non á lei xeral de saúde pública do goberno do Partido Socialista.

Remata dicindo, que diga o Partido Popular que os mellores de sanidade se teñen agora, o sistema nacional de saúde deste país é tremendamente eficiente macroeconomicamente dende fai moitos anos, e cuns resultados en saúde que están publicados e poden ser coñecidos por todos e que mesmo nas listaxes da Organización Mundial da Saúde, estiveron mesmo no posto número sete, polo que demostrou que era tremendamente eficiente.

Unha vez concluídas as intervencións en relación á moción do BNG, contra a exclusión sanitaria imposta polo Real Decreto Lei 16/2012, petición da súa derogación e restitución do acceso universal ao sistema sanitario, o Pleno da Corporación, por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do BNG, Compostela Aberta e Partido Socialista (2 BNG, 9 CA e 3 PSdeG-PSOE), e 9 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

- 1. Instar á Xunta de Galicia a non aplicación do Real Decreto Lei 16/2012 no noso país.**
- 2. Instar ao Goberno do Estado a derogar o Real Decreto Lei 16/2012.**

3. Enviar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, Presidente do Goberno do Estado e Portavoces dos grupos políticos do Parlamento Galego.

O Sr. Alcalde indica que toca a quenda á moción do grupo Popular sobre control e execución do programa “Compostela Máis”.

Dona M^a José Corral López, toma a palabra para facer defensa da moción presentada polo seu grupo, e comeza dicindo que a través da devandita moción solicitan do goberno que faga públicos, e que se faciliten os datos detallados da execución dos programas sociais “Santiago Suma” e “Compostela Máis”, dende a entrada en vigor ata o 31 de decembro de 2016, nos termos expostos na moción.

Engade dona M^a José, que á vista do mal funcionamento do programa social “Compostela Máis”, evidenciado no dato constatable de que ao seu amparo non foi concedida ningunha axuda, nin renda de ningún tipo nin no ano 2016, nin no que vai do ano 2017, fala de concesións.

Solicitan dende o seu grupo, que se constituía a Comisión de seguimento prevista na ordenanza, designando en primeiro lugar os membros da mesma, e tras a súa constitución se sinale día para a primeira xuntanza, nos termos previstos na propia ordenanza e poder alí analizar as causas de falta de operatividade do programa e aportar solucións compartida dende cada un dos grupos políticos, e do corpo técnico da concellaría de política social.

Dona Goretti Sanmartín Rei, dende o BNG están de acordo coa moción no primeiro dos puntos do acordo, no de constituír á maior brevidade posible a Comisión mixta, considera o seu grupo que iso é totalmente necesario, e xa foi reivindicado.

A segunda proposta da moción, entenden dende o BNG, que por suposto eles xa o exerceron dende o BNG con preguntas ao respecto ao goberno municipal, de cantas solicitudes houbo, cantas foron admitidas, cantas excluídas, etc., e por certo que considera que teñen o dereito a ter ese coñecemento.

Cre dona Goretti que non lle ven moito sentido en que pode servir para difundir o programa que iso sexa en que se elabore iso para a súa difusión pública, unha cousa é que os grupos municipais coñezan todos eses datos, e outra cousa, é que dende a perspectiva do BNG, para que iso funcione mellor, o que sería lóxico é que houbese unha maior información e publicidade do que son os contidos claros das posibilidades para solicitar a renda municipal. Facer unha campaña forte de publicidade.

Sen embargo, non ve dona Goretti, que haxa que entrar en cuestións de comparacións, en cal si ou non, por iso, o BNG solicita se é posible votar por puntos.

Dona M^a José Corral López, contéstalle a dona Goretti, que non teñen problema.

Dona Milagros Castro Sánchez, manifesta que o grupo municipal Socialista non se vai opoñer a calquera petición que poida facer un grupo da oposición, para realizar a súa función de control e fiscalización ao goberno.

O primeiro punto do acordo da moción, é un rogo para que se constitúa a Comisión mixta da ordenanza de garantía básica.

O segundo punto do acordo, é unha solicitude de información que se recolle no artigo 18 do Regulamento do Pleno, na que se lle pide ao goberno datos e detalles relativos á execución dos programas “Santiago Suma” e “Compostela Máis”.

Di dona Milagros, que o seu grupo quere deixar constancia, de que a posta en marcha dunha ordenanza de garantía básica cidadá, non deberá ser obxecto de exhibición para ver quen ten máis sensibilidade social, hai que reflexionar, isto xa se dixo noutras ocasións, que estes temas deben ser afrontados polo conxunto da Corporación, de maneira consensuada e intentando iso si que se melloren no posible.

Engade dona Milagros que todos e todas levan peso nas súas mochilas, e para non botar máis leña ao lume, non vai lembrar quen propuxo ao goberno do Partido Popular o programa Santiago Suma, pero así mesmo manifesta, que do mesmo xeito que se pon enriba da mesa a evidencia clara da falta de eficiencia e xestión da posta en marcha da actual ordenanza por parte de Compostela Aberta, tamén hai que recoñecer que dende outubro de 2016 isto non fixo máis que empezar, recorda dona Milagros, que queda moito camiño por percorrer, e estarán para seguir insistindo na necesidade da posta en marcha de máis prestacións, e evidente que se necesita mellorar.

O que non entende o grupo municipal Socialista é a comparativa a estas alturas entre ambas ordenanzas, tendo en conta ademais, que a xestión do Santiago Suma realizada polo Partido Popular cos datos que hai tampouco foi para botar foguetes.

Remata dona Milagros, dicindo que queren facer pública a denuncia do seu grupo a respecto do uso que neste momento Compostela Aberta está a facer da campaña “Compostela Máis”.

Campaña institucional coa que se está a dar a coñecer a ordenanza municipal de garantía básica cidadá, e fai uns días Compostela Aberta publicaba un folleto no que se pretende dar a coñecer á cidadanía os orzamentos de 2017, utilizando o mesmo lema da campaña institucional en vigor, ao grupo Socialista isto non lle parece moi ético, e cren que polas formas ás veces pérdese a razón, consideran que non é bo nin confundir nin mesturar.

Reitera o voto favorable do grupo municipal Socialista á moción do grupo Popular.

Dona Concepción Fernández Fernández, indica que tamén vai ser breve, e en relación a primeira petición de constituír a Comisión Mixta da ordenanza de garantía básica cidadá, dille a señora Corral, que esta comisión será convocada cunha periodicidade semestral, e ata o momento só van tres meses dende a súa entrada en vigor a ordenanza.

Sinala dona Concepción, que con respectos ás valoracións que se fan de que é inoperativa, cre que non é nada novo, e a mesma moción que o Partido Popular fai e coa mesma valoración na Coruña, e supón que fará en todos os outros concellos que non goberna.

Así mesmo, di dona Concepción que sobre a petición de datos solicitados, non hai ningún problema en que sexan trasladados con máis detalle.

E en canto á campaña de publicidade, di que efectivamente esta lanzada unha campaña de publicidade que consiste basicamente na edición de guías con preguntas e respostas para que teña coñecemento a cidadanía, e a web onde se accede as cuestións máis básicas e a documentación para iniciar o proceso de solicitude.

Completoouse a primeira solicitude a finais de outubro, e na data actual hai tramitados sesenta e dous, dos cales cincuenta expedientes corresponden a 2016 e doce a 2017, deles vinte e tres son rendas e trinta e nove prestacións de rescate social, maioritariamente para aloxamento as de rescate social.

Está feita unha proposta de gasto de aproximadamente quince mil euros.

Remata dicindo a concelleira, que coa implementación da ordenanza “Compostela Máis” tamén se está a mudar o modelo de xestión, devolvendo as solicitudes e a tramitación as unidades de traballo social, por iso se reforzaron os servizos sociais comunitarios con dúas traballadoras sociais e unha educadora, e están pendentes de reforzar os servizos administrativos cunha técnica de xestión e persoal administrativo.

Engade dona Concepción que nestes tres meses desenvolvéronse protocolos, preparouse o convenio coa USC para atención bucodental e avanzouse na tarxeta social, e presupostouse o deseño de novas ferramentas informáticas para que a tramitación e a resposta sexan máis áxiles.

A concelleira di que asumen que deben e van intentar mellorar.

Dona M^a José Corral López, dille a concelleira do grupo municipal Socialista, a Dona Milagros, que xa sabe que lle molesta e incomoda a súa presenza, intervencións e mesmo o contido, pero indícalle que iso é o que hai.

Cando di que o Santiago Suma non funcionou na súa xestión, di dona M^a José, que pode ser, entrou en vigor en xuño de 2015, cando o grupo Popular perdeu as eleccións.

Engade, que a valoración que se fai da operatividade da renda, é obxectiva, di que se quixese ser subxectiva podería selo, pero non o vai ser.

E con relación á guía, di a concelleira que lle parece moi ben, pero gustaríalle que se corrixisen algúns datos, porque, por exemplo hai unha definición errada do que se entende por familia ou unidade de convivencia, di que forman parte ata o segundo grao de consanguinidade e afinidade e dise que son os bisavós e non o son, e dise que son os tíos e non o son, e pola contra non están os irmáns que si o son, entón o que lea isto vaise confundir.

Dona Goretti Sanmartín Rei, soamente aclarar porque igual entendeu ela mal o da difusión pública e di que renuncia ao de votar por puntos.

A continuación procédese á votación da moción do grupo municipal do Partido Popular, sobre o control e execución do programa “Compostela Máis”, e unha vez rematado o mesmo, a votación acada o seguinte resultado:

O Pleno da Corporación acorda:

a) Por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, constituír á maior brevidade posible a Comisión Mixta da Ordenanza de Garantía Básica Cidadá.

b) Por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, do Partido Socialista e do BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, elaborar para a súa difusión pública e traslado aos grupos municipais, un informe cos detalles da execución dos programas “Santiago Suma” e “Compostela Máis”, indicando en cada un deles o número de solicitudes, o número de concesións, a tipoloxía da axuda, o seu importe, o seu estado de tramitación, o tempo transcorrido para cada aprobación e o grao de execución orzamentaria en cada un dos programas, en relación ao peche dos exercicios dos anos 2015 e 2016.

O Sr. Alcalde, di que están ante a última das mocións para a sesión plenaria de hoxe, que é o do grupo municipal Socialista.

Para a defender á moción o portavoz do grupo Socialista, **Don Francisco Reyes Santiás**.

Comeza a súa intervención dicindo que dende a semana pasada se está a vivir unha situación de saturación no servizo de urxencia no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, por mor da epidemia de gripe, se pasou de trescentas urxencias día a cincocentas urxencias día.

E iso pasa todos os anos, polo tanto todos os anos teñen eses niveis de saturación.

Son datos obxectivos, hai saturación cando os doentes teñen que esperar máis de catro horas en urxencias, a media nestes momentos son oito horas, ou cando se tarda máis de catro horas no ingreso cando xa existe a orde de facelo.

As causas da saturación son obviamente por falta de persoal, falta de espazo e falta de camas para ingresos.

En relación á falta de persoal é evidente, o que plantexan os propios profesionais é que serían necesarios entre un e dous médicos de urxencias máis nas quendas de mañá e tarde, o mesmo número de enfermeiros/as por quenda e tamén na noite.

Por outra banda, o problema de saturación e colapso por falta de espazo, e iso leva que os pasillos das urxencias estean cheos de camillas, co que se está a vulnerar claramente o Real Decreto polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas áreas de traballo, que di que as vías e saídas de evacuación teñen que permanecer expeditas e non estar obstruídas, o que se está claramente a incumprir.

Existe, así mesmo, un problema de camas, porque no Gil Casares hai nestes momentos trinta camas pechadas, máis catorce camas pechadas no anexo do Gil Casares, e quince no que foi o espazo de reanimación antiga, polo tanto, estase a falar de cincuenta e nove camas, que poderían ser abertas para darlle ingreso aos doentes que o necesitan e que están esperando nos pasillos de urxencias.

O grupo Socialista entende que todo isto é resultado dos recortes que se veñen producindo dende o 2010.

Dende ese ano deixouse de presupostar no capítulo I, en persoal, noventa e dous millóns de euros na área sanitaria de Santiago, e polo tanto iso é o resultado do que se está a vivir.

Solicita o grupo municipal Socialista:

A convocatoria inmediata urxente do Consello Sectorial de Saúde de Compostela e a comparecencia, así mesmo urxente, do Xerente da área integrada de Santiago para que informe sobre a situación de saturación das urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

E, así mesmo, instar á Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego da Saúde a que tome as medidas suficientes para evitar unha nova saturación e reverter a situación creada nestes días no CHUS.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, indica que o seu grupo presentou unha emenda e gustaríalle saber se o grupo Socialista acepta a mesma.

Don Francisco Reyes Santiás, indica que non aceptan a emenda, fundamentalmente, porque se existira, porque estivera constituído e ademais se reunirá o Consello de Saúde de área, sería o Xerente do Complexo Hospitalario, quen presidiría as reunións e, polo tanto, quen daría as explicacións, non está constituído, non se reúne, e polo tanto o grupo Socialista entende, que o Consello Sectorial de Saúde de Compostela, a institución que dalgunha maneira o abarca que é o Concello de Santiago, e todas as diferentes asociacións que están presentes, merecen que sexa o máximo responsable da área sanitaria que é o xerente que vaia a dar información e explicacións.

Dona Goretti Sanmartín Rei, indica que a descrición feita polo voceiro do grupo Socialista, é moi ampla, coincide o BNG coa mesma, e sobre todo, na problemática xurdida arredor dun momento en que xa se sabe ano tras ano, que vai pasar isto, en que falta previsión, e finalmente, hai unha situación de absoluto colapso, onde hai cantidade de xente que esta desexando traballar, e que poderían facer posible que estas situacións non se repetisen nunca máis.

Polo que apoia o BNG sen ningunha dúbida a moción do grupo municipal Socialista.

Don Claudio Montiel Carracedo, expón a posición do seu grupo en relación á devandita moción.

Comeza dicindo, que se está sen lugar a dúbidas, ante a época de epidemia de gripe.

Dende o grupo municipal Popular entenden a preocupación do grupo municipal Socialista e do señor Reyes, que tamén é a deles, e desexan a mellor atención posible na sanidade pública aos enfermos de Santiago, tanto en urxencias como nos distintos servizos do CHUS.

Con iso non quere dicir, engade o señor Montiel, que acepten de bo grao, os termos que ultimamente e sobre de todo estes dez últimos días, apareceron na prensa e nos medios

de comunicación en xeral, como colapso, como sobre pasada a capacidade de asistencia e outros termos similares empregados, por iso agradece ao señor Reyes que na súa primeira intervención suprimise a palabra “colapso” e falara de saturación.

Entende o señor Montiel que eses termos tanto “colapso” como “sobre pasada a capacidade” só conducen á alarma social, e a desmesura que iso xera.

Non negan dende o grupo municipal Popular que houbo unha saturación dos servizos de urxencias hospitalarios.

As saturacións como ben dixo o portavoz do grupo Socialista, están marcadas por unha serie de criterios que se cumpriron.

Continúa a dicir o señor Montiel, que dende a Consellería de Sanidade se tiña previsto perfectamente, todo o que podería supor unha epidemia de gripe, como todos os anos viña dándose, normalmente entre a última semana de xaneiro e a primeira de febreiro.

Este ano con condicións climatolóxicas non habituais en Santiago, fixo que se adiantara de forma clara esta aparición e que na última semana do mes de decembro se tiveran producido picos de asistencia e necesidades de asistencia a pacientes pola gripe na área de Santiago.

Segue a dicir o señor Montiel, que se diariamente hai sobre trescentos cincuenta pacientes diariamente no servizo de urxencias do hospital, chegouse a catrocentos e incluso a catrocentos cincuenta.

Di o señor Montiel que houbo días en que se cualificou como saturación do servizo de urxencias, onde non había máis de cinco persoas en espera.

Engade o señor Montiel, que en dez dos catorce centros hospitalarios asistencias, non houbo pacientes pendentes de ingreso.

Así mesmo indica, que na área sanitaria de Santiago hai unha especial tendencia a acudir a urxencias do CHUS para a maior parte das patoloxías, e unha grande parte das persoas poderían ser tido atendidas, perfectamente, a través dos seus sistemas da asistencia pública ou privada sanitaria, de primeira asistencia, ou ben acudindo aos PACs.

Ao redor de cerca do 55% da xente con gripe que acudiu ás urxencias e foi atendida sen vacinar, a pesares das campañas de prevención feitas na Comunidade Autónoma Galega.

Polo tanto, a prevención e a educación sanitaria da poboación reflicten unha vez máis o importantes que poden chegar a ser.

O servizo de urxencias mantén unha imbricación necesaria co resto do hospital, non é un servizo illado, o que implica que se necesitan accións simultáneas cos servizos de radioloxía, microbioloxía, medicina interna, laboratorios de análises, etc., iso quere dicir que non se pode dimensionar indefinidamente e que sempre haberá picos de necesidade de atención por moito planificación que se teña desenvolvido.

Dende finais de decembro aumentouse o número de persoal para a atención en urxencias.

Foi indicado por parte da xerencia que non haberá ningunha limitación de recursos físicos nin humanos para atender as necesidades que se presenten.

Dona Concepción Fernández Fernández, manifesta que concordan coa moción do PSdeG-PSOE na súa totalidade.

Así mesmo considera do grupo municipal de Compostela Aberta preocupante e insoportable a situación de colapso, de falta de previsión e falta de atención que estes días están a sufrir centos de persoas enfermas que acoden ás urxencias do CHUS, e que ten motivado a denuncia feita pola plataforma, SOS Sanidade Pública, a Asociación de usuarios do CHUS, e mesmo, o pronunciamento do persoal facultativo do servizo de urxencias, pedindo a rectificación pública do xerente da área sanitaria.

Remata dicindo que van apoiar a moción, e así mesmo, comprométese a facer a convocatoria urxente do Consello.

Don Francisco Reyes Santiás, fai unhas aclaracións a respecto do reforzo de persoal no servizo de urxencias, e remata agradecendo o apoio a moción presentada polo seu grupo.

Rematado o debate da moción do grupo municipal do Partido Socialista, en relación á saturación do servizo de urxencias de CHUS, e tras o mesmo, o Pleno da Corporación, por 14 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Socialista e do BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1. Solicitar a convocatoria inmediata e urxente do Consello Sectorial de Saúde de Compostela e a comparecencia, así mesmo urxente, do Xerente da área Integrada

de Santiago para que informe sobre a situación de saturación das urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS).

2. Instar á Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego da Saúde (SERGAS) que tome as medidas suficientes para evitar unha nova saturación e reverter a situación creada no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS).

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 22:55 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do Pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: Fco. Javier Castiñeira Izquierdo

